

de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 52. *Feito impoñible.*

Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización de espazos dos museos ou outras institucións culturais xestionados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polos seus organismos públicos adscritos.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.*

Engádese unha nova disposición adicional décimo oitava á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado, que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo oitava. *Réxime tributario do Museo Nacional do Prado.*

O Museo Nacional do Prado será considerado entidade beneficiaria do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, desta lei.»

Disposición derradeira quinta. *Réxime fiscal.*

O Museo Nacional do Prado quedará sometido ó mesmo réxime fiscal que lle corresponda ó Estado.

Disposición derradeira sexta. *Aprobación do estatuto.*

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará o novo estatuto do Museo Nacional do Prado, adecuándoo a esta.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 25 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**21614** LEI 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. («BOE» 284, do 27-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O proceso de consolidación orzamentaria dos últimos anos, que eliminou o déficit das nosas contas públicas, non só tivo uns efectos vigorizantes sobre o noso crecemento, senón que ademais fortaleceu enormemente os nosos fundamentos económicos como así o testemuña o noso comportamento diferencial actual, en termos de crecemento do produto interior bruto e de creación de emprego, coa media dos países da Unión Europea.

O compromiso coa estabilidade orzamentaria é unha das razóns fundamentais que explican por qué a economía española está sendo capaz de manter a senda de converxencia real cos países do noso contorno, incluso na fase baixa do ciclo. En efecto, a nosa renda per cápita en paridade de poder adquisitivo pasou de representar en 1995 o 78 por cento da media comunitaria a supo-lo 84 por cento en 2002 segundo os últimos datos de Eurostat.

O equilibrio orzamentario segue apoiando, en primeiro lugar, o escenario de estabilidade macroeconómica que garante un marco máis eficiente para o desenvolvemento da actividade económica; segue mellorando, por outro lado, as condicións de financiamento da nosa economía, xerando un importante fluxo de aforro público e reducindo o efecto expulsión sobre o investimento privado, e, por último, dota os orzamentos xerais do Estado dunha considerable marxe de manobra para afrontar o contexto de incerteza internacional, dado que a diferenza doutros países comunitarios, España pode hoxe deixar xogar libremente os estabilizadores automáticos e evitar así a introducción de calquera nesgo procíclico na súa política fiscal.

Ademais, o exercicio de estabilidade orzamentaria é compatible coa orientación do orzamento cara a aquelas políticas que máis favorecen a produtividade e o crecemento a longo prazo, como son o investimento en infraestruturas e o gasto en investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, ó tempo que garante unha cobertura cumprida do gasto social e a mellora dos servizos públicos esenciais.

As leis de estabilidade orzamentaria introduciron explicitamente o equilibrio orzamentario no noso ordenamento xurídico, garantindo que a estabilidade orzamentaria sexa, de agora en diante, o escenario permanente das finanzas públicas en España, tanto a nivel estatal como a nivel territorial. Así pois, a medida transcende do ámbito do Estado e afecta de pleno comunidade autónomas e corporacións locais, para facer corresponsables da estabilidade a tódalas administracións, sen excepción.

Esta disciplina serve como áncora das contas públicas, e con ela refórzase a credibilidade da política económica do Goberno. Tal é o caso das rebaixas de impostos acometidas nos últimos anos que son interpretadas polos cidadáns como definitivas e permanentes, polo que se estimula o investimento e o consumo, e con iso o crecemento económico e a creación de emprego.

Definido o marco xeral de equilibrio orzamentario, en particular establecendo un teito de gasto para o Estado —que lle impide gastar máis e o estimula a gastar mellor—, era necesario descender a unha esfera microeconómica para aplicar os principios rectores da Lei de estabilidade ós distintos compoñentes do orzamento. Neste sentido, a citada norma, na súa disposición derradeira primeira, imponse ó Goberno a obriga de remitir ás Cortes Xerais un proxecto de Lei xeral orzamentaria.

Estes principios rectores, todos eles ó servizo do principio xeral de estabilidade orzamentaria, son tres: plurianualidade, transparencia e eficiencia. A plurianualida-

de reforza a previsión orzamentaria e normaliza o procedemento de tódalas administracións públicas cos programas de estabilidade e crecemento; a transparencia é o elemento garante da verificación e o escrutinio do cumprimento da estabilidade orzamentaria, e por último, a eficiencia na asignación e uso dos recursos públicos debe se-la referencia na orientación das políticas de gasto.

A nova Lei xeral orzamentaria que nace destes principios básicos aspira a conseguir unha maior racionalización do proceso orzamentario, continuando o camiño iniciado polas leis de estabilidade orzamentaria, ás que desenvolve.

A racionalización conséguese a través da confluencia das melloras introducidas en canto a sistematización, en tanto que a lei procede á ordenación económica e financeira do sector público estatal e sistematiza as súas normas de contabilidade e control, e en canto a eficacia e eficiencia, establecéndose un sistema de xestión por obxectivos, diminuíndo a rixidez na execución dos créditos orzamentarios e introducíndose o principio de responsabilidade dos centros xestores na execución dos créditos orzamentarios. Todas estas medidas teñen o seu encaixe no proceso de modernización da Facenda pública, necesario para compasar e fortalece-lo desenvolvemento da economía española.

O antecedente inmediato desta disposición constitúe o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, o cal ten pola súa vez orixe na Lei 11/1977, do 4 de xaneiro, xeral orzamentaria, que, con modificacións de maior ou menor transcendencia, supuxeron durante unha etapa de máis de 25 anos o marco de referencia do proceso orzamentario, contable e de control do gasto do sector público estatal.

Aínda que sen lugar a dúbidas, tanto desde a perspectiva xurídica coma técnica, a Lei xeral orzamentaria de 1977 e o posterior texto refundido constituíron no seu momento un significativo avance e a súa aplicación e instrumentación foi inmediata e satisfactoria, é incuestionable a existencia de razóns que manifestan a necesidade de proceder á súa revisión e á promulgación dunha nova norma máis adecuada ás esixencias que hoxe se lle fan ó sector público estatal no referente á súa capacidade de xestión dos recursos financeiros que se poñen ó seu dispor.

A Lei xeral orzamentaria é o documento xurídico de referencia na regulación do funcionamento financeiro do sector público estatal. A súa promulgación xorde da necesidade de mellorar e amplía-la normativa vixente, a Lei xeral orzamentaria de 1977 e o posterior texto refundido de 1988, con vistas a lograr unha maior racionalización do proceso orzamentario, en liña cos novos condicionantes que enmarcan a actividade financeira do Estado.

Diversas razóns motivaron a conveniencia e a oportunidade da nova norma. Entre as máis importantes atópanse as seguintes:

O traslado á norma das máis modernas e novas teorías e técnicas de elaboración do orzamento, control e contabilidade no ámbito da xestión pública, toda vez que o avance tecnolóxico xa permite a introducción destas melloras nos procedementos de información e elaboración do orzamento para lograr unha xestión eficiente sen mengua das garantías e das seguridades que o manexo de fondos públicos necesariamente esixe.

A corrección da dispersión da lexislación orzamentaria que se produciu trala promulgación do texto refundido da Lei xeral orzamentaria de 1988. Por un lado, a Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado de 1997 supuxo a aparición de novas formas de organización institucional que non se ade-

cuaban coas formas de organización e de control contidas na Lei xeral orzamentaria.

Por outro lado, nos últimos anos foi bastante común a utilización das leis de orzamentos anuais ou as leis de «acompañamento» para introducir modificacións no ámbito orzamentario e financeiro en xeral, que modificaron as regras e incluso os principios contidos no texto refundido.

O enorme desenvolvemento do proceso de descentralización en España. As administracións das comunidades autónomas e das corporacións locais asumiron novas competencias cedidas desde a Administración estatal que orixinaron fluxos financeiros e formas de xestión compartida que deberon preverse e regularse no novo texto legal.

Noutra orde de cousas, debe salientarse o enorme desenvolvemento que o proceso de descentralización tivo en España durante os últimos 20 anos. Tanto as administracións das comunidades autónomas como as correspondentes ás corporacións locais asumiron novas competencias antes exercidas pola Administración estatal, que orixinaron fluxos financeiros entre as distintas administracións e formas de xestión compartidas que necesariamente deberon ser recollidas e reguladas no novo texto legal.

A pertenza á Unión Económica e Monetaria Europea é outro importante argumento para abordar, a través dunha nova lei, as relacións financeiras con ela.

O novo marco financeiro da Seguridade Social fai conveniente a súa acomodación na nova norma financeira, consolidando a súa integración nos orzamentos xerais do Estado sen mengua da súa autonomía como institución xurídica independente.

Pero é quizá a aprobación da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria a que, como xa se sinalaba ó comezo desta exposición de motivos, fai inevitable a elaboración dunha nova disposición legal que veña regula-lo réxime económico financeiro do sector público estatal. De feito, onde se introducen as innovacións máis significativas na regulación aplicable ó proceso orzamentario é ó trata-la programación orzamentaria e o obxectivo de estabilidade.

Os escenarios orzamentarios plurianuais serán sometidos polo Ministerio de Facenda ó Consello de Ministros con anterioridade á aprobación do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano e, se é o caso, conterán a actualización das previsións contidas nos escenarios orzamentarios aprobados no exercicio anterior.

No marco plurianual dos escenarios orzamentarios enmárcanse anualmente os orzamentos xerais do Estado e están orientados, igualmente, cara á estabilidade. A lei define os programas plurianuais e o detalle do seu contido (obxectivos, medios, actividades, procesos investidores e indicadores de seguimento). Estes programas plurianuais, que deben ser aprobados polo ministro de cada departamento, remitiranse anualmente ó Ministerio de Facenda para a elaboración dos escenarios orzamentarios plurianuais.

As políticas de gasto pasan a se-lo elemento nuclear das asignacións dos recursos, a avaliación da xestión e o logro dos obxectivos. Prevese que as asignacións orzamentarias ós centros xestores de gasto se efectúen tomando en conta o nivel de cumprimento dos obxectivos en exercicios anteriores.

Outras novidades significativas da lei atópanse na flexibilización da xestión dos gastos en investimento, que pasan de vincular do nivel de artigo (dous díxitos) ó nivel de capítulo (un díxito), e na ampliación para todo tipo de gasto da posibilidade de adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, sempre que teña cabida nos escenarios orzamentarios plurianuais, eliminando os supostos taxados previstos na lexislación actual.

Ademais, e con carácter xeral, rebáixase o rango da autoridade competente para aproba-las modificacións orzamentarias, ampliando as competencias actuais dos departamentos ministeriais e outorgándolles competencias ós presidentes ou directores dos organismos autónomos, que non teñen ningunha competencia na normativa actual.

## II

O título I da lei comeza por establecer, no seu capítulo I, o ámbito de aplicación e a organización do sector público estatal.

A Lei xeral orzamentaria ten por obxecto a regulación do réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, intervención e de control financeiro do sector público estatal.

Con iso a Lei xeral orzamentaria completa no ámbito económico-financeiro a regulación que, en materia de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado e os entes vinculados ou dependentes dela, se contén na Lei 6/1997, do 14 de abril.

Como reflexo do principio de universalidade do orzamento, consagrado no artigo 134 da Constitución española, a lei fai unha enumeración completa das entidades que integran o sector público estatal, que atende ós criterios de financiamento maioritario e de control efectivo pola Administración xeral do Estado así como os diversos entes dependentes ou vinculados a ela.

A lei remítese ás definicións contidas na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, a Lei xeral de Seguridade Social, a Lei de patrimonio das administracións públicas e a Lei de fundacións, respecto da Administración xeral do Estado, os seus organismos públicos, as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal. Respecto destas últimas, a disposición derradeira segunda, modifica o punto un do artigo 45 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, en canto á esixencia de que a maioría dos membros do padroado sexan designados polas entidades do sector público estatal, e respecto á extensión da autorización previa do Consello de Ministros a outros supostos distintos da constitución da fundación.

A lei ademais inclúe no sector público estatal as entidades de dereito público con réxime xurídico diferenciado, así como os consorcios con outras administracións, en que a achega do Estado sexa maioritaria e pertenza a este o seu control efectivo.

En fin, a lei sinala o pleno sometemento ás súas disposicións dos fondos sen personalidade xurídica con dotación nos orzamentos xerais do Estado, e refírese ós órganos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais, excluindo da aplicación da lei as Cortes Xerais, dotadas constitucionalmente de autonomía orzamentaria.

A lei atende á hora de establece-lo réxime aplicable ás entidades integrantes do sector público á súa natureza económico-financeira, clasificando os distintos entes en tres subsectores, o administrativo, o sector público empresarial e o sector público fundacional.

Culmina o capítulo declarando o carácter central da Lei xeral orzamentaria na regulación do réxime económico-financeiro do sector público estatal, sen prexuízo das especialidades contidas noutras normas especiais e o establecido na normativa comunitaria.

O capítulo II ocúpase do réxime xurídico da Facenda pública estatal, en canto titular de dereitos e obrigacións de contido económico, partindo do concepto de Facenda pública previsto na Lei do 4 de xaneiro de 1977, e ratificado polo texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1999, do 23 de setembro.

Este capítulo ordena e sistematiza o réxime previsto pola anterior lei.

Así, define as normas comúns aplicables a tódolos dereitos da Facenda pública, ocúpase do réxime xurídico particular dos dereitos de natureza pública, reducindo de cinco a catro anos o prazo de prescrición deles e o réxime aplicable ós dereitos de natureza privada.

A lei fixa a aplicación das normas contidas nela para os dereitos de natureza pública da Facenda estatal á xestión dos ingresos de dereito público das entidades do sector público estatal non integrantes da Facenda pública, sen prexuízo das especialidades establecidas na normativa reguladora das ditas entidades e na dos correspondentes ingresos, e establece o carácter supletorio das normas contidas na lei respecto da xestión das cotas e demais ingresos de dereito público da Seguridade Social, en defecto do establecido na Lei xeral da Seguridade Social e das disposicións especiais aplicables a cada un dos ingresos.

En canto ás obrigacións da Facenda pública, a lei reitera a diferenza entre fonte xurídica do gasto público e fonte das obrigacións do Estado, de modo que non abonda con que a obrigación naza para que lle sexa esixible á Facenda pública, sendo preciso que resulten da execución dos orzamentos, de sentenza xudicial firme ou de operacións non orzamentarias legalmente autorizadas, diferenciación que é unha esixencia constitucional derivada do artigo 134.1 da Carta magna, recollida pola doutrina do Tribunal Constitucional na súa Sentencia número 63/1986, do 21 de maio, reiterada nas sentencias números 146/1986 e 13/1992.

Así mesmo, fixa a prescrición das obrigacións nos catro anos do mesmo xeito que sucede cos dereitos de natureza pública.

## III

O título II dedícase ós orzamentos xerais do Estado e comeza fixando, no seu capítulo I, os principios de estabilidade orzamentaria, plurianualidade, transparencia e eficiencia na asignación como rectores da programación orzamentaria, así como as regras de xestión orzamentaria sometidas a un orzamento anual que se enmarca nos límites dun escenario plurianual.

O capítulo II contén unha regulación nova ó trata-la programación orzamentaria e o obxectivo de estabilidade. En concreto, a programación da actividade do sector público estatal materialízase nos escenarios orzamentarios plurianuais, tanto de ingresos como de gastos, que se deben axustar ó obxectivo de estabilidade para os tres exercicios seguintes e ós que se adecuarán os orzamentos xerais do Estado. Establece ademais o seu procedemento de elaboración, aprobación e o seu contido.

Dentro deste punto defínense os programas plurianuais ministeriais e dos centros xestores e vincúlase a asignación de recursos de forma prioritaria co nivel de cumprimento dos obxectivos en exercicios anteriores, como de forma específica recolle o artigo 31.

A definición dos orzamentos xerais do Estado recóllese no capítulo III, referíndose a eles como conxunto de dereitos e obrigacións de contido económico que corresponde liquidar no exercicio orzamentario que será coincidente co ano natural. Simplifica ademais o alcance subxectivo dos orzamentos respecto ó que delimitaba a anterior regulación contida no Real decreto legislativo 1091/1988.

Regula, así mesmo, este capítulo o procedemento de elaboración do orzamento, o trámite da súa remisión ás Cortes Xerais e prevé o suposto de prórroga dos orzamentos xerais do Estado se non se formalizase a súa aprobación dentro dos prazos previstos, regulando

tamén a estrutura que adoptan os orzamentos, tanto o relativo ós estados de gastos coma ós de ingresos.

O capítulo IV reorganiza e sistematiza a normativa relativa ás modificacións de crédito, xunto coa atribución de competencias na materia, ademais de recoller como novidade máis destacada o papel que desempeña o Fondo de contingencia de execución orzamentaria para facer fronte a necesidades inaprazables de carácter non discrecional e ó que se aplican determinado tipo de modificacións segundo o procedemento que dispón a lei. Refírese ademais, de forma separada, ás peculiaridades que presentan os organismos autónomos e a Seguridade Social, respecto do Estado, e introdúcense algunhas variacións na caracterización dos supostos de aplicación de determinadas modificacións como é o caso das incorporacións de crédito, as transferencias e as xeracións.

Novo resulta tamén que recolla nun capítulo diferenciado as características específicas das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís estatais e fundacións do sector público estatal en materia orzamentaria, como fai esta lei, e ás que dedica o seu capítulo V, e que se concretan na necesidade de elabora-los seus orzamentos de explotación e capital, a formulación e tramitación dun programa de actuación plurianual, e as singularidades das variacións das súas dotacións orzamentarias.

O último capítulo do título II dedícase á xestión orzamentaria, establecendo como principio xeral o cumprimento da eficacia na consecución dun sistema de obxectivos que se fixará a través da elaboración dos programas plurianuais. Descríbense as sucesivas fases do procedemento de xestión dos gastos públicos, así como a designación de competencias de xestión de gastos e ordenación de pagamentos. Prevense tamén determinados aspectos en materia de xestión orzamentaria como o procedemento de embargo de dereitos de cobramento, as actuacións en relación cos pagamentos indebidos e demais reintegros, así como os mecanismos orzamentarios de anticipos de caixa fixa e de pagamentos para xustificar.

#### IV

O título III, das relacións financeiras con outras administracións, prevé as operacións financeiras coa Unión Europea, coas comunidades autónomas e coas entidades locais.

O capítulo I pretende o establecemento legal dun marco permanente e eficaz para o fluxo de fondos entre España e a Unión Europea.

De acordo co anterior, recóllese neste capítulo unha autorización ó ministro de Economía para levar a cabo as operacións de tesourería que esixan as relacións financeiras coas Comunidades Europeas, incluíndose entre estas, en todo caso, as relativas ás compras de produtos, subvencións e outras intervencións de mercado financiadas polo Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola, fondos procedentes do Fondo Social Europeo destinados a cofinanciar proxectos do Instituto Nacional de Emprego, e a posta á disposición dos entes distintos do Estado e dos organismos autónomos dos fondos procedentes da Unión Europea con destino a eles.

En canto ós anticipos de tesourería, establécese a obriga de cancelación antes do final do exercicio económico dos anticipos excepcionais derivados da intermediación do Banco de España nos pagamentos ou da súa especial tramitación, aínda que os anticipos para execución de accións e programas financiados ou cofinanciados por fondos europeos que estivesen pendentes de cancelar á fin do exercicio, poderán cancelarse no exercicio seguinte.

Por outra banda, establécese no caso de accións cofinanciadas, o reflexo no orzamento de gastos do Estado do financiamento a cargo do orzamento xeral das Comunidades Europeas, conxuntamente co importe do financiamento atribuído ó Estado.

Por último, a promulgación da Lei xeral de subvencións, determina a remisión a esta cun carácter xeral do reintegro de axudas e da responsabilidade financeira. No ámbito da Política Agraria Común e no caso de que a Comunidade Europea non asuma un importe que previamente foi anticipado polas diferentes administracións públicas, establécese que o importe non reembolsado pola comunidade afectará as diferentes administracións públicas en relación coas súas respectivas actuacións.

O capítulo II, que regula as operacións financeiras coas comunidades autónomas, responde ó carácter de lei de referencia ou lei xeral reguladora do sistema financeiro do sector público estatal da Lei xeral orzamentaria, e en consecuencia contén os principios xerais das relacións financeiras coas comunidades autónomas, que prevén a regulación específica do sistema de financiamento autonómico establecido por outras leis, entre as que destaca a Lei 21/2001, do 27 de decembro.

Neste capítulo inclúense tamén as regras para a execución dos créditos do orzamento de gastos destinados ás subvencións correspondentes a competencias de execución non transferidas.

Por último debe destacarse a modificación do artigo 57 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, que afecta os anticipos concedidos ás comunidades autónomas para facer fronte ós desfases transitorios de tesourería.

O último capítulo do título III regula os aspectos esenciais das operacións financeiras coas entidades locais e establece as regras correspondentes á xestión orzamentaria dos créditos destinados á participación nos tributos do Estado e á compensación de beneficios fiscais en tributos locais.

#### V

O título IV define e desenvolve as operacións financeiras do Tesouro Público ó longo de cinco capítulos.

O capítulo I, relativo ás normas xerais, comeza definindo o Tesouro Público nos mesmos termos en que o define o texto refundido, como os recursos financeiros da Facenda pública estatal, atribuíndolle como funcións principais, entre outras, a da recadación dos dereitos e o pagamento das obrigacións do Estado e a de servir ó principio de unidade de caixa.

A débeda do Estado, constituída polo conxunto de capitais tomados a préstamo polo Estado, poderase realizar por diferentes medios: emisión pública, concertación de préstamos, etc., non se establecendo de forma exhaustiva os medios a través dos cales se pode realizar.

Por último, este primeiro capítulo destina un artigo a establece-la información que con respecto ás operacións financeiras lles deberán facilita-lo Goberno e o ministro de Facenda ás Cortes Xerais.

O capítulo II desenvolve a normativa relativa á débeda do Estado, establecendo na súa primeira sección a habilitación legal para a creación de débeda, determinando a forma en que se deberán computa-los límites autorizados de variación do seu saldo vivo.

Por outra parte, establece en qué sección do orzamento se habilitarán os créditos destinados a dar cobertura orzamentaria ós gastos derivados dela, así como a forma en que tanto os ingresos coma os gastos provenientes destas operacións se imputarán ós citados créditos.

A segunda sección deste capítulo desenvolve as operacións relativas á débeda do Estado, tanto na súa vertente de contratación dela como no que respecta á realización de operacións financeiras destinadas a limitar, diminuír ou diversificar o risco ou o custo da débeda contraída tanto en moeda nacional como en divisas.

Así mesmo, establece as competencias dos diferentes órganos da Administración do Estado implicados na formalización destas operacións e por último desenvolve a normativa relativa ás emisións de valores, operacións de crédito, operacións financeiras de cobertura de riscos e outras operacións relativas á débeda, cunha visión máis acorde coa actualidade financeira.

A terceira sección, destinada a desenvolverlo réxime xurídico da débeda do Estado no referente ós valores representativos da débeda, regula a súa transmisión e a prescrición das obrigacións da Administración.

O capítulo III, sobre xestión da Tesourería do Estado, introduce a aprobación anual dun orzamento monetario.

Este instrumento, destinado a conseguir unha adecuada distribución temporal dos pagamentos e evitar ineficiencias na distribución e xestión das disponibilidades líquidas, ten o seu antecedente no Plan de Disposición de Fondos referido no artigo 77 da anterior Lei xeral orzamentaria, e integraría a Administración xeral do Estado e os seus organismos autónomos.

Igualmente, constitúe unha novidade a obrigatoriedade legal de que os pagamentos que se axusten ó orzamento monetario sexan ordenados, como criterio xeral e entre pagamentos homoxéneos, por orde cronolóxica de recepción pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira. En particular, para unha xestión eficiente da Tesourería do Estado poderanse aplicar outros criterios distintos, e, entre outros, o importe da operación, aplicación orzamentaria ou forma de pagamento.

No que respecta ás relacións co Banco de España e outras entidades de crédito, a presente norma non altera substancialmente o establecido no texto refundido.

O capítulo IV regula o endebedamento e a xestión de tesourería dos organismos autónomos e entidades públicas empresariais.

Este capítulo prevé as operacións de endebedamento dos organismos autónomos, condicionadas á previa autorización da Lei de orzamentos xerais do Estado, que establecerá os termos e límites delas.

Por último, o capítulo V dedícase ó outorgamento de avais pola Administración xeral do Estado, debendo destacarse como novidade esencial fronte á anterior Lei xeral orzamentaria que non se recolle a posibilidade de que os organismos autónomos poidan outorgar avais.

## VI

O título V refírese á contabilidade do sector público estatal, configurándoa como un sistema de información económico-financeira e orzamentaria sobre a actividade desenvolvida polas entidades integrantes daquel.

Como novidade en relación co texto refundido da Lei xeral orzamentaria anterior, o presente texto fai referencia expresa á finalidade da contabilidade do sector público estatal de mostra-la imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento de cada unha das entidades integrantes del para, entre outros obxectivos, subministrar información para a determinación dos custos dos servizos públicos e facilita-la xestión e a toma de decisións.

Aclárase a indefinición sobre as distintas situacións contables do sector público estatal, segundo o plan contable aplicable (público, privado ou adaptación do plan xeral ás entidades sen fins lucrativos), enumerándose as entidades que están sometidas a cada un dos réximes.

Como novidade cabe destacar, así mesmo, a enumeración dos destinatarios da información que subministra a contabilidade das entidades do sector público estatal: órganos de dirección e xestión, de representación política e de control externo e interno.

A todo o anterior, incluído no capítulo I, baixo o epígrafe «Normas xerais», hai que engadi-lo feito da realización dunha expresa enumeración dos principios contables públicos.

No capítulo II deste título, referido ás competencias en materia contable, tras establece-las competencias do ministro de Facenda, faise un desenvolvemento exhaustivo das correspondentes á Intervención Xeral da Administración do Estado, como centro directivo e xestor da contabilidade pública.

O capítulo III, relativo á «Información contable», comeza establecendo a obrigación de tódalas entidades do sector público estatal de formularen contas anuais de acordo cos principios contables que lles sexan de aplicación, no prazo máximo de tres meses desde o peche do exercicio económico, facendo referencia a continuación ó contido que deben te-las ditas contas, dun lado para as entidades que deban aplica-los principios contables públicos, e doutro para o resto de entidades do sector público estatal.

A sección 2.<sup>a</sup> do capítulo III está referida á Conta Xeral do Estado, regulándose o seu contido, a súa formulación e remisión ó Tribunal de Contas e o seu exame e comprobación.

Inclúese, como novidade, unha sección terceira, baixo o epígrafe «Información sobre o obxectivo de estabilidade e equilibrio financeiro», na que se recolle a obriga das comunidades autónomas e das corporacións locais de subministraren a información necesaria para a medición do grao de realización do obxectivo de estabilidade orzamentaria, conforme o previsto na Lei orgánica 5/2001, na Lei xeral de estabilidade orzamentaria e no seu regulamento de desenvolvemento. Así mesmo, establécese a obrigación da Intervención Xeral da Administración do Estado de realiza-lo seguimento do cumprimento do equilibrio financeiro así como dos plans de saneamento derivados do seu incumprimento, no exercicio das competencias de centralización da información contable das entidades integrantes do sector público estatal.

A sección cuarta do capítulo III, denominada «Información periódica», inclúe como novidades, tanto a obriga da Intervención Xeral da Administración do Estado de publicar no «Boletín Oficial del Estado» anualmente un resumo dos principais estados e documentos que conformen a Conta da Administración xeral do Estado, como a das entidades que deban aplicar principios contables públicos, así como as referidas no artigo 129, e que non teñan obriga de publicidade no Rexistro Mercantil, de publicar no «Boletín Oficial del Estado» anualmente un resumo dos principais estados e documentos que conformen as súas contas anuais.

O capítulo IV, relativo á rendición de contas non presenta modificacións esenciais respecto da anterior regulación do procedemento de rendición de contas ó Tribunal de Contas por conducto da Intervención Xeral da Administración do Estado, a que quedan sometidas as entidades integrantes do sector público estatal.

Unha das novidades, de natureza sistemática, consiste na exclusión da regulación da auditoría das contas anuais, que na lei anterior se contiña no título de contabilidade e na materia referida ó control, e que na presente lei se regula exclusivamente no título de control, dentro do capítulo relativo á auditoría pública.

Por último, salientase a regulación legal dos supostos de rendición de contas das sociedades mercantís estatais

e das fundacións do sector público estatal que se extinguen ou deixan de ter tal condición durante o período a que se refire a rendición, establecéndose a obriga de render unha conta parcial ata a dita data polo titular do ente no momento da rendición.

## VII

O título VI regula o control da actividade económico-financeira do sector público estatal exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

A regulación contida nesta lei non presenta modificacións esenciais respecto da regulación contida na anterior Lei xeral orzamentaria, centrándose as variacións efectuadas respecto da anterior regulación nunha exposición máis clara e sistemática do referido control interno, integrando nun só título a materia que se atopaba dispersa en diferentes títulos na anterior lei.

Así mesmo, trátase unitariamente o control exercido sobre as entidades que integran o sistema da Seguridade Social e o correspondente ó resto do sector público estatal. Por outro lado, regula dunha forma detallada, a diferenza da anterior Lei xeral orzamentaria, o control de carácter posterior, distinto da función interventora, que se agrupa en dúas modalidades con substantividade propia: o control financeiro permanente e a auditoría pública.

O capítulo I, relativo ás normas xerais, configura o citado control como un control interno exercido con plena autonomía respecto das autoridades e entidades das cales a xestión económico-financeira se controla, e que ten como obxectivos a verificación do sometemento da dita xestión á legalidade, ós principios de boa xestión financeira e ós establecidos na citada Lei xeral de estabilidade orzamentaria. Así mesmo, e en consonancia coa relevancia atribuída á elaboración do orzamento por obxectivos, o control concíbese así mesmo como un instrumento adicional para asegura-la súa efectividade.

Establécense, pola súa vez, no dito capítulo as modalidades, que son a función interventora, o control financeiro permanente e a auditoría pública, os principios de actuación e os deberes e facultades do persoal controlador, regulándose por último os informes xerais de control para remitir ó Consello de Ministros, e as especialidades normativas do control das entidades que integran o sistema da Seguridade Social.

O capítulo II regula o exercicio da función interventora, establecendo o seu ámbito e as súas modalidades de exercicio, e os supostos de non suxeición a fiscalización previa.

En canto á regulación da fiscalización limitada previa, as principais innovacións atópanse no reflexo legal de determinados extremos obxecto de verificación que antes se atopaban recollidos en acordo do Consello de Ministros, e na supresión da fiscalización plena posterior, superando así a confusión conceptual existente respecto á natureza da comprobación posterior dos aspectos non examinados na fiscalización limitada previa, que non forma parte das actuacións de fiscalización previa, dado o seu exercicio posterior e a utilización de técnicas de auditoría, quedando englobada nas actuacións de control financeiro permanente.

Por último regúlanse no dito capítulo os reparos, o procedemento de resolución de discrepancias e a omisión de fiscalización.

A regulación legal deste último aspecto constitúe unha novidade, dado o rango regulamentario da anterior regulación, e que está xustificada pola súa transcendencia en relación coa disciplina orzamentaria e os obxectivos da citada Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

A atribución dun capítulo específico ó control financeiro permanente, considerado como instrumento esencial para o seguimento e control do principio de esta-

bilidade orzamentaria, e a súa regulación detallada, supoñen así mesmo unha novidade, tendo en conta que na anterior Lei xeral orzamentaria se regulaba unicamente o seu ámbito de aplicación, establecéndose na actual lei o seu concepto, contido e réxime xurídico dos informes derivados do seu exercicio, someténdose este a un plan anual de control financeiro permanente, que asegure a súa planificación e sistemática.

Por último, regúlase no capítulo IV a auditoría pública, caracterizada polo seu carácter posterior e non permanente, e coexistente co exercicio da función interventora, o control financeiro permanente e a auditoría privada da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, exercida sobre as sociedades mercantís estatais, nos supostos establecidos pola lexislación mercantil.

Dentro do capítulo regúlanse as modalidades de auditoría pública, o Plan anual de auditorías no que se plasma a súa planificación anual e os informes resultantes do seu exercicio, destinándose a sección segunda á regulación da auditoría das contas anuais das entidades integrantes do sector público estatal, e a sección terceira a auditorías públicas específicas.

## VIII

O título VII dedícase ás responsabilidades derivadas das infraccións desta lei que supoñan un dano ou prexuízo á Facenda pública estatal ou ás entidades integrantes do sector público estatal. Amplíase, polo tanto, o ámbito subxectivo da anterior regulación, que quedaba limitada á Facenda pública estatal. O dito ámbito tamén queda ampliado, ó considerarse responsables as autoridades e o persoal ó servizo das entidades do sector público estatal, fronte á limitación establecida pola anterior lei ás autoridades e funcionarios.

O título regula os supostos de infracción, os tipos de responsabilidade, distinguíndose entre o dolo e a culpa, e os supostos de solidariedade e mancomunidade na responsabilidade.

Regúlase, así mesmo, a responsabilidade específica dos interventores e os ordenadores de pagamentos e o réxime procedemental da esixencia de responsabilidade, distinguíndose a competencia atribuída ó Tribunal de Contas e a correspondente ó Goberno e ó ministro de Facenda.

Por último, prevese o réxime xurídico dos reintegros derivados da responsabilidade e as dilixencias previas tendentes a asegura-la súa esixencia.

## TÍTULO I

### Do ámbito de aplicación e da Facenda pública estatal

#### CAPÍTULO I

#### Ámbito de aplicación e organización do sector público estatal

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto a regulación do réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, intervención e de control financeiro do sector público estatal.

##### Artigo 2. *Sector público estatal.*

1. Para os efectos desta lei forman parte do sector público estatal:

- a) A Administración xeral do Estado.
- b) Os organismos autónomos dependentes da Administración xeral do Estado.

c) As entidades públicas empresariais, dependentes da Administración xeral do Estado, ou de calquera outro organismo público vinculado ou dependente dela.

d) As entidades xestoras, servicios comúns e as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social na súa función pública de colaboración na xestión da Seguridade Social.

e) As sociedades mercantís estatais, definidas na Lei de patrimonio das administracións públicas.

f) As fundacións do sector público estatal, definidas na Lei de fundacións.

g) As entidades estatais de dereito público distintas ás mencionadas nas alíneas b) e c) deste punto.

h) Os consorcios dotados de personalidade xurídica propia ós que se refiren os artigos 6, punto 5, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e 87 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cando un ou varios dos suxeitos enumerados neste artigo achegasen maioritariamente a eles diñeiro, bens ou industria, ou se comprometese, no momento da súa constitución, a financiar maioritariamente o dito ente e sempre que os seus actos estean suxeitos directa ou indirectamente ó poder de decisión dun órgano do Estado.

2. Regúlase por esta lei o réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control dos fondos carentes de personalidade xurídica a dotación dos cales se efectúe maioritariamente desde os orzamentos xerais do Estado.

3. Os órganos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais do Estado que, carecendo de personalidade xurídica, non están integrados na Administración xeral do Estado, forman parte do sector público estatal, regulándose o seu réxime económico-financeiro por esta lei, sen prexuízo das especialidades que se establezan nas súas normas de creación, organización e funcionamento. Non obstante, o seu réxime de contabilidade e de control quedará sometido en todo caso ó establecido nas ditas normas, sen que lles sexa aplicable nas ditas materias o establecido nesta lei.

Sen prexuízo do anterior, esta lei non será de aplicación ás Cortes Xerais, que gozan de autonomía orzamentaria de acordo co establecido no artigo 72 da Constitución; non obstante, manterase a coordinación necesaria para a elaboración do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado.

### Artigo 3. *Sector público administrativo, empresarial e fundacional.*

Para os efectos desta lei, o sector público estatal divídese nos seguintes:

1. O sector público administrativo, integrado por:

a) Os suxeitos mencionados nas alíneas a), b) e d) do punto 1 e no punto 3 do artigo anterior.

b) As entidades mencionadas nas alíneas g) e h) do punto 1 do artigo anterior, que cumpran algunha das dúas características seguintes:

1.<sup>a</sup> Que a súa actividade principal non consista na produción en réxime de mercado de bens e servicios destinados ó consumo individual ou colectivo, ou que efectúen operacións de redistribución da renda e da riqueza nacional, en todo caso sen ánimo de lucro.

2.<sup>a</sup> Que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais, entendéndose como tales, para os efectos desta lei, os ingresos, calquera que sexa a súa natureza, obtidos como contrapartida da entrega de bens ou prestacións de servicios.

2. O sector público empresarial, integrado:

a) Polas entidades públicas empresariais.

b) Polas sociedades mercantís estatais.

c) Polas entidades mencionadas nas alíneas g) e

h) do punto 1 do artigo anterior non incluídas no sector público administrativo.

3. O sector público fundacional, integrado polas fundacións do sector público estatal.

### Artigo 4. *Réxime xurídico aplicable.*

1. O réxime económico e financeiro do sector público estatal regúlase nesta lei, sen prexuízo das especialidades contidas noutras normas especiais e do establecido na normativa comunitaria.

2. En particular, someteranse á súa normativa específica:

a) O sistema tributario estatal.

b) Os principios e normas que constitúen o réxime xurídico do sistema da Seguridade Social, así como o establecemento, reforma e supresión das cotizacións e prestacións do sistema.

c) O réxime xurídico xeral do patrimonio do sector público estatal, así como a regulación dos demanios especiais.

d) O réxime xurídico xeral das relacións financeiras entre o sector público estatal e as comunidades autónomas e entidades locais.

e) O réxime xurídico xeral das facendas locais.

f) Os principios básicos e as normas fundamentais que constitúen o réxime xurídico das axudas ou subvencións concedidas polas entidades integrantes do sector público estatal con cargo ós seus orzamentos ou a fondos da Unión Europea.

g) O réxime xeral da contratación das entidades integrantes do sector público estatal.

h) O réxime de contratación de obrigacións financeiras e de realización de gastos, naquelas materias que pola súa especialidade non se atopen reguladas nesta lei.

3. Terán carácter supletorio as demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito común.

## CAPÍTULO II

### Do réxime da Facenda pública estatal

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DEREITOS DA FACENDA PÚBLICA ESTATAL

### Artigo 5. *Concepto e dereitos integrantes da Facenda pública estatal.*

1. A Facenda pública estatal está constituída polo conxunto de dereitos e obrigacións de contido económico a titularidade dos cales corresponde á Administración xeral do Estado e ós seus organismos autónomos.

2. Os dereitos da Facenda pública estatal clasifícanse en dereitos de natureza pública e de natureza privada.

Son dereitos de natureza pública da Facenda pública estatal os tributos e os demais dereitos de contido económico a titularidade dos cales corresponde á Administración xeral do Estado e ós seus organismos autónomos que deriven do exercicio de potestades administrativas.

### Artigo 6. *Normas comúns ós dereitos da Facenda pública estatal.*

1. A administración dos dereitos da Facenda pública estatal corresponde, segundo a súa titularidade, ó Minis-

terio de Facenda e ós organismos autónomos, sen prexuízo das competencias que esta ou outras leis lles atribúen a outros departamentos ou entidades do sector público estatal.

2. O manexo ou custodia de fondos ou valores de natureza pública poderá encomendarse a persoas ou entidades privadas, que deberán prestar garantía nos casos, contía e forma que se determine regulamentariamente.

#### Artigo 7. *Límites a que están suxeitos os dereitos da Facenda pública estatal.*

1. Non se poderán allear, gravar nin arrendar los dereitos económicos da Facenda pública estatal fóra dos casos regulados polas leis.

2. Tampouco se concederán exencións, condonacións, rebaixas nin moratorias no pagamento dos dereitos á Facenda pública estatal, senón nos casos e formas que determinen as leis, sen prexuízo do establecido no artigo 16 desta lei.

3. Sen prexuízo do establecido no punto 2 do artigo 10 desta lei, non se poderá transixir xudicial nin extraxudicialmente sobre os dereitos da Facenda pública estatal, nin someter a arbitraxe as contendas que se susciten respecto deles, senón mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, logo de audiencia do de Estado en pleno.

#### Artigo 8. *Exercicio de accións xudiciais pola Facenda pública estatal.*

A Facenda pública estatal poderá exercer calquera acción xudicial que sexa precisa para a mellor defensa dos seus dereitos.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> RÉXIME XURÍDICO DOS DEREITOS DE NATUREZA PÚBLICA DA FACENDA PÚBLICA ESTATAL

#### Artigo 9. *Normas xerais.*

1. Os dereitos de natureza pública da Facenda pública estatal regularanse polas regras contidas nesta sección e nas normas especiais que lles son aplicables. En particular, a aplicación dos tributos axustarase ó disposto na Lei xeral tributaria de acordo co seu sistema de fontes.

2. Cando os organismos autónomos concorran coa Administración xeral do Estado, terá preferencia para o cobramento dos créditos esta última.

De igual preferencia gozarán os créditos por cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta e, se é o caso, as recargas ou xuros que sobre aqueles procedan.

Cando concorran créditos a favor da Administración xeral do Estado con créditos por cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta, imputaranse a pro rata do seu respectivo importe.

#### Artigo 10. *Prerrogativas correspondentes ós dereitos de natureza pública da Facenda pública estatal.*

1. Sen prexuízo das prerrogativas establecidas para cada dereito de natureza pública pola súa normativa reguladora, a cobranza de tales dereitos efectuarase, se é o caso, conforme os procedementos administrativos correspondentes e gozará das prerrogativas establecidas para os tributos na Lei xeral tributaria, e das previstas no Regulamento xeral de recadación.

2. O carácter privilexiado dos créditos da Facenda pública estatal outórgalle a esta o dereito de abstención nos procesos concursais, no curso dos cales, non obs-

tante, poderá subscribi-los acordos ou convenios previstos na lexislación concursal así como acordar, de conformidade co debedor e coas garantías que se consideren oportunas, unhas condicións singulares de pagamento, que non poden ser máis favorables para o debedor que as recollidas no acordo ou convenio que poñan fin ó proceso xudicial. Igualmente poderá acordar a compensación dos ditos créditos nos termos previstos na normativa reguladora dos ingresos públicos.

Para a subscrición e celebración dos acordos e convenios a que se refire o parágrafo anterior requirirase autorización do órgano competente da Axencia Estatal de Administración Tributaria cando se trate de créditos dos cales lle corresponda a xestión recadadora, de conformidade coa lei ou en virtude de convenio, con observancia, neste caso do convido.

Cando se trate de créditos correspondentes ó Fondo de Garantía Salarial, a subscrición e celebración de convenios en procedementos concursais requirirá a autorización do órgano competente, de acordo coa normativa reguladora do organismo autónomo.

Nos restantes créditos da Facenda pública estatal a competencia correspóndelle ó ministro de Facenda, e poderase delegar nos órganos da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Reglamentariamente estableceranse os procedementos para asegura-la adecuada coordinación nos procedementos concursais en que concorran créditos da Facenda pública estatal con créditos da Seguridade Social e do resto das entidades que integran o sector público estatal, e naqueles procedementos concursais nos que se concorra con procedementos xudiciais ou administrativos de execución singular correspondentes ás referidas entidades.

#### Artigo 11. *Nacemento, adquisición e extinción dos dereitos de natureza pública da Facenda pública estatal.*

1. Os dereitos de natureza pública da Facenda pública estatal adquirense e nacen de conformidade co establecido na normativa reguladora de cada dereito.

2. Os dereitos de natureza pública da Facenda pública estatal extingúense polas causas previstas na Lei xeral tributaria e as demais previstas nas leis.

Sen prexuízo do establecido nesta lei e na normativa reguladora de cada dereito, o procedemento, efectos e requisitos das formas de extinción dos dereitos de natureza pública da Facenda pública estatal someteranse ó establecido na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral de recadación.

#### Artigo 12. *Providencia de constrinximento e suspensión do procedemento de constrinximento.*

1. As providencias de constrinximento acreditativas do descuberto das débedas correspondentes ós dereitos de natureza pública, expedidas polos órganos competentes, serán título abondo para iniciar o procedemento de constrinximento e terán a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados ó pagamento.

2. Os procedementos administrativos de constrinximento poderán ser suspendidos no caso de recursos ou reclamacións interpostos polos interesados, na forma e cos requisitos legal ou regulamentariamente establecidos.

3. Suspenderase inmediatamente o procedemento de constrinximento, sen necesidade de prestar garantía, cando o interesado demostre que se produciu no seu prexuízo erro material, aritmético ou de feito na determinación da débeda, ou ben que a dita débeda prescribiu ou foi ingresada, condonada, compensada, aprazada ou suspendida.



4. Se contra os ditos procedementos se opuxesen reclamacións en concepto de tercería ou por outra acción civil por persoa que ningunha responsabilidade teña para coa Facenda pública estatal en virtude de obrigación ou xestión propia ou transmitida, relativa ós créditos obxecto do procedemento, procederase do seguinte xeito:

a) Tratándose de tercería de dominio, unha vez que se tomasen as medidas de aseguranza que procedan, suspenderanse os ditos procedementos só na parte que se refire ós bens ou dereitos controvertidos, e substanciarse este incidente na vía administrativa como previa á xudicial.

Cando a reclamación fose denegada na vía administrativa, proseguirá o procedemento de constrinximento, agás xustificación documental no prazo regulamentariamente establecido da interposición de demanda xudicial.

A Administración pública poderá acordala suspensión do procedemento de constrinximento cando da execución se poidan derivar prexuízos de imposible ou difícil reparación. En ámbolos casos, o acordo de suspensión establecerá as medidas regulamentarias para a aseguranza dos respectivos créditos.

b) Se a tercería for de mellor dereito, proseguirá o procedemento ata a realización dos bens e o produto obtido consignarase en depósito a resultas da tercería.

#### Artigo 13. *Aprazamento ou fraccionamento das cantidades debidas á Facenda pública estatal.*

1. Poderanse aprazar ou fraccionar, devengando o correspondente xuro de demora, as cantidades debidas á Facenda pública estatal, en virtude dunha relación xurídica de dereito público, nos casos, polos medios e a través do procedemento establecido regulamentariamente.

As ditas cantidades deberanse garantir bardante dos casos seguintes:

a) Os de baixa contía cando sexan inferiores ás cifras que fixe o ministro de Facenda.

b) Cando o debedor careza de bens suficientes para garanti-la débeda e a execución do seu patrimonio afectase substancialmente o mantemento da capacidade productiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva, salvo que iso producise grave quebranto para os intereses da Facenda pública estatal.

2. O aprazamento e fraccionamento das cantidades debidas á Facenda pública estatal polas comunidades autónomas e polas corporacións locais rexerese pola súa lexislación específica, a cal terá en conta a necesaria reciprocidade entre administracións.

#### Artigo 14. *Compensación de débedas.*

1. Nos casos e cos requisitos que se establezan regulamentariamente poderanse extinguir total ou parcialmente por compensación as débedas de natureza pública a favor da Facenda pública estatal que se atopen en fase de xestión recadadora, tanto voluntaria como executiva, cos créditos recoñecidos por ela a favor do debedor.

Así mesmo, poderanse compensar as débedas non comprendidas no punto anterior cando o prevexan as normas reguladoras dos tributos e demais recursos de dereito público.

Cando unha liquidación da cal o importe foi ingresado total ou parcialmente sexa anulada e substituída por outra, poderase diminuír esta na cantidade previamente ingresada.

2. A extinción mediante compensación das débedas que as comunidades autónomas e as corporacións locais teñan coa Administración xeral do Estado regularase pola súa lexislación específica.

3. As débedas que os organismos autónomos, a Seguridade Social, e calquera outra entidade de dereito público teña coa Administración xeral do Estado, poderanse realizar por vía de compensación, cando se trate de débedas vencidas, líquidas e esixibles.

A referida compensación non poderá afectar as cotizacións sociais.

Así mesmo, serán compensables as débedas vencidas, líquidas e esixibles que teñan entre si as entidades estatais de dereito público.

4. As leis reguladoras dos distintos ingresos de dereito público poderán prever o establecemento de sistemas de conta corrente para efectos de facilitar a compensación e o pagamento dos créditos e débitos fronte á Facenda pública estatal.

5. Así mesmo, a lei establecerá os supostos en que os créditos e débitos que diversos suxeitos tivesen fronte á Facenda pública estatal poidan, por solicitude destes, ser tratados unitariamente para efectos da súa compensación.

#### Artigo 15. *Prescrición dos dereitos da Facenda pública estatal.*

1. Salvo o establecido polas leis reguladoras dos distintos recursos, prescribirá ós catro anos o dereito da Facenda pública estatal:

a) A recoñecer ou liquidar créditos ó seu favor, contándose o dito prazo desde o día en que o dereito se puido exercer.

b) O cobramento dos créditos recoñecidos ou liquidados, contando desde a data da súa notificación ou, se esta non for preceptiva, desde o seu vencemento.

2. A prescrición dos dereitos da Facenda pública estatal interromperase consonte o establecido na Lei xeral tributaria e aplicarse de oficio.

3. Os dereitos da Facenda pública estatal declarados prescritos deberán ser dados de baixa nas respectivas contas, unha vez tramitado o oportuno expediente.

4. A declaración e esixencia das responsabilidades a que, se é o caso, haxa lugar pola prescrición de créditos da Facenda pública estatal axustarase ó previsto na normativa reguladora da responsabilidade contable.

#### Artigo 16. *Dereitos económicos de baixa contía.*

O ministro de Facenda poderá dispo-la non liquidación ou, se é o caso, a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores á contía que fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación representen.

#### Artigo 17. *Xuros de demora.*

1. As cantidades debidas á Facenda pública estatal devengarán xuro de demora desde o día seguinte ó do seu vencemento. Inclúense neste punto as cantidades recadadas a través de entidades colaboradoras, contas restrinxidas, oficinas liquidadoras e demais entidades recadadoras por conta da Facenda pública estatal que non sexan ingresadas polas ditas entidades no Tesouro nos prazos establecidos.

2. O xuro de demora resultará da aplicación, para cada ano ou período dos que integren o período de cálculo, do xuro legal fixado na lei de orzamentos para os ditos exercicios.

3. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo das especialidades en materia tributaria.

**Artigo 18. *Xestión de dereitos de natureza pública da Seguridade Social e das entidades do sector público estatal non integrantes da Facenda pública estatal.***

1. A xestión dos demais ingresos de dereito público das entidades do sector público estatal, non integrantes da Facenda pública estatal, someterase ó establecido nesta sección, sen prexuízo das especialidades establecidas na normativa reguladora das ditas entidades e na dos correspondentes ingresos.

2. A xestión das cotas e dos demais ingresos de dereito público da Seguridade Social regularase polo establecido na Lei xeral da Seguridade Social, e polas disposicións especiais aplicables a cada un dos ingresos, rexendo no seu defecto as normas establecidas nesta sección. As referencias feitas na referida sección ó Ministerio de Facenda entenderanse feitas ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DEREITOS DE NATUREZA PRIVADA DA FACENDA PÚBLICA ESTATAL**

**Artigo 19. *Dereitos de natureza privada da Facenda pública estatal.***

1. A efectividade dos dereitos de natureza privada da Facenda pública estatal levarase a cabo con suxeición ás normas e procedementos do dereito privado.

2. Poderanse aprazar ou fracciona-las cantidades debidas á Facenda pública estatal, en virtude dunha relación xurídica de dereito privado, nos casos e coas condicións que estableza o ministro de Facenda, para os correspondentes á Administración xeral do Estado, e, conxuntamente, o ministro de Facenda e o correspondente ó ministerio de adscrición do organismo autónomo, para os restantes.

**SECCIÓN 4.<sup>a</sup> OBRIGACIÓNS DA FACENDA PÚBLICA ESTATAL**

**Artigo 20. *Fontes das obrigacións.***

As obrigacións da Facenda pública estatal nacen da lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, segundo dereito, as xeren.

**Artigo 21. *Esixibilidade das obrigacións.***

1. As obrigacións da Facenda pública estatal só son esixibles cando resulten da execución dos orzamentos, de conformidade co disposto nesta lei, de sentenza xudicial firme ou de operacións non orzamentarias legalmente autorizadas.

2. Se as ditas obrigacións teñen por causa prestacións ou servizos, o pagamento non se poderá efectuar se o acredor non cumpriu ou garantiu a súa correlativa obrigación.

**Artigo 22. *Extinción das obrigacións.***

1. As obrigacións da Facenda pública estatal extingúense polas causas previstas no Código civil e no resto do ordenamento xurídico.

2. A xestión dos créditos orzamentarios coa finalidade de extingui-las obrigacións da Facenda pública estatal realizarase de conformidade co disposto no título II desta lei e disposicións de desenvolvemento.

**Artigo 23. *Prerrogativas.***

1. Ningún tribunal nin autoridade administrativa poderá dictar providencia de embargo nin despachar mandamento de execución contra os bens e dereitos patrimoniais cando se encontren materialmente afectados a un servizo público ou a unha función pública, cando os seus rendementos ou o produto do seu alleamento estean legalmente afectados a fins diversos, ou cando se trate de valores ou títulos representativos do capital de sociedades estatais que executen políticas públicas ou presten servizos de interese económico xeral.

2. O cumprimento das resolucións xudiciais que determinen obrigacións a cargo da Facenda pública estatal corresponderalle ó órgano administrativo que sexa competente por razón da materia, sen prexuízo da posibilidade de instar, se é o caso, outras modalidades de execución de acordo coa Constitución e as leis.

3. O órgano administrativo encargado do cumprimento acordará o pagamento con cargo ó crédito correspondente, na forma e cos límites do respectivo orzamento. Se para o pagamento fose necesario realizar unha modificación orzamentaria, deberase concluí-lo procedemento correspondente dentro dos tres meses seguintes ó día da notificación da resolución xudicial.

**Artigo 24. *Xuros de demora.***

Se a Administración non lle pagase ó acredor da Facenda pública estatal dentro dos tres meses seguintes ó día de notificación da resolución xudicial ou do recoñecemento da obrigación, deberalle aboa-lo xuro sinalado no artigo 17 punto 2 desta lei, sobre a cantidade debida, desde que o acredor, unha vez transcorrido o dito prazo, reclame por escrito o cumprimento da obrigación.

En materia tributaria, de contratación administrativa e de expropiación forzosa aplicarase o disposto na súa lexislación específica.

**Artigo 25. *Prescrición das obrigacións.***

1. Bardante do establecido por leis especiais, prescribirán ós catro anos:

a) O dereito ó recoñecemento ou liquidación pola Facenda pública estatal de toda obrigación que non se solicitase coa presentación dos documentos xustificativos. O prazo contarase desde a data en que se concluíu o servizo ou a prestación determinante da obrigación ou desde o día en que o dereito se puido exercer.

b) O dereito a esixi-lo pagamento das obrigacións xa recoñecidas ou liquidadas, se non fose reclamado polos acredores lexítimos ou os seus habentes dereito. O prazo contarase desde a data de notificación, de recoñecemento ou liquidación da respectiva obrigación.

2. Coa expresada excepción en favor de leis especiais, a prescrición interromperase consonte as disposicións do Código civil.

3. As obrigacións a cargo da Facenda pública estatal que prescribisen serán baixa nas respectivas contas, unha vez tramitado o oportuno expediente.

## TÍTULO II

## Dos orzamentos xerais do Estado

## CAPÍTULO I

## Principios e regras de programación e de xestión orzamentaria

Artigo 26. *Principios e regras de programación orzamentaria.*

1. A programación orzamentaria rexerese polos principios de estabilidade orzamentaria, plurianualidade, transparencia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, conforme o disposto na Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

2. As disposicións legais e regulamentarias, en fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración e calquera outra actuación dos suxeitos que compoñen o sector público estatal que afecte os gastos públicos, deben valorarlas súas repercusións e efectos, e supeditárense de forma estricta ás disponibilidades orzamentarias e ós límites dos escenarios orzamentarios plurianuais.

Artigo 27. *Principios e regras de xestión orzamentaria.*

1. A xestión do sector público estatal está sometida ó réxime de orzamento anual aprobado polas Cortes Xerais e enmarcado nos límites dun escenario plurianual.

2. Os créditos orzamentarios da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos e das entidades integrantes do sector público estatal con orzamento limitativo destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que fosen autorizados pola Lei de orzamentos xerais do Estado ou polas modificacións realizadas conforme esta lei.

O carácter limitativo e vinculante dos ditos créditos será o correspondente ó nivel de especificación con que aparezan naqueles.

3. Os recursos do Estado, os de cada un dos seus organismos autónomos e os das entidades integrantes do sector público estatal con orzamento limitativo destinaranse a satisfacerlo conxunto das súas respectivas obrigacións, salvo que por lei se estableza a súa afectación a fins determinados.

4. Os dereitos liquidados e as obrigacións recoñecidas aplicaranse ós orzamentos polo seu importe íntegro, sen que se poidan atender obrigacións mediante minoración dos dereitos para liquidar ou xa ingresados, salvo que a lei o autorice de modo expreso.

Exceptúanse da anterior disposición as devolucións de ingresos que se declaren indebidos polo tribunal ou autoridade competentes e as previstas na normativa reguladora dos ditos ingresos, o reembolso do custo das garantías achegadas polos administrados para obter a suspensión cautelar do pagamento dos ingresos orzamentarios, en canto adquira firmeza a declaración da súa improcedencia, e as participacións na recadación dos tributos cando así estea previsto legalmente.

Para os efectos deste punto entenderase por importe íntegro o resultante despois de aplicar as exencións e bonificacións que sexan procedentes.

5. O orzamento e as súas modificacións conterán información abonda e adecuada para permitirla verificación do cumprimento dos principios e regras que os rexen e dos obxectivos que se propoña acadar.

## CAPÍTULO II

## Programación orzamentaria e obxectivo de estabilidade

Artigo 28. *Escenarios orzamentarios plurianuais e obxectivo de estabilidade.*

1. Os escenarios orzamentarios plurianuais nos que se enmarcarán anualmente os orzamentos xerais do Estado constitúen a programación da actividade do sector público estatal con orzamento limitativo na que se definirán os equilibrios orzamentarios básicos, a previsible evolución dos ingresos e os recursos que hai que asignar ás políticas de gasto, en función dos seus correspondentes obxectivos estratéxicos e os compromisos de gasto xa asumidos. Os escenarios orzamentarios plurianuais determinarán os límites, referidos ós tres exercicios seguintes, que a acción de goberno debe respectar nos casos en que as súas decisións teñan incidencia orzamentaria.

2. Os escenarios orzamentarios plurianuais axustaranse ó obxectivo de estabilidade orzamentaria correspondente ó Estado e á Seguridade Social establecido de acordo co previsto no artigo 8 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, referido ós tres exercicios seguintes.

3. Os escenarios orzamentarios plurianuais serán confeccionados polo Ministerio de Facenda, que dará conta deles ó Consello de Ministros con anterioridade á aprobación do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano e, se é o caso, conterán a actualización das previsións contidas nos escenarios orzamentarios aprobados no exercicio anterior.

4. Os escenarios orzamentarios plurianuais estarán integrados por un escenario de ingresos e un escenario de gastos.

O escenario de ingresos terá en conta os efectos tendenciais da economía, os conxunturais que se poidan estimar e os derivados de cambios previstos na normativa que os regula.

O escenario de gastos asignará os recursos dispoñibles de conformidade coas prioridades establecidas para a realización das distintas políticas de gasto, tendo en conta en todo caso as obrigacións derivadas da actividade do sector público que teñan o seu vencemento no período que haxa que considerar e os compromisos de gasto existentes no momento da súa elaboración que poidan xerar obrigacións con vencemento no período que comprenda.

Artigo 29. *Programas plurianuais ministeriais.*

1. Os escenarios orzamentarios plurianuais conterán a distribución orgánica dos recursos dispoñibles e desenvolveranse en programas plurianuais, referidos ós tres exercicios seguintes, e axustados ás súas previsións e límites, nos cales por centros xestores se establecerán os obxectivos que hai que conseguir e as accións necesarias para os acadar así como as dotacións dos programas orzamentarios.

2. Os programas plurianuais serán remitidos anualmente ó Ministerio de Facenda para a elaboración dos escenarios orzamentarios plurianuais.

3. O programa plurianual de cada ministerio deberá conter os programas de tódolos centros xestores que del dependan e será aprobado polo ministro. O programa plurianual da Seguridade Social será elaborado separadamente polo ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

4. Os programas de actuación plurianual das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís estatais e demais entidades integrantes do sector público estatal sen orzamento limitativo, establecidos no artigo 65 desta lei integraranse, para efectos informativos, nos programas plurianuais dos ministerios de que dependan funcionalmente.

5. O procedemento de elaboración e a estrutura dos programas plurianuais e de actuación plurianual establecerase por orde do ministro de Facenda, na cal se determinará o prazo e a forma de remisión ó Ministerio de Facenda.

6. Os programas plurianuais establecerán o seu contido referido ós extremos seguintes:

a) Os obxectivos plurianuais expresados de forma obxectiva, clara e mensurable para alcanzar no período, estruturados por programas ou grupos de programas orzamentarios.

b) A actividade que hai que realizar para a consecución dos obxectivos.

c) Os medios económicos, materiais e persoais necesarios con especificación dos créditos que, para o logro dos obxectivos anuais que os ditos programas establezan, se propón pór á disposición dos centros xestores do gasto responsables da súa execución.

d) Os investimentos reais e financeiros que hai que realizar.

e) Os indicadores de execución asociados a cada un dos obxectivos que permitan a medición, seguimento e avaliación do resultado en termos de eficacia, eficiencia, economía e calidade.

7. Os programas plurianuais deberán ter un contido coherente cos plans sectoriais e con outros programas de actuación existentes no ámbito de cada departamento.

#### Artigo 30. *Programas plurianuais dos centros xestores.*

1. Os programas plurianuais dos distintos centros xestores do gasto intégranse no programa plurianual de cada ministerio e serán elaborados polos titulares dos referidos centros e o seu contido axustarase ó establecido para o dito programa plurianual no punto 6 do artigo 29 desta lei.

2. O procedemento de elaboración e a estrutura dos programas plurianuais dos centros xestores do gasto estableceranse por orde do ministro de Facenda.

#### Artigo 31. *Asignación orzamentaria e obxectivos.*

1. Os orzamentos xerais do Estado axeitaranse ós escenarios orzamentarios plurianuais e atenderán á consecución dos obxectivos que se establecesen nos programas plurianuais dos distintos departamentos ministeriais, con suxeición, en todo caso, ás restricións que para o cumprimento dos obxectivos de política económica determine o Goberno para o exercicio a que se refiran.

2. As asignacións orzamentarias ós centros xestores de gasto efectuaranse tomando en conta, entre outras circunstancias, o nivel de cumprimento dos obxectivos en exercicios anteriores.

Os obxectivos de carácter instrumental teranse que pór en relación cos obxectivos finais na consecución dos cales participan.

## CAPÍTULO III

### Contido, elaboración e estrutura

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> CONTIDO E PRINCIPIOS DE ORDENACIÓN

##### Artigo 32. *Definición.*

Os orzamentos xerais do Estado constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática dos dereitos e obrigacións que ten liquidar durante o exercicio cada un dos órganos e entidades que forman parte do sector público estatal.

##### Artigo 33. *Alcance subxectivo e contido.*

1. Os orzamentos xerais do Estado estarán integrados:

a) Polos orzamentos dos órganos con dotación diferenciada e dos suxeitos que integran o sector público administrativo.

b) Polos orzamentos de operacións correntes e os de operacións de capital e financeiras das entidades do sector público empresarial e do sector público fundacional.

c) Polos orzamentos dos fondos a que se refire o artigo 2.2 desta lei.

2. Os orzamentos xerais do Estado determinarán:

a) As obrigacións económicas que, como máximo, poden recoñecer-los suxeitos referidos na alínea a) do punto anterior.

b) Os dereitos que deberán recoñecer durante o correspondente exercicio os entes mencionados na alínea anterior.

c) Os gastos e ingresos e as operacións de investimento e financeiras que deben realizalas entidades previstas na alínea b) do punto anterior.

d) Os obxectivos que deberá alcanzar no exercicio cada un dos xestores responsables dos programas cos recursos que o respectivo orzamento lles asigna.

e) A estimación dos beneficios fiscais que afecten os tributos do Estado.

f) As operacións financeiras dos fondos a que se refire a alínea c) do punto anterior.

##### Artigo 34. *Ámbito temporal.*

1. O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural, e a el imputaranse:

a) Os dereitos económicos liquidados durante o exercicio, calquera que sexa o período de que deriven.

b) As obrigacións económicas recoñecidas ata a fin do mes de decembro, sempre que correspondan a adquisicións, obras, servizos, prestacións ou, en xeral, gastos realizados dentro do exercicio e con cargo ós respectivos créditos.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, aplicaranse ós créditos do orzamento vixente no momento da expedición das ordes de pagamento, as obrigacións que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós orzamentos xerais do Estado así como as que teñan a súa orixe en resolucións xudiciais.

3. Os titulares dos departamentos ministeriais poderán autorizar, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos, a imputación ós créditos do exercicio corrente de obrigacións xeradas en exercicios anteriores como consecuencia de compromisos de gasto adquiridos, de conformidade co ordenamento, para os que houbese crédito dispoñible no exercicio de proce-

dencia. A decisión do departamento ministerial deixará constancia, en calquera caso, das causas polas que non se procedeu á imputación a orzamento no exercicio en que se xerou a obrigaón.

Cando se trate de obrigaóns a cargo da Seguridade Social, a iniciativa corresponderalles ós directores ou presidentes das entidades que integran o sistema da Seguridade Social e a autorización corresponderalle ó ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

No ámbito do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, a autorización corresponderalle ó ministro de Sanidade e Consumo, por iniciativa do director da entidade.

Unha vez autorizada a imputación remitirase copia á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda, para a súa toma de razón.

4. No caso de obrigaóns de exercicios anteriores que fose necesario imputar a orzamento e non se atopen comprendidas nos supostos previstos nos puntos anteriores, a imputación requirirá norma con rango de lei que a autorice.

### Artigo 35. *Os créditos e programas orzamentarios.*

1. Son créditos orzamentarios cada unha das asignacións individualizadas de gasto, que figuran nos orzamentos dos órganos e entidades a que se refire o artigo 33.1.a) desta lei, postas á disposición dos centros xestores para a cobertura das necesidades para as que fosen aprobados. A súa especificación virá determinada, de acordo coa agrupación orgánica, por programas e económica que en cada caso proceda, conforme o establecido nos artigos 40, 43 e 44 desta lei, sen prexuízo dos desagregamentos necesarios para efectos da adecuada contabilización da súa execución.

2. Os programas orzamentarios de carácter plurianual e baixo a responsabilidade do titular do centro xestor do gasto consisten no conxunto de gastos que se considera necesario realizar no desenvolvemento de actividades orientadas á consecución de determinados obxectivos preestablecidos que poden ter por finalidade: a) a produción de bens e servizos, b) o cumprimento de obrigaóns específicas ou c) a realización das demais actividades encomendadas ós centros xestores do gasto.

3. As actividades propias de servizos horizontais e as instrumentais poderán configurarse como programas de apoio para unha mellor ordenación e xestión dos créditos necesarios para a súa realización.

4. Constitúe un programa de gasto do orzamento anual o conxunto de créditos que, para o logro dos obxectivos anuais que este estableza, se poñen á disposición do xestor responsable da súa execución. Estes constitúen a concreción anual dos programas orzamentarios de carácter plurianual.

A comprobación do grao de cumprimento dun programa orzamentario efectuarase en función dos resultados cando estes sexan mensurables e identificables. Cando os resultados non sexan mensurables a efectividade do programa farase mediante indicadores que permitan a súa medición indirecta.

### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> ELABORACIÓN DO ORZAMENTO

#### Artigo 36. *Procedemento de elaboración.*

1. A fixación anual do límite de gasto non financeiro que debe respecta-lo orzamento do Estado efectuarase coa extensión e na forma prevista no artigo 8 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

2. O procedemento polo cal se rexerá a elaboración dos orzamentos xerais do Estado establecerase por orde

do ministro de Facenda e suxeitarase ás normas seguintes:

Primeira. As directrices para a distribución do gasto, establecendo os criterios de elaboración das propostas de orzamentos e os seus límites cuantitativos coas prioridades e limitacións que deban respectarse, serán determinadas polo ministro de Facenda.

Con este fin, constituirase a Comisión de Políticas de Gasto, a composición da cal será determinada por orde do ministro de Facenda.

A comisión respectará a adecuación dos criterios de establecemento de prioridades e de elaboración das propostas ós límites e obxectivos de política orzamentaria que os orzamentos deban cumprir.

Segunda. Os ministerios e os demais órganos do Estado con dotacións diferenciadas nos orzamentos xerais do Estado remitiranlle ó Ministerio de Facenda as súas correspondentes propostas de orzamento, axustadas ós límites que as directrices establecesen.

Do mesmo xeito, os distintos ministerios remitirán ó de Facenda as propostas de orzamentos de ingresos e gastos de cada un dos organismos autónomos e outras entidades a eles adscritos.

O Ministerio de Sanidade e Consumo enviará as propostas de orzamento de ingresos e de gastos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria ó Ministerio de Facenda que formará o anteproxecto definitivo e o remitirá ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a súa incorporación ó da Seguridade Social.

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais enviará as propostas de orzamento de ingresos e de gastos do Instituto de Migracións e Servizos Sociais ó Ministerio de Facenda que formará o anteproxecto definitivo e o remitirá ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a súa incorporación ó da Seguridade Social.

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, cos anteproxectos elaborados polas entidades xestoras, servizos comúns e mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, formará o anteproxecto de orzamento da Seguridade Social, ó que se incorporarán os anteproxectos de orzamentos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Migracións e Servizos Sociais e remitirao ó Ministerio de Facenda.

Os ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Facenda elevarán o anteproxecto de orzamento da Seguridade Social ó Goberno para a súa aprobación.

Así mesmo, os ministerios remitirán as propostas que conteñan os orzamentos de operacións correntes e de operacións de capital e financeiras das entidades públicas empresariais, das sociedades mercantís estatais e das fundacións do sector público estatal que dependan funcionalmente de cada un deles, acompañadas da documentación a que se refire o artigo 29 desta lei.

Terceira. As propostas de orzamento de gastos irán acompañadas, para cada programa, da súa correspondente memoria de obxectivos anuais fixados, conforme o programa plurianual respectivo, dentro dos límites que resulten alcanzables coas dotacións previstas para cada un dos programas.

Cuarta. No marco deste procedemento, por orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais estableceranse as especificacións propias do procedemento de elaboración dos orzamentos da Seguridade Social.

3. O orzamento de ingresos da Administración xeral do Estado será elaborado polo Ministerio de Facenda, de forma que se axuste á distribución de recursos da programación plurianual prevista no artigo 29 e ó cumprimento dos obxectivos de política económica establecidos polo Goberno para o exercicio.

4. As propostas e demais documentación necesaria para a elaboración dos orzamentos xerais do Estado formularanse e tramitaranse servíndose dos medios informáticos que estableza para o efecto o Ministerio de Facenda quen así mesmo fixará os prazos para a súa presentación na orde que estableza o procedemento de elaboración do anteproxecto.

5. Corresponderalle ó ministro de Facenda elevar ó acordo do Goberno o anteproxecto da Lei de orzamentos xerais do Estado.

#### Artigo 37. *Remisión ás Cortes Xerais.*

1. O proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado, integrado polo articulado cos seus anexos e os estados de ingresos e de gastos, co nivel de especificación de créditos establecido nos artigos 40 e 41 desta lei, será remitido ás Cortes Xerais antes do día 1 de outubro do ano anterior ó que se refira.

2. Ó proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado xuntaráse a seguinte documentación complementaria:

a) As memorias descritivas dos programas de gasto e os seus obxectivos anuais.

b) As memorias explicativas dos contidos de cada orzamento, con especificación das principais modificacións que presenten en relación cos vixentes.

c) Un anexo co desenvolvemento económico dos créditos, por centros xestores de gasto.

d) Un anexo, de carácter plurianual dos proxectos de investimento público, que incluíra a súa clasificación territorial.

e) A liquidación dos orzamentos do ano anterior e un avance da liquidación do exercicio corrente.

f) As contas e balances da Seguridade Social do ano anterior.

g) Os estados consolidados dos orzamentos.

h) Un informe económico e financeiro.

i) Unha memoria dos beneficios fiscais.

#### Artigo 38. *Prórroga dos orzamentos xerais do Estado.*

1. Se a lei de orzamentos xerais do Estado non se aprobouse antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, consideraranse automaticamente prorrogados os orzamentos iniciais do exercicio anterior ata a aprobación e a publicación dos novos no «Boletín Oficial del Estado».

2. A prórroga non afectará os créditos para gastos correspondentes a programas ou actuacións que terminen no exercicio do cal os orzamentos se prorrogan ou para obrigacións que se extingan nel.

3. A estrutura orgánica do orzamento prorrogado adaptarase, sen alteración da contía total, á organización administrativa en vigor no exercicio en que o orzamento se deba executar.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> ESTRUCTURAS ORZAMENTARIAS

#### Artigo 39. *Estructura dos orzamentos do sector público estatal.*

A estrutura dos orzamentos xerais do Estado e dos seus anexos determinarase, de acordo co establecido nesta lei, o Ministerio de Facenda tendo en conta a organización do sector público estatal, a natureza económica dos ingresos e dos gastos e as finalidades e obxectivos que se pretenda conseguir.

#### Artigo 40. *Estructura dos estados de gastos dos orzamentos xerais do Estado.*

1. Os estados de gastos dos orzamentos a que se refire o artigo 33.1.a) desta lei estruturaranse de acordo coas seguintes clasificacións:

a) A clasificación orgánica que agrupará por seccións e servicios os créditos asignados ós distintos centros xestores de gasto dos órganos con dotación diferenciada nos orzamentos, a Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades da Seguridade Social e outras entidades, segundo proceda.

b) A clasificación por programas, que lle permitirá ós centros xestores agruparen os seus créditos conforme o sinalado no artigo 35 desta lei e estableceren, de acordo co Ministerio de Facenda, os obxectivos que hai que conseguir como resultado da súa xestión orzamentaria. A estrutura de programas axeitarase ós contidos das políticas de gasto contidas na programación plurianual.

c) A clasificación económica, que agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes, as de capital, as financeiras e o Fondo de Continxencia de execución orzamentaria.

Nos créditos para operacións correntes distinguiranse os gastos de persoal, os gastos correntes en bens e servicios, os gastos financeiros e as transferencias correntes.

Nos créditos para operacións de capital distinguiranse os investimentos reais e as transferencias de capital.

O Fondo de Continxencia recollerá a dotación para atender necesidades imprevistas na forma establecida no artigo 15 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

Nos créditos para operacións financeiras distinguiranse as de activos financeiros e as de pasivos financeiros.

Os capítulos desagregaranse en artigos e estes, pola súa vez, en conceptos, que se poderán dividir en subconceptos.

2. Con independencia da estrutura orzamentaria, os créditos identificaranse funcionalmente de acordo coa súa finalidade, deducida do programa en que aparezan ou, excepcionalmente, da súa propia natureza, co obxecto de dispor dunha clasificación funcional do gasto.

#### Artigo 41. *Estructura dos estados de ingresos.*

Os estados de ingresos dos orzamentos a que se refire o artigo 33.1.a) desta lei estruturaranse seguindo as clasificacións orgánica e económica:

a) A clasificación orgánica distinguir os ingresos correspondentes á Administración xeral do Estado e os correspondentes a cada un dos organismos autónomos, os da Seguridade Social e os doutras entidades, segundo proceda.

b) A clasificación económica agrupará os ingresos, separando os correntes, os de capital, e as operacións financeiras.

Nos ingresos correntes distinguiranse: impostos directos e cotizacións sociais, impostos indirectos, taxas, prezos públicos e outros ingresos, transferencias correntes e ingresos patrimoniais.

Nos ingresos de capital distinguiranse: alleamento de investimentos reais e transferencias de capital.

Nas operacións financeiras distinguiranse: activos financeiros e pasivos financeiros.

Os capítulos desagregaranse en artigos e estes, pola súa vez, en conceptos, que se poderán dividir en subconceptos.

## CAPÍTULO IV

## Dos créditos e das súas modificacións

SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DISPOSICIÓNS XERAISArtigo 42. *Especialidade dos créditos.*

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que fosen autorizados pola lei de orzamentos ou á que resulte das modificacións aprobadas conforme esta lei.

Artigo 43. *Especificación dos orzamentos do Estado.*

1. No orzamento do Estado os créditos especificaranse a nivel de concepto, agás os créditos destinados a gastos de persoal e os gastos correntes en bens e servicios, que se especificarán a nivel de artigo e os investimentos reais a nivel de capítulo.

2. Non obstante, especificaranse ó nivel que corresponda conforme a súa concreta clasificación económica os seguintes créditos:

- a) Os destinados a atencións protocolarias e representativas e os gastos reservados.
- b) Os declarados ampliables conforme o establecido no artigo 54 desta lei.
- c) Os que establezan subvencións nominativas.
- d) Os que, se é o caso, se establezan na lei de orzamentos de cada exercicio.
- e) Os créditos extraordinarios que se concedan durante o exercicio.

Artigo 44. *Especificación do orzamento dos organismos autónomos e da Seguridade Social.*

1. No orzamento dos organismos autónomos, da Seguridade Social e, se é o caso, das demais entidades do punto 1 do artigo 3 desta lei, excepto as relacionadas no artigo anterior, os créditos especificaranse a nivel de concepto, salvo os destinados a gastos de persoal, gastos correntes en bens e servicios e os investimentos reais, que se especificarán a nivel de capítulo.

2. Non obstante, especificaranse ó nivel que corresponda conforme a súa concreta clasificación económica, os seguintes créditos:

- a) Os destinados a atencións protocolarias e representativas.
- b) Os declarados ampliables conforme o establecido no artigo 54 desta lei.
- c) Os que establezan subvencións nominativas.
- d) Os que, se é o caso, se establezan na lei de orzamentos de cada exercicio.
- e) Os créditos extraordinarios que se concedan durante o exercicio.

3. Os créditos do orzamento da Seguridade Social especificaranse a nivel de grupo de programas, excepto os créditos para a acción protectora na súa modalidade non contributiva e universal que se especificarán a nivel de programa.

Artigo 45. *Dispoñibilidade líquidas dos organismos autónomos e outras entidades integrantes do sector público estatal.*

Autorízase o ministro de Facenda para declarar non dispoñibles as transferencias correntes ou de capital destinadas ás entidades integrantes do sector público esta-

tal, cando como consecuencia da existencia de suficientes dispoñibilidade líquidas, puidesen non resultar necesarias para o exercicio da súa actividade orzada.

Así mesmo, autorízase o ministro de Facenda para requirilo ingreso no Tesouro da totalidade ou parte das ditas dispoñibilidade líquidas, con excepción das procedentes de cotizacións sociais e conceptos de recadación conxunta, cando puidesen non ser necesarias para financia-lo exercicio da actividade indicada. Cando nas ditas entidades existan órganos colexiados de administración, o ingreso deberá ser previamente acordado por eles.

Artigo 46. *Limitación dos compromisos de gasto.*

Os créditos para gastos son limitativos. Non poderán adquirirse compromisos de gasto nin adquirirse obrigacións por contía superior ó importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais con rango inferior a lei que incumpran esta limitación, sen prexuízo das responsabilidades reguladas no título VII desta lei.

Artigo 47. *Compromisos de gasto de carácter plurianual.*

1. Poderanse adquirir compromisos de gastos que teñan que estenderse a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen, sempre que non superen os límites e anualidades fixados no número seguinte.

2. O número de exercicios a que se poden aplicar os gastos non será superior a catro. O gasto que se impute a cada un dos exercicios posteriores non poderá exceder da cantidade que resulte de lle aplicar ó crédito inicial a que corresponda a operación as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 70 por cento, no segundo exercicio, o 60 por cento, e nos exercicios terceiro e cuarto, o 50 por cento.

As retencións a que se refire a disposición adicional décimo cuarta do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, computarán para efectos dos límites establecidos polas anteriores porcentaxes.

Estas limitacións non lles serán de aplicación ós compromisos derivados da carga financeira da débeda e dos arrendamentos de inmoables, incluídos os contratos mixtos de arrendamento e adquisición.

Cando non exista crédito inicial e haxa que realizar algún gasto que non se poida demorar ata o exercicio seguinte e del se deriven compromisos que se estendan a exercicios futuros, as porcentaxes anteriores aplicaranse sobre o crédito que se dote mediante as transferencias de crédito previstas no artigo 51 a). Neste suposto, os límites a que se refire este punto computaranse conxuntamente.

3. O Goberno, en casos especialmente xustificados, poderá acorda-la modificación das porcentaxes anteriores, incrementa-lo número de anualidades ou autoriza-la adquisición de compromisos de gastos que haxa que atender en exercicios posteriores no caso de non existir crédito inicial. Para estes efectos, o ministro de Facenda, por iniciativa do ministerio correspondente, elevará ó Consello de Ministros a oportuna proposta, logo de informe da Dirección Xeral de Orzamentos que acredite a súa coherencia coa programación a que se refiren os artigos 28 e 29 desta lei.

4. Os compromisos a que se refire este artigo especificaranse nos escenarios orzamentarios plurianuais e deberán ser obxecto de contabilización separada.

**Artigo 48. Adquisicións, obras con pagamento adiado e outros compromisos de carácter plurianual.**

1. Poderá ser diferido o vencemento da obrigaçión de pagamento do prezo de compra de bens inmoebles adquiridos directamente o importe dos cales exceda de seis millóns de euros, sen que, en ningún caso, o desembolso inicial no momento da sinatura da escritura poida ser inferior ó 25 por cento do prezo, podéndose distribuí-lo resto nos catro exercicios seguintes dentro das limitacións porcentuais contidas no artigo 47 desta lei.

2. O procedemento descrito no artigo 47 desta lei será de aplicación no caso dos contratos de obras que se efectúen baixo a modalidade de aboamento total deles, segundo o previsto no artigo 99.2. do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño.

**Artigo 49. Temporalidade dos créditos.**

1. Con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento só se poderán contraer obrigaçións derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no propio exercicio orzamentario, sen prexuízo das excepcións establecidas nos puntos 2 e 3 do artigo 34 desta lei.

2. Os créditos para gastos que no último día do exercicio orzamentario non estean afectados ó cumprimento de obrigaçións xa recoñecidas, quedarán anulados de pleno dereito, sen prexuízo do establecido no artigo 58 desta lei.

**Artigo 50. Fondo de Continxencia de execución orzamentaria.**

1. O orzamento do Estado, co fin de facer fronte durante o exercicio orzamentario a necesidades inaprazables, de carácter non discrecional para as que non se fixese en todo ou en parte a axeitada dotación de crédito, incluírá unha sección baixo a rúbrica «Fondo de Continxencia de execución orzamentaria», por importe do dous por cento do total de gastos para operacións non financeiras, destinado unicamente a financiar, cando proceda, as modificacións seguintes:

- a) As ampliacións de crédito reguladas no artigo 54.
- b) Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, de conformidade co previsto no artigo 55.
- c) As incorporacións de crédito, conforme o artigo 58.

En ningún caso se poderá utiliza-lo fondo para financiar modificacións destinadas a dar cobertura a gastos ou actuacións que deriven de decisións discrecionais da Administración, que carezan de cobertura orzamentaria.

2. A aplicación do Fondo de Continxencia aprobase, por proposta do ministro de Facenda, mediante acordo do Consello de Ministros previamente á autorización das respectivas modificacións de crédito.

3. O Goberno remitirá ás Cortes Xerais, a través do ministro de Facenda, un informe trimestral acerca da utilización do fondo regulado neste artigo.

**SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DAS MODIFICACIÓNS DE CRÉDITOS**

**Artigo 51. Modificación dos créditos iniciais.**

A contía e a finalidade dos créditos contidos nos orzamentos de gastos só poderán ser modificadas durante

o exercicio, dentro dos límites e conforme o procedemento establecido nos artigos seguintes, mediante:

- a) Transferencias.
- b) Xeracións.
- c) Ampliacións.
- d) Créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
- e) Incorporacións.

**Artigo 52. Transferecias de crédito.**

1. As transferencias son traspasos de dotacións entre créditos. Pódense realizar entre os diferentes créditos do orzamento incluso coa creación de créditos novos, coas seguintes restricións:

a) Non se poderán realizar desde créditos para operacións financeiras ó resto dos créditos, nin desde créditos para operacións de capital a créditos para operacións correntes.

b) Non se poderán realizar entre créditos de distintas seccións orzamentarias.

c) Non minorarán créditos extraordinarios ou créditos que se suplementasen ou ampliasen no exercicio. Esta restrición non afectará créditos con carácter ampliable das entidades que integran o sistema da Seguridade Social ou cando afecten créditos da sección 06 débeda pública.

d) No ámbito das entidades que integran o sistema da Seguridade Social non se poderán minorar créditos ampliables salvo para financiar outros créditos ampliables.

2. As anteriores restricións non afectarán as transferencias de crédito que se deban realizar como consecuencia de reorganizacións administrativas ou traspaso de competencias a comunidades autónomas; as que se deriven de convenios ou acordos de colaboración entre distintos departamentos ministeriais, órganos do Estado con seccións diferenciadas no orzamento do Estado ou organismos autónomos; as que se efectúen para dar cumprimento ó disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español e as que se realicen desde o programa de imprevistos.

3. En ningún caso as transferencias poderán crear créditos destinados a subvencións nominativas salvo que estas deriven de norma con rango de lei ou se trate de subvencións ou achegas a outros entes do sector público estatal.

**Artigo 53. Xeracións de crédito.**

1. As xeracións son modificacións que incrementan os créditos como consecuencia da realización de determinados ingresos non previstos ou superiores ós previstos no orzamento inicial.

2. Poderán dar lugar a xeracións os ingresos realizados no propio exercicio como consecuencia de:

a) Achega do Estado ós organismos autónomos ou ás entidades con orzamento limitativo, así como dos organismos autónomos e as entidades con orzamento limitativo e outras persoas naturais ou xurídicas ó Estado ou outros organismos autónomos ou entidades con orzamento limitativo, para financiar conxuntamente gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos asignados a eles.

- b) Ventas de bens e prestación de servicios.
- c) Alleamentos de inmovilizado.
- d) Reembolsos de préstamos.
- e) Ingresos legalmente afectados á realización de actuacións determinadas.



f) Ingresos por reintegros de pagamentos indebidos realizados con cargo a créditos do orzamento corrente.

3. A xeración só se poderá realizar cando se efectuasen os correspondentes ingresos que a xustifican. Non obstante, no caso dos organismos autónomos, a xeración como consecuencia do suposto previsto na alínea a) do punto anterior poderase realizar unha vez efectuado o recoñecemento do dereito polo organismo ou cando exista un compromiso firme de achega, sempre que o ingreso se prevexa realizar no propio exercicio.

4. Cando os ingresos proveñan da venda de bens ou prestacións de servizos, as xeracións efectuaranse unicamente naqueles créditos destinados a cubriren gastos da mesma natureza que os que se orixinaron pola adquisición ou produción dos bens alleados ou pola prestación do servizo.

Cando o alleamento se refira a inmovilizado, a xeración unicamente se poderá realizar nos créditos correspondentes a operacións da mesma natureza económica.

Os ingresos procedentes de reembolso de préstamos unicamente poderán dar lugar a xeracións naqueles créditos destinados á concesión de novos préstamos.

5. Con carácter excepcional poderán xerar crédito no orzamento do exercicio os ingresos realizados no último trimestre do exercicio anterior.

#### Artigo 54. *Créditos ampliables.*

1. Excepcionalmente terán a condición de ampliables os créditos destinados ó pagamento de pensións de clases pasivas do Estado e os destinados a atender obrigacións específicas do respectivo exercicio, derivadas de normas con rango de lei, que de xeito taxativo e debidamente explicitados se relacionen no estado de gastos dos orzamentos xerais do Estado e, na súa virtude, poderá ser incrementada a súa contía ata o importe que alcancen as respectivas obrigacións.

Así mesmo, terán a condición de ampliables os créditos destinados a satisfacer obrigacións derivadas da débeda do Estado e dos seus organismos autónomos, tanto por xuros e amortizacións de principal como por gastos derivados das operacións de emisión, conversión, troco ou amortización dela.

2. En todo caso, considéranse ampliables na contía resultante das obrigacións que se recoñezan e liquiden segundo as disposicións en cada caso aplicables, os créditos incluídos nos orzamentos da Seguridade Social que se detallan a seguir:

a) Os destinados ó pagamento de pensións de todo tipo; prestacións por incapacidade temporal, protección á familia, maternidade, e risco durante o embarazo, así como as entregas únicas e os subsidios de recuperación, sempre que se encontren legal ou regulamentariamente establecidos e sexa obrigatorio e non graciable o seu pagamento por parte da Seguridade Social e a súa contía estea obxectivamente determinada.

b) Os destinados ó pagamento dos subsidios de garantía de ingresos mínimos, de mobilidade e para axuda de terceira persoa, previstos na Lei de integración social de minusválidos, na medida en que se ampliasen no orzamento do Estado.

c) Os que amparan a constitución de capitais-renda para o pagamento de pensións.

3. As ampliacións de crédito que afecten operacións do orzamento do Estado financiaranse con cargo ó Fondo de Continxencia, conforme o previsto no artigo 50 desta lei, ou con baixa noutros créditos do orzamento non financeiro.

O financiamento das ampliacións de crédito no orzamento dos organismos autónomos unicamente se poderá realizar con cargo á parte do remanente de tesourería á fin do exercicio anterior que non fose aplicada no orzamento do organismo ou con maiores ingresos sobre os previstos inicialmente.

No caso de que o financiamento proposto para a modificación do orzamento do organismo faga necesaria a modificación do orzamento de gastos do Estado, ambas as modificacións acordaranse mediante o procedemento que lle sexa de aplicación á do Estado.

O financiamento das ampliacións de crédito no orzamento das entidades da Seguridade Social poderán realizarse con cargo á parte do remanente de tesourería á fin do exercicio anterior que non fose aplicada no orzamento, con maiores ingresos sobre os previstos inicialmente ou con baixa noutros créditos do orzamento.

4. Non se poderán ampliar créditos que fosen previamente minorados, salvo no ámbito das entidades que integran o sistema da Seguridade Social e no da sección 06 «Débeda pública» sempre que a súa aprobación non reduza a capacidade de financiamento do Estado no exercicio, computada na forma establecida polo punto 2 do artigo 3 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

#### Artigo 55. *Créditos extraordinarios e suplementos de crédito do Estado.*

1. Cando deba realizarse con cargo ó orzamento do Estado algún gasto que non se poida demorar ata o exercicio seguinte, e non exista crédito adecuado ou sexa insuficiente e non ampliable ou consignado e a súa dotación non resulte posible a través das restantes figuras previstas no artigo 51, deberase proceder á tramitación dun crédito extraordinario ou suplementario do inicialmente previsto. O financiamento destes realizarase da forma que se indica a seguir:

a) Se a necesidade xurdise en operacións non financeiras do orzamento, o crédito extraordinario ou suplementario financiarase mediante baixa nos créditos do Fondo de Continxencia ou noutros non financeiros que se consideren adecuados.

b) Se a necesidade xurdise en operacións financeiras do orzamento, financiarase con débeda pública ou con baixa noutros créditos da mesma natureza.

2. O ministro de Facenda proporalle ó Consello de Ministros a remisión dun proxecto de lei ás Cortes Xerais, logo de informe da Dirección Xeral de Orzamentos e dictame do Consello de Estado nos seguintes casos:

a) Cando se trate de créditos extraordinarios para atender obrigacións de exercicios anteriores, tanto se se financia mediante baixa no Fondo de Continxencia como con baixa noutros créditos, ou cando se trate de suplementos de crédito para atender obrigacións de exercicios anteriores, cando deba financiarse con baixa noutros créditos.

b) Cando se trate de créditos extraordinarios ou suplementarios para atender obrigacións do propio exercicio cando se financien con baixa noutros créditos.

c) Cando se trate de créditos extraordinarios ou suplementarios que afecten operacións financeiras do orzamento.

3. O Consello de Ministros autorizará os créditos extraordinarios para atender obrigacións do exercicio corrente, así como os suplementos de crédito cando se financien con baixa no Fondo de Continxencia.

**Artigo 56. Regras para os créditos extraordinarios e suplementarios dos organismos autónomos.**

1. Cando a necesidade dun crédito extraordinario ou suplementario afecte o orzamento dun organismo autónomo tramitarase a súa autorización de conformidade co establecido nos puntos seguintes.

2. O financiamento dos créditos extraordinarios ou suplementarios unicamente poderá realizarse con cargo á parte do remanente de tesourería á fin do exercicio anterior que non fose aplicada no orzamento do organismo, ou con maiores ingresos sobre os previstos inicialmente.

No caso de o financiamento proposto para a modificación do orzamento do organismo facer necesaria a modificación do orzamento de gastos do Estado, ámbalas modificacións acordaranse conxuntamente, mediante o procedemento que lle sexa de aplicación á do Estado.

3. A competencia para autorizar créditos extraordinarios ou suplementarios corresponderá:

a) Ós presidentes ou directores dos organismos ata un importe do 10 por cento do correspondente capítulo do seu orzamento inicial de gastos, cando non supere a contía de 500.000 euros, excluídos os que afecten gastos de persoal ou os previstos no punto 2 do artigo 43 desta lei, dando conta dos acordos ó ministro de que dependan e ó ministro de Facenda.

b) Ó ministro de Facenda cando, superándose algún dos anteriores límites, non se acade o 20 por cento do correspondente capítulo do seu orzamento inicial de gastos nin se supere a contía de 1.000.000 de euros. Así mesmo, corresponderalle a autorización dos que se atopen entre os supostos de exclusión a que se refire a alínea a) sempre que a súa contía non supere os límites establecidos neste punto.

c) Ó Consello de Ministros nos restantes casos.

4. Os límites establecidos no punto 3 anterior, para os efectos de determina-la competencia para realizar estas modificacións, referiranse ó conxunto das efectuadas no exercicio orzamentario, computándose de forma independente segundo afecte gastos de persoal ou os incluídos no punto 2 do artigo 43 ou se trate do resto dos gastos.

Non se computarán para a determinación dos ditos límites as modificacións que se financien con incremento na achega do Estado.

5. O ministro de Facenda dará conta trimestralmente ás Cortes Xerais dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito tramitados ó abeiro deste artigo.

**Artigo 57. Créditos extraordinarios e suplementos de crédito da Seguridade Social.**

1. Cando a necesidade dun crédito extraordinario ou suplementario afecte o orzamento das entidades da Seguridade Social, tramitarase a súa autorización de conformidade co establecido nos puntos seguintes.

2. O financiamento dos créditos extraordinarios ou suplementarios unicamente se poderá realizar con cargo á parte do remanente de tesourería á fin do exercicio anterior que non fose aplicada no orzamento da entidade ou con maiores ingresos sobre os previstos inicialmente.

A competencia para autorizar créditos extraordinarios ou suplementarios corresponderá, logo de informe do Ministerio de Facenda, ó Goberno cando o seu importe sexa superior ó dous por cento do orzamento inicial de gastos da respectiva entidade e ó ministro de Traballo e Asuntos Sociais, ou ó de Sanidade e Consumo cando

a modificación afecte o orzamento do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, cando o seu importe non exceda da dita porcentaxe.

3. Os límites porcentuais establecidos no punto 2 anterior, para os efectos de determina-la competencia para acordar estas modificacións, referiranse ó conxunto das efectuadas no exercicio orzamentario para o respectivo orzamento, sen que sexan computables na súa determinación as financiadas con incremento da achega do Estado.

4. O ministro de Traballo e Asuntos Sociais dará conta trimestralmente ás Cortes Xerais dos créditos extraordinarios e dos suplementos de crédito concedidos ó abeiro deste artigo.

**Artigo 58. Incorporacións de crédito.**

Non obstante o disposto no artigo 49, poderanse incorporar ós correspondentes créditos dun exercicio os remanentes de crédito do exercicio anterior, nos seguintes casos:

a) Cando así o dispoña unha norma de rango legal.

b) Os procedentes das xeracións a que se refire o punto 2 do artigo 53, nas súas alíneas a) e e).

c) Os derivados de retencións efectuadas para o financiamento de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito, cando fose anticipado o seu pagamento de acordo co procedemento previsto nesta lei e as leis de concesión quedasen pendentes de aprobación polo Parlamento ó final do exercicio orzamentario.

d) Os que resulten de créditos extraordinarios e suplementos de crédito que fosen concedidos mediante norma con rango de lei no último mes do exercicio orzamentario anterior.

As incorporacións de crédito que afecten o orzamento do Estado financiaranse mediante baixa no Fondo de Continxencia conforme o previsto no artigo 50 desta lei ou con baixa noutros créditos de operacións non financeiras.

As incorporacións de crédito no orzamento de organismos autónomos e entidades da Seguridade Social unicamente se poderán realizar con cargo á parte do remanente de tesourería que á fin do exercicio anterior non fose aplicada ó orzamento do organismo.

No orzamento da Seguridade Social poderanse incorporar ós correspondentes créditos os remanentes que resulten dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito autorizados no último mes do exercicio anterior.

**Artigo 59. Aplicación de determinadas modificacións ó Fondo de Continxencia.**

Ás modificacións relativas ó pagamento da débeda pública, así como ás que non reduzan a capacidade de financiamento do Estado no exercicio, computada na forma establecida no artigo 3.2 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, non lles será de aplicación o establecido no artigo 16 da dita lei, con excepción dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito a que se refire o artigo 58.c) anterior.

**Artigo 60. Anticipos de tesourería.**

1. Con carácter excepcional, o Goberno, por proposta do ministro de Economía, poderá conceder anticipos de tesourería para atender gastos inaprazables, co límite máximo en cada exercicio do un por cento

dos créditos autorizados ó Estado pola Lei de orzamentos xerais do Estado, nos seguintes casos:

a) Cando, unha vez iniciada a tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios ou de suplementos de crédito, dictaminase favorablemente o Consello de Estado.

b) Cando se promulgase unha lei pola que se establezan obrigacións das cales o cumprimento esixa a concesión de crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

2. Se o crédito extraordinario ou o suplemento de crédito que se vaia conceder no orzamento do Estado se destinase a financiar necesidades formuladas no orzamento dos organismos autónomos, a concesión do anticipo de tesourería comportará a autorización para atender no organismo o pagamento das mencionadas necesidades mediante operacións de tesourería.

3. Se as Cortes Xerais non aprobasen o proxecto de Lei de concesión do crédito extraordinario ou do suplemento de crédito o Goberno, por proposta do ministro de Facenda, disporá a cancelación do anticipo de tesourería con cargo ós créditos do respectivo departamento ministerial ou organismo autónomo, se é o caso, dos cales a minoración ocasione menos trastornos para o servizo público.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> DAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

#### Artigo 61. *Competencias do Goberno.*

Correspóndelle ó Goberno, por proposta do ministro de Facenda e por iniciativa dos ministros afectados:

a) Autoriza-las transferencias entre distintas seccións orzamentarias como consecuencia de reorganizacións administrativas.

b) Autorizar, respecto do orzamento dos organismos autónomos, as modificacións previstas na alínea c) do punto 3 do artigo 56 desta lei.

c) Autorizar, respecto do orzamento da Seguridade Social, as modificacións reservadas ó Goberno no punto 2 do artigo 57 desta lei.

d) Autoriza-los créditos extraordinarios e suplementarios ós que se refire o punto 3 do artigo 55.

#### Artigo 62. *Competencias do ministro de Facenda.*

Correspóndelle ó ministro de Facenda:

1. Autoriza-las seguintes modificacións orzamentarias:

a) As transferencias non reservadas á competencia do Consello de Ministros que, conforme o artigo 63, non poidan acordar directamente os titulares dos departamentos afectados.

b) As xeracións previstas na alínea c) do punto 2 do artigo 53 e as que corresponda realizar no orzamento do Estado nos supostos definidos nas alíneas b) e e) do mesmo punto, aínda cando os ingresos se realizasen no último trimestre do exercicio anterior.

c) As incorporacións de remanentes reguladas no artigo 58.

d) As ampliacións de crédito previstas no artigo 54.1.

e) As previstas, respecto do orzamento dos organismos autónomos, na alínea b) do punto 3 do artigo 56.

2. Acordar ou denega-las modificacións orzamentarias, nos supostos de competencia dos titulares dos ministerios e organismos autónomos, cando exista informe negativo da Intervención Delegada e o titular da competencia o remita en discrepancia ó ministro de Facenda.

#### Artigo 63. *Competencias dos ministros.*

1. Os titulares dos distintos ministerios poderán autorizar, logo de informe favorable da Intervención Delegada competente no ministerio ou, se é o caso, nas entidades a que se refire o artigo 3.1 desta lei, as seguintes modificacións orzamentarias:

a) Transferencias entre créditos dun mesmo programa ou entre programas dun mesmo servizo, incluso coa creación de créditos novos no caso dos destinados a compra de bens correntes e servizos ou investimentos reais, sempre que se atopen previamente previstos nos códigos que definen a clasificación económica e non se incrementen os de persoal ou os demais que enumera o punto 2 do artigo 43 desta lei.

b) Xeracións de crédito nos supostos previstos nas alíneas a), d) e f) do punto 2 do artigo 53 desta lei, aínda cando os ingresos se realizasen no último trimestre do exercicio anterior.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais exercerá, respecto do orzamento da Seguridade Social, as competencias que o artigo 62 lle outorga ó Ministerio de Facenda, salvo no caso da ampliación de créditos a que se refire a alínea d) deste artigo. Non obstante cando as transferencias incrementen créditos para a acción protectora da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva e universal con baixa en créditos destinados á acción protectora da Seguridade Social na súa modalidade contributiva, requirirase o informe favorable do Ministerio de Facenda. Na parte relativa ó orzamento de gastos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, esta competencia será exercida polo ministro de Sanidade e Consumo.

Os presidentes dos órganos do Estado con seccións diferenciadas nos orzamentos xerais do Estado terán as competencias establecidas neste número en relación coas modificacións orzamentarias do orzamento de gastos respectivo, sen prexuízo do principio de autonomía orzamentaria das Cortes Xerais. No caso dos presidentes dos órganos constitucionais non será de aplicación a limitación contida na alínea a) deste punto respecto do incremento dos gastos de persoal.

2. Os presidentes e directores dos organismos autónomos, e das restantes entidades comprendidas no artigo 3.1 desta lei, ademais das competencias que lles outorga o artigo 56 exercerán, referidas ós seus respectivos orzamentos, as relativas ás xeracións contidas nas alíneas b) e e) do punto 2 do artigo 53, así como as establecidas neste artigo a favor dos ministros, os cales as poderán avocar en todo ou en parte. Os acordos de avocación serán comunicados á Dirección Xeral de Orzamentos.

3. Corresponderalles ós presidentes e directores das entidades da Seguridade Social a autorización, nos seus respectivos orzamentos, das modificacións seguintes:

a) As xeracións de crédito a que se refire o artigo 53, excepto no suposto do punto 2.c), aínda cando os ingresos se realizasen no último trimestre do exercicio anterior.

b) As ampliacións do artigo 54.2.

c) As transferencias entre un mesmo programa e capítulo ou programas da mesma entidade e capítulo, incluso coa creación de créditos novos no caso dos destinados a compra de bens correntes e servizos e investimentos reais, sempre que non afecten gastos de persoal, actuacións protocolarias e representativas ou supoñan unha desviación nos obxectivos dos programas.

Non obstante, cando as transferencias incrementen créditos para a acción protectora da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva e universal con baixa en créditos destinados á acción protectora da Seguri-

dade Social na súa modalidade contributiva, requirirase o informe favorable do Ministerio de Facenda.

Estas competencias poderán ser avocadas, en todo ou en parte, polo ministro de Sanidade e Consumo respecto do orzamento de Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e polo ministro de Traballo e Asuntos Sociais con respecto ó orzamento das restantes entidades da Seguridade Social.

4. Unha vez autorizadas as modificacións orzamentarias a que se refire este artigo os acordos que afecten o orzamento do Estado ou dos seus organismos remitiranse á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda para instrumentala súa execución.

## CAPÍTULO V

### Das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís estatais e fundacións do sector público estatal

#### Artigo 64. *Orzamento.*

1. As sociedades mercantís estatais e as entidades públicas empresariais elaborarán un orzamento de explotación que detallará os recursos e dotacións anuais correspondentes. Así mesmo, formarán un orzamento de capital co mesmo detalle. Os orzamentos de explotación e de capital integraranse nos orzamentos xerais do Estado.

Tamén elaborarán orzamentos de explotación e de capital as entidades a que se refiren as alíneas g) e h) do punto 1 do artigo 2, integradas no sector público empresarial. As referencias realizadas neste capítulo ás entidades públicas empresariais aplicaranse así mesmo ás entidades expresadas neste parágrafo.

Os fondos a que se refire o punto 2 do artigo 2 desta lei e as fundacións do sector público estatal elaborarán, igualmente, orzamentos de explotación e de capital.

2. Os orzamentos de explotación e de capital estarán constituídos por unha previsión da conta de resultados e do cadro de financiamento do correspondente exercicio. Como anexo ós ditos orzamentos xuntaranse unha previsión do balance da entidade, así como a documentación complementaria que determine o Ministerio de Facenda.

3. As entidades remitirán os estados financeiros sinalados no punto anterior referidos, ademais de ó exercicio relativo ó proxecto de orzamentos xerais do Estado, á liquidación do último exercicio pechado e ó avance da liquidación do exercicio corrente.

4. Xunto cos orzamentos de explotación e de capital, as entidades remitirán unha memoria explicativa do seu contido, da execución do exercicio anterior e da previsión da execución do exercicio corrente.

#### Artigo 65. *Programa de actuación plurianual.*

1. As entidades que deban elaboralos orzamentos de explotación e de capital conforme o disposto no artigo 64 desta lei formularán, así mesmo, anualmente un programa de actuación plurianual, coas excepcións previstas no punto 2 do artigo 66 desta lei.

2. O programa de actuación plurianual estará integrado polos estados financeiros determinados no artigo 64 desta lei e, xunto coa documentación indicada no punto seguinte, reflectirá os datos económico-financeiros previstos para o exercicio relativo ó proxecto de orzamentos xerais do Estado e ós dos exercicios inmediatamente seguintes, segundo as liñas estratéxicas e obxectivos definidos para a entidade.

3. Ós programas de actuación plurianual xuntaráse-la información de carácter complementario seguinte:

- a) Hipóteses da evolución dos principais indicadores macroeconómicos que servisen de base para a elaboración dos programas de actuación plurianual.
- b) Premisas principais da formulación que conforme as liñas estratéxicas da entidade.
- c) Previsións plurianuais dos obxectivos que hai que acadar.
- d) Memoria das principais actuacións da entidade.
- e) Programa de investimentos.
- f) Plan financeiro do período que cuantificará os recursos e as fontes externas de financiamento.
- g) A restante documentación que determine o Ministerio de Facenda.

#### Artigo 66. *Tramitación.*

1. Os orzamentos de explotación e de capital serán remitidos polas entidades conxuntamente cos programas de actuación plurianual actualizados, antes do 10 de xullo de cada ano, a través do departamento do que dependan, ó Ministerio de Facenda. A estrutura básica e a documentación complementaria dos ditos documentos serán establecidas polo Ministerio de Facenda e desenvolveraa cada entidade conforme as súas necesidades.

2. Non están obrigados a presentalo programa de actuación plurianual aquelas sociedades mercantís estatais que, de acordo co disposto na lexislación mercantil vixente, poidan presentar balance abreviado, salvo que reciban con cargo ós orzamentos xerais do Estado subvencións de explotación ou capital ou outra achega de calquera natureza. Tampouco terán que presentalo programa de actuación plurianual as fundacións do sector público estatal.

3. As entidades que deban elaboralos orzamentos de explotación e de capital que posúan, directa ou indirectamente, a maioría de capital social dunha ou varias sociedades mercantís estatais poderán presentalos seus orzamentos de explotación e de capital e, se é o caso, os seus programas de actuación plurianual de forma consolidada coas ditas sociedades mercantís estatais, relacionando as sociedades obxecto de presentación consolidada. Esta norma non se aplicará a aquelas sociedades mercantís estatais que, pola súa vez, estean participadas maioritariamente, de forma directa ou indirecta, por outra entidade que deba elaboralos orzamentos de explotación e de capital.

Deberán presentar, en todo caso, o orzamento de explotación e de capital e, se é o caso, o programa de actuación plurianual de forma individualizada, as entidades públicas empresariais e as fundacións do sector público estatal, así como as sociedades mercantís estatais que soliciten con cargo ós orzamentos xerais do Estado subvencións de explotación ou capital ou outra achega de calquera natureza.

4. Os programas de actuación plurianual someteranse ó acordo do Goberno antes de fin de febreiro de cada ano, por proposta do ministro de Facenda. Para estes efectos, as entidades elaborarán oportunamente as adaptacións que sexan necesarias, a resultas do proceso de aprobación polas Cortes Xerais dos seus orzamentos de explotación e de capital e remitiranos ó Ministerio de Facenda a través do departamento do que dependan.

#### Artigo 67. *Modificacións orzamentarias.*

1. As sociedades mercantís estatais, e as entidades públicas empresariais dirixirán o seu funcionamento á

consecución dos obxectivos emanados das formulacións reflectidas nos seus orzamentos de explotación e capital e nos seus programas de actuación plurianual, se é o caso.

2. Cando algunha das entidades citadas no punto anterior reciba con cargo ós orzamentos xerais do Estado subvencións de explotación ou de capital ou outra achega de calquera natureza, as autorizacións das variacións anuais que supoñan incremento de dotacións dos seus orzamentos de explotación e capital axustaranse ó seguinte:

a) Se a variación afectase as achegas estatais recollidas nos orzamentos xerais do Estado, a competencia corresponderá á autoridade que a tivese atribuída respecto das correspondentes modificacións orzamentarias.

b) Se as variacións non afectasen as citadas achegas estatais, será competencia do ministro de Facenda cando o seu importe exceda da contía de 600.000 euros e do cinco por cento das cifras aprobadas para o total das dotacións tanto do orzamento de explotación como do orzamento de capital, excluídos do cómputo do primeiro os impostos e os resultados e do segundo a variación do capital circulante. Non obstante, cando a variación supere a contía de 12 millóns de euros e do 10 por cento, a súa autorización corresponderá ó Goberno.

c) Sen prexuízo do establecido na alínea anterior, será competencia do Goberno autorizar a variación por un importe superior á contía de 600.000 euros e ó cinco por cento da cifra aprobada individualizadamente para os gastos de persoal, a salvo sempre os límites determinados por lei. No caso das dotacións para os investimentos materiais e inmateriais, os investimentos financeiros e o endebedamento a longo prazo, os límites do inciso anterior serán de 12 millóns de euros e do 10 por cento, respectivamente.

Nos demais casos, a variación das dotacións será autorizada polo ministro de Facenda.

3. As entidades públicas empresariais e as fundacións do sector público estatal só poderán incrementar, durante o exercicio e ata un cinco por cento, a cifra total que dediquen ó financiamento dos programas das sociedades mercantís estatais en que participen. Nos demais casos, requirirase autorización do Goberno.

#### Artigo 68. *Convenios co Estado.*

1. Nos supostos en que se estipulen convenios e contratos-programa co Estado que dean lugar a réximes especiais, tanto as entidades a que se refire o punto 1 do artigo 64 desta lei como calquera outra que reciba subvencións de explotación e de capital ou outra achega de natureza distinta con cargo ós orzamentos xerais do Estado establecerán, como mínimo, as correspondentes cláusulas sobre as seguintes materias:

a) Hipóteses macroeconómicas e sectoriais que sirvan de base ó acordo.

b) Obxectivos da política de persoal, rendibilidade, produtividade ou reestruturación técnica da explotación económica, así como métodos indicadores de avaliación daqueles.

c) Achegas con cargo ós orzamentos xerais do Estado nas súas distintas modalidades a que se refire este punto.

d) Medios que haberá que empregar para adaptalos obxectivos acordados ás variacións habidas no respectivo contorno económico.

e) Efectos que se deberán derivar do incumprimento dos compromisos acordados.

f) Control polo Ministerio de Facenda da execución do convenio e dos resultados derivados da súa aplicación.

2. O control a que se refire a alínea f) do punto 1 anterior non excluírá o que poida corresponder ós respectivos departamentos ou organismos dos que dependan as entidades que subscribisen o correspondente convenio.

3. A subscrición do convenio a que se refiren os puntos anteriores non excluírá a elaboración do orzamento de explotación e de capital e do programa de actuación plurianual.

## CAPÍTULO VI

### Da xestión orzamentaria

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> PRINCIPIOS XERAIS DA XESTIÓN ORZAMENTARIA

#### Artigo 69. *Principios de funcionamento da xestión económico-financiera.*

1. Os suxeitos que integran o sector público estatal adecuarán a súa xestión económico-financiera ó cumprimento da eficacia na consecución dos obxectivos fixados e da eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos, nun marco de obxectividade e transparencia na súa actividade administrativa.

2. A programación e execución da actividade económico-financiera do sector público estatal terá como finalidade o desenvolvemento de obxectivos e o control da xestión dos resultados, contribuíndo á continua mellora dos procedementos, servicios e prestacións públicas, de acordo coas políticas de gasto establecidas polo Goberno e en función dos recursos dispoñibles.

3. O Estado observará as vías adecuadas de cooperación e coordinación con outras administracións públicas, co fin de racionalizar o emprego dos recursos cos que se dota o sector público estatal.

4. Os titulares dos entes e órganos administrativos que compoñen o sector público estatal serán responsables da consecución dos obxectivos fixados, promovendo un uso eficiente dos recursos públicos e prestando un servizo de calidade ós cidadáns.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> XESTIÓN POR OBXECTIVOS DO SECTOR PÚBLICO ADMINISTRATIVO ESTATAL

#### Artigo 70. *Sistema de obxectivos.*

1. Os centros xestores do gasto responsables dos distintos programas orzamentarios establecerán, a través da elaboración dos programas plurianuais a que se refire o artigo 30 desta lei, un sistema de obxectivos que hai que cumprir na súa respectiva área de actuación, axeitado á natureza e características desta.

2. Os sistemas de xestión e control dos gastos públicos deberanse orientar a asegura-la realización dos obxectivos finais dos programas orzamentarios e a proporcionar información sobre o seu cumprimento, as desviacións que se puidesen ter producido e as súas causas.

#### Artigo 71. *Balance de resultados e informe de xestión.*

Os titulares dos centros xestores do gasto responsables dos distintos programas orzamentarios formularán un balance de resultados e un informe de xestión relativos ó cumprimento dos obxectivos fixados para ese

exercicio no programa plurianual correspondente ó dito centro xestor do gasto, que se incorporarán á memoria das correspondentes contas anuais, nos termos establecidos no artigo 128 desta lei.

#### Artigo 72. *Avaliación de políticas de gasto.*

O Ministerio de Facenda, en colaboración cos distintos centros xestores de gastos, impulsará e coordinará a avaliación continuada das políticas de gasto coa finalidade de asegurar que estas acaden os seus obxectivos estratéxicos e o impacto socioeconómico que pretenden.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> XESTIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO

#### Artigo 73. *Fases do procedemento da xestión dos gastos.*

1. A xestión do orzamento de gastos do Estado e dos seus organismos autónomos e das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social realízase a través das seguintes fases:

- a) Aprobación do gasto.
- b) Compromiso de gasto.
- c) Recoñecemento da obrigación.
- d) Ordenación do pagamento.
- e) Pagamento material.

2. A aprobación é o acto mediante o cal se autoriza a realización dun gasto determinado por unha contía certa ou aproximada, reservando para tal fin a totalidade ou parte dun crédito orzamentario.

A aprobación inicia o procedemento de execución do gasto, sen que implique relacións con terceiros alleos á Facenda pública estatal ou á Seguridade Social.

3. O compromiso é o acto mediante o cal se acorda, tralo cumprimento dos trámites legalmente establecidos, a realización de gastos previamente aprobados, por un importe determinado ou determinable.

O compromiso é un acto con relevancia xurídica para con terceiros, vinculando a Facenda pública estatal ou a Seguridade Social á realización do gasto a que se refira na contía e condicións establecidas.

4. O recoñecemento da obrigación é o acto mediante o que se declara a existencia dun crédito esixible contra a Facenda pública estatal ou contra a Seguridade Social, derivado dun gasto aprobado e comprometido e que comporta a proposta de pagamento correspondente.

O recoñecemento de obrigacións con cargo á Facenda pública estatal producirase logo de acreditación documental ante o órgano competente da realización da prestación ou o dereito do acreedor de conformidade cos acordos que no seu día aprobaron e comprometeron o gasto.

O ministro de Facenda, logo de informe da Intervención Xeral da Administración do Estado, determinará os documentos e requisitos que, conforme cada tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento da obrigación.

5. De acordo co establecido no punto 1 do artigo 22 desta lei, as obrigacións da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos e da Seguridade Social extínguense polo pagamento, a compensación, a prescrición ou calquera outro medio nos termos establecidos nesta lei e nas disposicións especiais que resulten de aplicación.

6. Cando a natureza da operación ou gasto así o determinen, acumularanse nun só acto as fases de execución precisas.

#### Artigo 74. *Competencias en materia de xestión de gastos.*

1. Correspóndelles ós ministros e ós titulares dos demais órganos do Estado con dotacións diferenciadas nos orzamentos xerais do Estado aprobar e comprometer os gastos propios dos servicios ó seu cargo, salvo os casos reservados pola lei á competencia do Goberno, así como recoñecer as obrigacións correspondentes, e solicitar do ordenador xeral de pagamentos do Estado a realización dos correspondentes pagamentos.

2. Coa mesma excepción legal, compéttelles ós presidentes ou directores dos organismos autónomos do Estado a aprobación e compromiso do gasto, así como o recoñecemento e o pagamento das obrigacións.

3. Compéttelles ós directores das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social, a aprobación e o compromiso do gasto e o recoñecemento da obrigación, e solicitar do ordenador xeral de pagamentos da Seguridade Social a realización dos correspondentes pagamentos.

4. As facultades a que se refiren os anteriores números poderán desconcentrarse mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, ou seren obxecto de delegación nos termos establecidos regulamentariamente.

5. Os órganos dos departamentos ministeriais, dos seus organismos autónomos e das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social, competentes para a subscripción de convenios de colaboración ou contratos-programas con outras administracións públicas ou con entidades públicas ou privadas necesitarán autorización do Consello de Ministros cando o gasto que deles se derive sexa de contía indeterminada ou teña que se estender a exercicios posteriores.

Con carácter previo á subscripción tramitarase o oportuno expediente de gasto, no cal figurará o importe máximo das obrigacións que haberá que adquirir e, en caso de gastos de carácter plurianual, a correspondente distribución de anualidades.

#### Artigo 75. *Ordenación de pagamentos.*

1. Baixo a superior autoridade do ministro de Economía, compéttelle ó director xeral do Tesouro e Política Financeira as funcións de ordenador xeral de pagamentos do Estado.

2. De igual forma, baixo a superior autoridade do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, compéttelle ó director xeral da Tesourería Xeral da Seguridade Social as funcións de ordenador xeral de pagamentos das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social.

3. As ordes de pagamento expediranse a favor do acreedor que figura na correspondente proposta de pagamento aínda que, por orde do ministro de Economía, se poderán regular os supostos en que poidan expedirse a favor de habilitacións, caixas pagadoras ou depositarias de fondos, así como entidades colaboradoras de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e outros axentes mediadores no pagamento, que actuarán como intermediarias para a súa posterior entrega ós acredores.

4. Os ministros de Economía e de Traballo e Asuntos Sociais, nos ámbitos das súas respectivas competencias, poderán dispo-la modificación ou eliminación de calquera dos procedementos de pagamento a través de intermedio sinalados no punto anterior.

### Artigo 76. *Embargo de dereitos de cobramento.*

As providencias e dilixencias de embargo, mandamentos de execución, acordos de inicio de procedemento administrativo de compensación e actos de contido análogo, dictados por órganos xudiciais ou administrativos, en relación con dereitos de cobramento que os particulares teñan fronte á Administración xeral do Estado ou fronte á Administración da Seguridade Social e que sexan pagadoiros a través da Ordenación de Pagamentos do Estado ou a través da Ordenación de Pagamentos das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social, comunicaranse necesariamente á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira ou á Tesourería Xeral da Seguridade Social para a súa debida práctica mediante consulta ó sistema de información contable e conterán polo menos a identificación do afectado con expresión do nome ou denominación social e o seu número de identificación fiscal, o importe do embargo, execución ou retención e a especificación do dereito de cobramento afectado con expresión do importe, órgano a quen corresponde a proposta de pagamento e obrigación que hai que pagar.

### Artigo 77. *Pagamentos indebidos e demais reintegros.*

1. Para os efectos desta lei enténdese por pagamento indebido o que se realiza por erro material, aritmético ou de feito, en favor de persoa en quen non concorra dereito ningún de cobramento fronte á Administración con respecto ó dito pagamento ou en contía que excede da consignada no acto ou documento que recoñeceu o dereito do acredor.

2. O receptor dun pagamento indebido total ou parcial queda obrigado á súa restitución. O ordenador de pagamentos, ou o órgano que en cada caso resulte competente, de oficio ou por comunicación do órgano administrativo propoñente do pagamento, disporá de inmediato a restitución das cantidades indebidamente pagadas conforme os procedementos regulamentariamente establecidos e, en defecto de procedemento específico, conforme o que establezan xuntamente o ministro de Facenda e o de Economía, ou o de Traballo e Asuntos Sociais no ámbito da Seguridade Social.

3. A revisión dos actos dos que se deriven reintegros distintos ós correspondentes ós pagamentos indebidos a que se refire o punto 1 anterior realizarase de acordo cos procedementos de revisión de oficio de actos nulos ou anulables, previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou de conformidade cos procedementos específicos de reintegro establecidos nas normas reguladoras dos distintos ingresos, segundo a causa que determine a súa invalidez. A efectividade dos ingresos por reintegro someterase ó establecido no capítulo II do título I desta lei.

4. A salvo do establecido pola normativa reguladora dos distintos reintegros, o reintegro de pagamentos indebidos ou declarados inválidos conforme o establecido no punto anterior devengará o xuro previsto no artigo 17 desta lei e desde o momento en que se produciu o cobramento.

### Artigo 78. *Anticipos de caixa fixa e fondos de manobra.*

1. De acordo co preceptuado nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario, os ministros e os presidentes ou directores dos organismos autónomos, logo de informe da Dirección Xeral do Tesouro e Política

Financeira no primeiro caso, e logo de informe da súa Intervención Delegada en ámbolos casos, establecerán, no ámbito das súas respectivas competencias, as normas que regulan os pagamentos satisfeitos mediante anticipos de caixa fixa, determinando os criterios xerais dos gastos que poidan ser satisfeitos por tal sistema, os conceptos orzamentarios ós que serán aplicables os límites cuantitativos establecidos para cada un deles, a súa aplicación ó orzamento e cantas estimacións se consideren oportunas.

Enténdense por anticipos de caixa fixa as provisións de fondos de carácter extraorzamentario e permanente que se realicen a pagadorías, caixas e habilitacións para a atención inmediata e posterior aplicación ó capítulo de gastos correntes en bens e servicios do orzamento do ano en que se realicen, de gastos periódicos ou repetitivos.

2. O director xeral da Tesourería Xeral da Seguridade Social, logo de informe da Intervención Xeral da Seguridade Social, establecerá as normas que regulan os pagamentos satisfeitos mediante fondos de manobra no ámbito das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social.

3. En todo caso, a contía global dos anticipos de caixa fixa non poderá superar para cada ministerio ou organismo autónomo o sete por cento do total de créditos do capítulo destinado a gastos correntes en bens e servicios do orzamento vixente en cada momento.

Autorízase a Axencia Española de Cooperación Internacional para que a contía global dos anticipos de caixa fixa poida exceder do sete por cento previsto neste artigo, ata un máximo do 14 por cento do total dos créditos do capítulo destinado a gastos correntes en bens e servicios do orzamento vixente en cada momento.

A porcentaxe indicada no parágrafo primeiro deste punto poderase incrementar ata un máximo do 10 por cento dos créditos do artigo 23, «indemnizacións por razón do servicio», do programa 222A, «Seguridade cidadá», do Ministerio do Interior, e aplicable unicamente á xestión do indicado artigo.

4. Igualmente, a contía global dos fondos de manobra asignados a tódolos centros de xestión pertencentes a unha mesma entidade da Seguridade Social non poderá exceder do tres por cento dos créditos do capítulo destinado a gastos correntes de bens e servicios do orzamento vixente en cada momento. Porcentaxe que poderá ser elevada ata un sete por cento polo ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

5. As unidades administrativas responsables destes fondos, que formarán parte do Tesouro Público ou do patrimonio da Seguridade Social, segundo corresponda, xustificarán a súa aplicación e situación conforme se estableza regulamentariamente.

### Artigo 79. *Pagamentos para xustificar.*

1. Cando, excepcionalmente, non se poida achega-la documentación xustificativa das obrigacións no momento previsto no punto 4 do artigo 73, poderán tramitarse propostas de pagamentos orzamentarios e librarse fondos co carácter de para xustificar.

Así mesmo, poderase proceder á expedición de libramentos para xustificar cando os servicios e prestacións a que se refiran tivesen ou vaian ter lugar no estranxeiro.

2. O mesmo carácter terán as propostas de pagamento efectuadas para satisfacer gastos para realizar en localidade onde non exista dependencia do ministerio, organismo, entidade xestora ou servicio común de que se trate. Nestes casos, a expedición de pagamentos para

xustificar será autorizada polos ministros, presidentes ou directores dos organismos autónomos ou das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, que designarán o órgano competente para xestionar os ditos pagamentos. A citada designación implicará a atribución de competencias para a realización dos gastos e pagamentos que deles se deriven e a formación, rendición e xustificación das correspondentes contas.

3. De acordo co previsto no artigo 49 desta lei, con cargo ós libramentos para xustificar unicamente se poderán satisfacer obrigacións do mesmo exercicio. Non obstante, o Consello de Ministros poderá acordar que, cos fondos librados para xustificar para gastos no estranxeiro imputados a un orzamento, sexan atendidos gastos realizados no exercicio seguinte, se iso fose considerado relevante para o interese xeral.

4. Os perceptores destas ordes de pagamento para xustificar quedan obrigados a render conta xustificativa da aplicación das cantidades recibidas. O prazo de rendición das contas será de tres meses, excepto as correspondentes a pagamentos de expropiacións e pagamentos no estranxeiro que poderán ser rendidas no prazo de seis meses. O director xeral do Tesouro e Política Financeira, e, se é o caso, os presidentes ou directores dos organismos autónomos do Estado e das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social poderán, excepcionalmente, ampliar estes prazos a seis e 12 meses, respectivamente, por proposta do órgano xestor do crédito, con informe da Intervención Delegada.

5. Os perceptores das ordes de pagamento para xustificar son responsables, nos termos previstos nesta lei, da custodia e uso dos fondos e da rendición da conta.

6. No curso dos dous meses seguintes á data de achega dos documentos xustificativos a que se refiren os puntos anteriores deste artigo, levarase a cabo a aprobación ou reparo da conta pola autoridade competente.

#### Artigo 80. *Xestión de orzamentos de ingresos.*

1. A xestión do orzamento de ingresos realizarase nas seguintes fases sucesivas ou simultáneas:

- a) Recoñecemento do dereito.
- b) Extinción do dereito.

2. Recoñecemento do dereito é o acto que, conforme a normativa aplicable a cada recurso específico, declara e liquida un crédito a favor da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos ou das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

3. De acordo co establecido no punto 2 do artigo 11 desta lei, a extinción do dereito poderase producir polo seu cobramento en metálico, así como en especie, ou por compensación, nos casos previstos nas disposicións especiais que sexan de aplicación. As extincións de dereitos por outras causas serán obxecto de contabilización diferenciada, distinguindo entre as producidas por anulación da liquidación e as producidas no proceso de recadación por prescrición, condonación ou insolvencia.

#### Artigo 81. *Devolucións de ingresos.*

Na xestión de devolucións de ingresos distingúese o recoñecemento do dereito á devolución, a orixe do cal será a realización dun ingreso indebido ou outra causa legalmente establecida, e o pagamento da devolución.

## TÍTULO III

### Das relacións financeiras con outras administracións

#### CAPÍTULO I

#### Operacións financeiras coa Unión Europea

##### Artigo 82. *Operacións de tesourería coa Unión Europea.*

1. Autorízase o ministro de Economía a levar a cabo as operacións de tesourería que esixan as relacións financeiras coa Unión Europea.

No marco anterior, quedan incluídas, en todo caso:

a) As compras de produtos, así como as subvencións e outras intervencións de mercado financiadas polo Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola.

Os anticipos de tesourería a favor ou por conta da Unión Europea cancelaranse cos reintegros realizados por ela.

b) Os fondos procedentes do Fondo Social Europeo destinados a cofinanciar proxectos do Instituto Nacional de Emprego. Os ditos fondos aplicaranse ó orzamento de ingresos do Instituto Nacional de Emprego e cancelarán, mediante as oportunas operacións de tesourería, os anticipos efectuados a favor do Instituto Nacional de Emprego para cubrir desfases de tesourería.

c) A posta ó dispor dos entes distintos do Estado dos fondos procedentes da Unión Europea con destino a eles.

Tal posta ó dispor efectuarase a medida que se vaian recibindo os mencionados fondos.

2. Das operacións de tesourería efectuadas en virtude do disposto nas alíneas a) e b) do punto anterior daráselles conta trimestralmente ás comisións de orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado.

3. En caso de que, excepcionalmente de acordo coa normativa en vigor, se produzan anticipos de fondos como consecuencia da intermediación do Banco de España nos pagamentos ou pola especial tramitación das relacións financeiras coa Unión Europea, estes anticipos deberán quedar cancelados antes de finalizar o exercicio económico en que se producen.

Non obstante, os anticipos para execución de accións e programas financiados ou cofinanciados por fondos europeos que estivesen pendentes de cancelar ó finalizar o exercicio, poderanse cancelar no exercicio seguinte.

##### Artigo 83. *Actuacións cofinanciadas.*

No caso de accións cofinanciadas entre o orzamento xeral das Comunidades Europeas e o do Estado, o orzamento de gastos deste necesariamente deberá recoller, xunto co financiamento a cargo do Estado, o importe do cofinanciamento procedente da Unión Europea.

##### Artigo 84. *Reintegro de axudas e responsabilidade financeira derivados da xestión dos fondos procedentes da Unión Europea.*

O reintegro de axudas e a responsabilidade financeira derivados da xestión dos fondos procedentes da Unión Europea someterase ó previsto na Lei xeral de subvencións e na normativa comunitaria.

No ámbito da Política Agraria Común e no caso de que a Comunidade Europea non asuma un importe que previamente foi anticipado polas diferentes administracións públicas, o importe non reembolsado pola comunidade afectará as diferentes administracións públicas en relación coas súas respectivas actuacións.



## CAPÍTULO II

**Operacións financeiras coas comunidades autónomas****Artigo 85. Principios xerais das relacións financeiras derivadas da aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas.**

As relacións financeiras que se derivan da aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas serán sometidas ós principios xerais de legalidade, dotación orzamentaria e concesión de anticipos de tesourería:

1. En aplicación do principio de legalidade, as regras que rexen o cálculo e xestión financeira dos medios económicos que son transferidos desde a Administración xeral do Estado ás comunidades autónomas por aplicación do sistema de financiamento vixente en cada momento estarán recollidas en norma con rango de lei.

2. O principio de dotación orzamentaria implica que os orzamentos xerais do Estado de cada exercicio conterán os créditos necesarios para atender ás transferencias de medios económicos que se deban realizar ás comunidades autónomas por aplicación do sistema de financiamento vixente en cada momento.

Para estes efectos, os créditos para facer efectivas as liquidacións definitivas de exercicios anteriores terán o carácter de ampliables.

3. En virtude do principio de concesión de anticipos de tesourería, as comunidades autónomas poderán dispor de anticipos á conta dos recursos que se lles deban transferir por aplicación do sistema de financiamento vixente en cada momento, nos termos establecidos en norma con rango de lei. Estes anticipos terán que ser reembolsados no exercicio, salvo nos casos e coas condicións que se prevexan nunha norma con rango de lei.

**Artigo 86. Subvencións xestionadas.**

1. Os créditos da Lei de orzamentos xerais do Estado destinados ó financiamento de sectores, servicios, actividades ou materias respecto dos cales as comunidades autónomas teñan asumidas competencias de execución e non fosen obxecto de transferencia directa en virtude da dita lei, teranse que distribuír territorialmente a favor de tales comunidades autónomas, mediante normas ou convenios de colaboración que incorporarán criterios obxectivos de distribución e, se é o caso, fixarán as condicións de outorgamento das subvencións, de acordo co establecido no punto 2 deste artigo.

En ningún caso serán obxecto de distribución territorial os créditos que deban ser xestionados por un órgano da Administración xeral do Estado ou organismo dela dependente para asegura-la plena efectividade deles dentro da ordenación básica do sector, garantir idénticas posibilidades de obtención ou gozo por parte dos seus potenciais destinatarios en todo o territorio nacional ou evitar que se supere a contía global dos fondos estatais destinados ó sector.

2. Cando, como consecuencia do traspaso de servicios estatais ás comunidades autónomas, estas deban xestionar e administrar-los créditos de subvencións, teranse en conta as seguintes regras:

Primeira. A xestión e administración será efectuada conforme a normativa estatal que regule cada tipo de subvención e, se é o caso, polas comunidades autónomas na medida en que sexan competentes para iso.

Segunda. Os criterios obxectivos que sirvan de base para a distribución territorial das subvencións así como a súa distribución serán fixadas pola conferencia sec-

torial correspondente ó comezo do exercicio económico. Os compromisos financeiros para a Administración xeral do Estado serán formalizados mediante acordo do Consello de Ministros.

Terceira. Sen prexuízo do disposto na regra segunda precedente, poderanse establecer nos casos en que iso resulte xustificadísimo, reservas xerais de créditos non distribuídos na orixe co fin de cubrir necesidades ou demandas imprevistas durante a execución do orzamento.

Cuarta. Os créditos que corresponda xestionar a cada comunidade autónoma libraranse e faranse efectivos por cuartas partes na segunda quincena natural de cada trimestre, sen que deba producirse máis excepción a esta regra que a do pagamento correspondente ó primeiro trimestre, que se fará efectivo así que se efectuase a repartición territorial dos créditos, regulada na regra anterior.

Cando as subvencións teñan por finalidade prestacións de carácter persoal e social libraránselles ás comunidades autónomas por doceavas partes, ó comezo do mes.

Os pagamentos correspondentes ó financiamento do Programa Operativo de Pesca para as rexións de obxectivo número 1, rexións, en réxime transitorio e do Documento Único de Programación (DOCUP) para as rexións de fóra de obxectivo número 1 poderanse librar na súa totalidade unha vez que fosen acordados en conferencia sectorial os criterios obxectivos de distribución e a distribución resultantes así como o referendo mediante acordo do Consello de Ministros.

Quinta. Os remanentes de fondos non comprometidos resultantes ó finalizar cada exercicio, que se atopen en poder das comunidades autónomas, seguirán mantendo o destino específico para o que foron transferidos e utilizaranse no seguinte exercicio como situación de tesourería na orixe como remanentes que serán descontados da cantidade que corresponda transferir a cada comunidade autónoma.

Se a subvención á que corresponda o remanente resulta suprimida no orzamento do exercicio seguinte, destinarase aquel en primeiro lugar a facer efectivas as obrigacións pendentes de pagamento á fin do exercicio inmediatamente anterior e o sobranche que non estivese comprometido será reintegrado ó Estado.

Sexta. Finalizado o exercicio económico, e non máis tarde do 31 de marzo do exercicio seguinte, as comunidades autónomas remitiranlle ó departamento ministerial correspondente un estado de execución do exercicio, indicando as contías totais de compromisos de créditos, obrigacións recoñecidas e pagamentos realizados no ano, detallado por cada unha das aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos do Estado desde as que se realizaron as transferencias de crédito. A información será posta en coñecemento da conferencia sectorial e tida en conta na adopción dos acordos de distribución de fondos.

Sétima. As comunidades autónomas que xestionen as axudas a que se refire o presente artigo, deberán proceder a un axeitado control delas que asegure a correcta obtención, gozo e destino dos fondos percibidos polo beneficiario.

## CAPÍTULO III

**Operacións financeiras coas entidades locais****Artigo 87. Participación en tributos do Estado.**

1. Os créditos para facer efectivas as liquidacións definitivas da participación das corporacións locais en tributos do Estado terán a consideración de ampliables ata o importe das obrigacións que deban recoñecerse en aplicación da lei.

2. A participación das entidades locais nos tributos do Estado de cada exercicio económico farase efectiva durante este, mediante entregas á conta da liquidación definitiva que se practique no seguinte. A contía e a periodicidade das ditas entregas fixaranse, para cada exercicio, na Lei de orzamentos xerais do Estado.

#### Artigo 88. *Liquidacións definitivas.*

1. Os saldos acredores a favor das entidades locais que resulten das liquidacións definitivas da súa participación nos tributos do Estado faranse efectivos na súa totalidade unha vez practicadas estas.

2. Os saldos debedores resultantes das ditas liquidacións, por excesos nas entregas á conta, deberán ser reintegrados mediante a súa compensación con cargo ás entregas á conta subseguintes á práctica da liquidación definitiva correspondente.

3. Os citados saldos debedores reintegraranse nun período máximo de tres anos, mediante retencións trimestrais equivalentes ó 25 por cento dunha entrega mensual, salvo que, aplicando este criterio, se exceda o prazo sinalado; nese caso axustarase a frecuencia e a contía das retencións correspondentes co obxecto de que non se produza esta situación.

#### Artigo 89. *Compensación de beneficios fiscais.*

1. Cando por aplicación do artigo 9 da Lei 39/1988, do 30 de decembro, reguladora das facendas locais, proceda compensar beneficios fiscais en tributos locais recoñecidos nunha lei do Estado, habilitaranse os créditos correspondentes nos orzamentos xerais do Estado, que terán a consideración de ampliables ata o importe das obrigacións que hai que recoñecer.

2. En calquera caso, a compensación deberá ser obxecto de solicitude polas entidades afectadas, conforme o procedemento que, en cada caso, determine o Ministerio de Facenda, no cal deberá quedar explicitamente xustificada o recoñecemento a favor dos contribuíntes do beneficio fiscal concedido.

## TÍTULO IV

### Do Tesouro Público, da débeda do Estado e das operacións financeiras

#### CAPÍTULO I

##### Normas xerais

#### Artigo 90. *Tesouro Público.*

Constitúen o Tesouro Público tódolos recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos da Administración xeral do Estado e os seus organismos autónomos, tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias.

#### Artigo 91. *Funcións do Tesouro Público.*

Son funcións encomendadas ó Tesouro Público:

a) Paga-las obrigacións do Estado e recada-los seus dereitos, sen prexuízo do establecido no artigo 103 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado.

b) Servi-lo principio de unidade de caixa mediante a centralización de tódolos fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e non orzamentarias.

c) Distribuír no tempo e no territorio as dispoñibilidades en diñeiro para a puntual satisfacción das obrigacións do Estado.

d) Contribuír ó bo funcionamento do sistema financeiro nacional.

e) Emitir, contraer e xestionar-la débeda do Estado e executar-las operacións financeiras relativas a ela.

f) Responder dos avais contraídos polo Estado segundo as disposicións desta lei.

g) Realiza-las demais que se deriven ou relacionen coas anteriormente enumeradas.

#### Artigo 92. *Débeda do Estado.*

Constitúe a débeda do Estado o conxunto de capitais tomados a préstamo polo Estado mediante emisión pública, concertación de operacións de crédito, subrogación na posición debedora dun terceiro ou, en xeral, mediante calquera outra operación financeira do Estado, con destino a financia-los gastos do Estado ou a constituír posicións activas de tesourería.

#### Artigo 93. *Información ás Cortes Xerais sobre as operacións financeiras do Tesouro Público.*

1. O Goberno comunicará trimestralmente ás comisións de orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado o saldo detallado das operacións financeiras concertadas ó abeiro do disposto neste título.

2. O ministro de Economía aprobará, para a súa remisión ó Goberno e ás Cortes, unha memoria anual na que se exporá a política de endebedamento do Tesouro Público no ano precedente.

A dita memoria reflectirá o saldo vivo da débeda do Estado ó termo do exercicio precedente, así como o correspondente ós organismos autónomos. Para tales efectos, cada organismo autónomo remitirá á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira os datos, información e documentación necesaria para elaborala dita memoria.

## CAPÍTULO II

### Da débeda do Estado

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> NORMAS XERAIS

#### Artigo 94. *Habilitación legal para a creación de débeda.*

1. A creación de débeda do Estado terá que ser autorizada por lei. Para tal efecto, a Lei de orzamentos xerais do Estado establecerá o límite da variación do saldo vivo de débeda do Estado de cada exercicio orzamentario, ó que se axustarán as operacións financeiras que impliquen creación de débeda. Este límite entenderase neto das variacións das posicións activas de tesourería mantidas polo Estado no Banco de España ou noutras entidades financeiras.

O límite sinalado no parágrafo anterior entenderase automaticamente modificado como consecuencia do aumento ou diminución ben dos pagamentos que, ó abeiro de previsións legais, se deban atender, ou ben dos ingresos efectivamente recadados respecto dos previstos na Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. En desenvolvemento da autorización legal de creación de débeda para un ano, o ministro de Economía poderá dispo-la creación de débeda do Estado durante o mes de xaneiro do ano seguinte por un importe que non a incremente en máis do 15 por cento daquela

autorización. Tal incremento computarase para efectos do cumprimento do límite de creación de débeda que legalmente se autorice para o conxunto do segundo dos anos citados.

**Artigo 95. Cobertura orzamentaria dos gastos derivados da débeda.**

Na sección de débeda do Estado habilitaranse os créditos para facer fronte ós reembolsos contractuais ou anticipados e ós gastos financeiros derivados da débeda do Estado, incluídos en particular os de colocación, negociación, administración e xestión dela.

Competeralle ó ministro de Economía a aprobación das modificacións orzamentarias que fosen necesarias dentro da dita sección, incluso a daquelas modificacións que impliquen a creación de créditos novos.

**Artigo 96. Aplicación íntegra dos ingresos e gastos provenientes da débeda e excepcións.**

O produto, a amortización e os gastos por xuros e por conceptos conexas das operacións de débeda do Estado aplicaranse polo seu importe íntegro ó orzamento do Estado, con excepción de:

a) O produto e a amortización polo importe que se obtivo das emisións de letras do Tesouro, das emisións continuas no exterior de papel comercial e notas a medio prazo, das disposicións a curto prazo de liñas de crédito e de calquera outro instrumento de financiamento a prazo inferior a un ano, que, transitoriamente e ó longo do exercicio, terán a consideración de operacións non orzamentarias, imputándose unicamente ó orzamento da Administración xeral do Estado, o importe da variación neta das ditas operacións durante o exercicio.

b) Nas operacións de permuta financeira, cando se pacte a liquidación por diferencias do principal ou os xuros dos capitais permutados, imputaranse tales diferencias ó orzamento de ingresos ou gastos, segundo corresponda en cada liquidación.

Non obstante, cando algunha das dúas partes da permuta financeira, debedora ou acreedora, teña un período de liquidación fraccionario distinto da outra, as diferencias imputaranse ó orzamento, de ingresos ou de gastos, segundo corresponda, no momento da liquidación da do período máis longo, manténdose entrementes o produto das liquidacións fraccionarias nunha conta de operacións non orzamentarias.

**SECCIÓN 2.<sup>a</sup> OPERACIÓNS RELATIVAS Á DÉBEDA DO ESTADO**

**Artigo 97. Operacións relativas á débeda.**

1. A creación de débeda do Estado mediante emisións de valores ou operacións de crédito, en moeda nacional ou en divisas, realizarase nos termos sinalados nos artigos seguintes.

2. As operacións baseadas en instrumentos financeiros terán como finalidade tanto limita-lo risco cambiario como limitar, diversificar ou modifica-lo risco ou o custo da débeda do Estado debido á evolución dos tipos de xuro, e a facilita-la súa colocación, negociación, administración e xestión. Estas operacións realizaranse conforme o disposto nos artigos seguintes.

**Artigo 98. Competencia para a formalización das operacións relativas á débeda.**

1. Correspóndelle ó ministro de Economía autorizarlas operacións sinaladas no artigo precedente, así

como establece-os procedementos que hai que seguir para a contratación e formalización de tales operacións e para o exercicio das competencias que figuran nos artigos seguintes. O ministro poderá delegar tales facultades, de forma ordinaria, no director xeral do Tesouro e Política Financeira. Cando a formalización da operación deba ter lugar no estranxeiro, o ministro, ou por delegación súa o director xeral do Tesouro e Política Financeira poderán delegar no representante diplomático correspondente ou nun funcionario do departamento ministerial designado para o efecto aínda que sexa de categoría inferior a director xeral.

2. O ministro de Economía poderá igualmente autorizarla negociación provisional polo director xeral do Tesouro e Política Financeira das operacións sinaladas no artigo anterior, a efectiva realización das cales quedará suxeita á posterior autorización definitiva polo ministro, cando este non delegase as súas competencias no citado director xeral. No correspondente expediente quedará axeitada constancia das cláusulas e condicións mencionadas no punto precedente así como do procedemento e circunstancias da adxudicación da operación.

3. As operacións relativas á débeda do Estado realizaranse nos mercados financeiros conforme as normas, regras, técnicas, condicións e cláusulas usuais en tales mercados, podendo acorda-lo sometemento a arbitraje ou a remisión a unha lexislación ou tribunais estranxeiros, sempre que se observe o disposto no artigo 23 desta lei.

**Artigo 99. Emisións de valores.**

1. Nos termos que dispoña a delegación ou autorización, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá proceder á emisión de valores denominados en moeda nacional ou en divisas, no interior ou no exterior, establecendo a súa forma de representación, natureza e nome, prazo, tipo de xuro e as demais características desta.

En todo caso, a colocación dunha emisión de valores poderase fragmentar no tempo, así como na súa contía, podéndose coloca-los distintos tramos conforme técnicas de emisión diferentes e prezos distintos. De igual forma, poderase autorizarla agrupación en emisións homoxéneas de valores semellantes emitidos en distinta data.

Poderase autorizar, nunha ou máis emisións ou categorías de valores, a separación de cupóns e principal para efectos da súa negociación, así como a reconstitución de valores a partir daqueles.

2. Os valores poderanse emitir mediante poxa, que se desenvolverá conforme as regras feitas públicas con anterioridade á súa celebración, ou mediante calquera outra técnica que se considere axeitada en función do tipo de operación de que se trate, de acordo coas funcións atribuídas ó Tesouro Público no artigo 91.

En particular, poderán:

a) Poxarse as emisións ó público, en xeral, entre colocadores autorizados ou entre un grupo restrinxido destes que adquiran compromisos especiais respecto á colocación da débeda ou ó funcionamento dos seus mercados.

b) Cederse parte ou a totalidade dunha emisión a un prezo convidado a unha ou varias entidades financeiras que aseguren a súa colocación.

c) Realizarse operacións de venda simple ou con pacto de recompra de valores de novas emisións, ampliacións de emisións existentes ou de valores que o Tesouro Público teña na súa conta de valores.

**Artigo 100. Operacións de crédito.**

A concertación de liñas de crédito ou operacións de préstamos en moeda nacional ou en divisas realizarase de conformidade cos procedementos que regulamentariamente se establezan, nos que se garantirán os principios de obxectividade, transparencia e publicidade adecuados ó tipo de operación de que se trate.

**Artigo 101. Instrumentos financeiros vinculados á débeda.**

Nas operacións baseadas en instrumentos financeiros, sexan de permuta financeira ou doutra natureza, deberanse identificar con precisión os riscos de tipo de cambio que se pretende limitar, o risco ou o custo da débeda do Estado debido á evolución dos tipos de xuro que se pretende limitar, diversificar ou modificar e, se é o caso, as operacións concretas de endebedamento ás que estean asociadas.

**Artigo 102. Outras operacións relativas á débeda.**

Facúltase o ministro de Economía para:

1. Co obxecto de lograr unha adecuada xestión da débeda do Estado, adquirir valores negociables de débeda no mercado secundario con destino ben á súa amortización ou ben ó seu mantemento nunha conta de valores aberta para o efecto polo Tesouro Público.

2. Efectuar operacións de troco, conversión, amortización anticipada, incluso parcial, ou de modificación de calquera condición das operacións que integran a débeda do Estado, ó abeiro do disposto nas respectivas normas de emisión ou contracción, ou por mutuo acordo cos acredores.

3. Regula-lo réxime dun ou máis tipos de entidades que colaboren co Tesouro Público tanto na difusión da débeda do Estado como na provisión de liquidez ó seu mercado.

4. Concertar convenios de colaboración con entidades financeiras e, especialmente, con institucións de investimento colectivo ou outros investidores institucionais, co fin de promover tanto a mellor colocación da débeda do Estado como a liquidez do seu mercado, determinando, se é o caso, a contraprestación que deberán efectuar estes.

5. Acordar cambios nas condicións da débeda do Estado que obedezan á súa mellor administración ou á súa representación en anotacións en conta, sen que se prexudiquen os dereitos económicos do tedor.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> RÉXIME XURÍDICO DA DÉBEDA DO ESTADO****Artigo 103. Réxime dos valores representativos da débeda do Estado.**

1. A débeda pública poderá estar representada en anotacións en conta, títulos-valores ou calquera outro documento que formalmente a recoñeza.

2. Ós valores representativos da débeda do Estado seralles de aplicación o réxime establecido polo ordenamento xurídico xeral segundo a modalidade e as características dela.

3. Os títulos ó portador da débeda do Estado que fosen roubados, furtados ou sufrisen extravío ou destrución seralles aplicable o procedemento establecido administrativamente ou, no seu defecto, o establecido pola lexislación mercantil.

4. O Ministerio de Economía determinará o procedemento que hai que seguir cando se trate de títulos nominativos ou ó portador extraviados despois da súa presentación nas respectivas oficinas públicas, ou que fosen obxecto de destrución parcial que non impida a súa identificación.

5. O titular de valores representativos da débeda do Estado terá a consideración de acredor do Estado aínda cando pactase co vendedor, incluso simultaneamente á compra dos valores, a súa futura venda.

**Artigo 104. Réxime de transmisión da débeda.**

1. A transmisión da débeda non estará suxeita a máis limitacións que as derivadas das propias normas de creación, das reguladoras dos mercados en que se negocie ou, se é o caso, das normas aplicables en materia de control de cambios.

2. Na subscripción e transmisión da débeda pública negociable só será preceptiva a intervención de fedatario público cando aquela estea representada por títulos-valores e así o dispoña a lexislación aplicable a eles. Non será preceptiva, en todo caso, para as operacións con obrigacións de pagamento do tesouro e aquelas outras nas que os títulos-valores se extingan pola súa transformación en anotacións en conta.

**Artigo 105. Prescrición.**

1. Prescribirá ós cinco anos a obrigación de pagar os xuros da débeda do Estado e a de devolver os capitais chamados a reembolso, contados respectivamente a partir do vencemento dos xuros e do día do chamamento a reembolso. Nos supostos de chamada a conversión ou troco obrigatorio, prescribirá a obrigación de reembolso de capitais ós 10 anos contados desde o último día do prazo establecido para a operación.

Cando os capitais chamados a reembolso, se atopasen afectos a fianzas constituídas ante a Administración, o prazo de prescrición da obrigación de reembolso empezará a contar desde a data en que, coñecidamente polo interesado, deixe de ser necesaria a fianza ou se acorde o seu levantamento.

2. Cando as obrigacións de pagamento derivadas da débeda do Estado se realizasen a través dun terceiro e transcorridos seis meses este non puidese transferirlos fondos ó tedor ou titular, procederá a deposita-lo seu importe, á disposición de quen acredite o seu dereito, na conta que para tales efectos se designe no Banco de España, observándose, en todo caso, o disposto no punto 1 deste artigo.

3. A interrupción da prescrición verificarase conforme as disposicións do Código civil.

4. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo do réxime de prescrición que resulte aplicable ás operacións de débeda do Estado en que se faga uso das facultades establecidas no punto 3 do artigo 98 desta lei.

5. Os capitais da débeda do Estado prescribirán ós 20 anos sen percibir os seus xuros, nin realiza-lo seu titular acto ningún ante a Administración da Facenda pública estatal que supoña ou implique o exercicio do seu dereito.

**CAPÍTULO III****Da xestión da Tesourería do Estado****Artigo 106. Orzamento monetario.**

1. O ministro de Economía, co obxecto de conseguir unha adecuada distribución temporal dos pagamentos e un correcto cálculo da necesidade de endebedamento

do Estado, aprobará anualmente, por proposta da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, un orzamento monetario ó que se terá que acomoda-la expedición das ordes de pagamento. Tamén conterà o dito orzamento unha previsión sobre os ingresos do Estado.

2. Para a súa elaboración, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá solicitar do sector público estatal, definido no artigo 2.1 desta lei, cantos datos, previsións e documentación coide oportuna sobre os pagamentos e ingresos que poidan ter incidencia no orzamento mencionado.

3. O orzamento monetario poderá ser modificado durante un exercicio en función dos datos sobre a súa execución ou cambios nas previsións de ingresos ou de pagamentos.

#### Artigo 107. *Criterios de ordenación de pagamentos.*

1. Con carácter xeral, a contía dos pagamentos ordenados en cada momento axustarase ó orzamento monetario, sinalado no artigo anterior.

2. O ordenador de pagamentos aplicará criterios obxectivos na expedición das ordes de pagamento, tales como a data de recepción, o importe da operación, aplicación orzamentaria e forma de pagamento, entre outros.

#### Artigo 108. *Contas do Tesouro e operacións para facilita-la xestión da tesourería.*

1. Con carácter xeral, os ingresos e pagamentos do Estado e os seus organismos autónomos canalizaranse a través da conta ou contas que se manteñan no Banco de España, nos termos que se conveña con este, conforme o artigo 13 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España. Non obstante, o ministro de Economía poderá establecer supostos excepcionais nos que a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá autoriza-la apertura de contas noutras entidades de crédito, nos termos establecidos no artigo seguinte.

2. Con obxecto de facilita-la xestión da tesourería do Estado, o ministro de Economía poderá autoriza-la Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira a realizar operacións de adquisición temporal de activos ou de préstamo. Na dita autorización concretaranse as condicións en que se poderán efectuar tales operacións.

As operacións de adquisición temporal de activos poderán ter por obxecto valores de débeda pública de calquera Estado membro da Unión Europea, así como doutras entidades públicas ou institucións supranacionais ou outros valores de renda fixa de semellante calidade crediticia, negociados en mercados regulados.

3. Os activos a que se refire o punto anterior, que fosen obxecto de garantía a favor do Banco de España, segundo o previsto na disposición adicional sexta da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, poderán ser aplicados temporalmente polos seus titulares en cobertura das operacións de xestión de tesourería da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira do Estado, instrumentadas a través do Banco de España, nos termos que o ministro de Economía establece e sempre que se cumplan as seguintes condicións:

a) Que o titular dos activos outorgue o seu consentimento, o cal poderá prestarse no contrato ou documento de garantía realizado co Banco de España.

b) Que existan activos de garantía dispoñibles, unha vez garantidas adecuadamente as obrigacións fronte ó Banco de España e á satisfacción deste.

Os activos citados quedarán suxeitos ó cumprimento das obrigacións fronte ó Tesouro, tendo esta garantía plenos efectos fronte a terceiros, sen máis formalidade

que a de que o Banco de España identifique adecuadamente os activos de garantía afectos ó cumprimento de cada unha das ditas obrigacións, realizando o correspondente desagregamento. Este desagregamento deberá ser mantido mentres a operación de que se trate non chegase ó seu termo. Unha vez satisfeitas tales obrigacións, os activos quedarán de novo afectos en garantía fronte ó Banco de España.

En caso de incumprimento das obrigacións contraídas fronte ó Tesouro Público, a execución das garantías aplicadas temporalmente será realizada polo Banco de España actuando por conta do primeiro, a través dos procedementos previstos no punto 2.b) da disposición adicional sexta da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España. Para estes efectos, a certificación prevista no primeiro parágrafo da dita letra deberá ser expedida polo Tesouro, debéndose xuntar igualmente unha certificación do Banco de España acreditativa da afección temporal dos activos de garantía que sexan obxecto de execución.

#### Artigo 109. *Relación con entidades de crédito.*

1. A apertura dunha conta de situación de fondos do Tesouro Público fóra do Banco de España requirirá previa comunicación á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, con expresión da finalidade da apertura e das condicións de utilización. Tralo informe favorable do dito centro directivo, quedará expedita a vía para o inicio do correspondente expediente de contratación, que se axustará ó disposto na normativa sobre contratos das administracións públicas, mediante procedemento negociado cun mínimo de tres ofertas e sen necesidade de esixir prestación de garantía definitiva.

Transcorridos tres meses desde a comunicación e sen que se notifique o citado informe favorable, este entenderase desfavorable.

Realizada a adxudicación, e antes da formalización do contrato, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira autorizará a apertura por un prazo de tres anos prorrogable por outros tres. Os contratos conterán necesariamente unha cláusula de exclusión da facultade de compensación e o respecto ó beneficio de inembargabilidade dos fondos públicos establecido no artigo 23 desta lei. Poderá pactarse que os gastos de administración da conta se reduzan con cargo ós xuros devengados por ela.

2. A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá ordena-la cancelación ou paralización das contas a que se refire o punto anterior cando se comprobe que non subsisten as razóns que motivaron a súa autorización ou que non se cumpren as condicións impostas para o seu uso.

3. A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá subscribir convenios coas entidades de crédito, tendentes a determina-lo réxime de funcionamento das contas en que se encontren situados os fondos da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos autónomos e, en especial, o tipo de xuro ó que serán retribuídas, as comisións que hai que pagar, se é o caso, os medios de pagamento asociados a elas e as obrigacións de información asumidas polas entidades de crédito.

4. A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, en relación coas contas abertas en entidades de crédito ás que se refire este artigo, poderá solicitar, do órgano administrativo xestor ou da correspondente entidade de crédito, calquera dato tendente a comproba-lo cumprimento das condicións en que se autorizou a apertura da conta.

**Artigo 110. Medios de pagamento.**

Nas condicións que establezan os ministros de Economía e de Facenda, nos seus respectivos ámbitos, os ingresos e os pagamentos da Administración xeral do Estado e os seus organismos autónomos poderanse realizar mediante transferencia bancaria, cheque, efectivo ou calquera outro medio de pagamento, sexa ou non bancario. Nas mencionadas condicións poderase establecer que, na realización de determinados ingresos ou pagamentos da Administración xeral do Estado, só se poidan utilizar certos medios de pagamento especificando en cada caso as particulares condicións de utilización.

**CAPÍTULO IV****Do endebedamento e a xestión da tesourería dos organismos autónomos e entidades públicas empresariais****Artigo 111. Operacións de endebedamento dos organismos autónomos e entidades públicas empresariais.**

1. Os organismos autónomos non poderán concertar operacións de endebedamento, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado, ante a especial natureza das condicións e actividade que ten que realiza-lo organismo autorice a subscripción das ditas operacións, que se efectuarán nos termos e co límite que na dita lei se establezan.

Para efectos do cumprimento do dito límite, non se deducirán as posicións activas de tesourería constituídas polo organismo.

2. Nese caso, as competencias sinaladas no artigo 98 desta lei entenderanse referidas ó presidente ou director do organismo correspondente.

3. As operacións de endebedamento concertadas por organismos autónomos regularanse polo disposto no capítulo II deste título, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado que autorice as operacións estableza expresamente outra cousa.

4. As entidades públicas empresariais requirirán autorización legal para emitir débeda ou contraer crédito, salvo que se trate de operacións de crédito que se concerten e cancelen dentro do mesmo exercicio orzamentario.

**Artigo 112. Xestión da tesourería dos organismos autónomos.**

1. Correspóndelle ó presidente ou director do organismo autónomo ordenar los pagamentos en execución do orzamento de gastos do organismo, con suxeición ós criterios de ordenación establecidos no artigo 107 desta lei.

2. Os organismos autónomos canalizarán os seus ingresos e pagamentos nos termos establecidos nos artigos 108, 109 e 110 desta lei.

**CAPÍTULO V****Dos avais do Estado****Artigo 113. Obxecto dos avais.**

1. A Administración xeral do Estado poderá, de conformidade co disposto neste capítulo, afianza-las obrigacións derivadas de operacións de crédito concertadas no interior ou no exterior por persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, mediante o outorgamento do correspondente aval.

2. En todo caso, os avais que se outorguen terán que ser compatibles co mercado común, nos termos establecidos polos artigos 87 e 88 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

**Artigo 114. Competencias no outorgamento de avais.**

1. O outorgamento de avais pola Administración xeral do Estado deberá ser autorizado por medio da correspondente lei que deberá conter, polo menos, as determinacións previstas no punto 2 do artigo seguinte. No non regulado expresamente pola lei que os autorice, seralles aplicable ós citados avais o disposto neste capítulo e as súas normas de desenvolvemento.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, o Consello de Ministros, logo de declaración do interese público que o motiva, poderá autorizar avais en garantía de operacións concertadas por:

a) Entidades públicas de carácter territorial ou institucional, sociedades mercantís estatais e organismos internacionais dos que España sexa membro.

b) Persoas naturais ou xurídicas para financiar bens e investimentos en xeral que deban quedar afectos a concesión administrativa que deba reverter á Administración xeral do Estado.

**Artigo 115. Avais outorgados polo Consello de Ministros.**

1. O importe total dos avais previstos no punto 2 do artigo precedente desta lei non poderá exceder do límite que en cada exercicio sinale a Lei de orzamentos xerais do Estado.

O límite anual de avais entenderase referido ó principal das operacións avaladas. O aval concedido non poderá garantir máis que o pagamento do principal e dos xuros, salvo que a lei de orzamentos ou de concesión dispoñan expresamente outra cousa.

2. A autorización do Consello de Ministros citada no punto 1 anterior poderá referirse especificamente a cada operación ou comprender varias delas, con determinación, en todo caso, da identidade dos avalados, do prazo dentro do cal deberán ser outorgados os avais, e do seu importe máximo individual ou global.

**Artigo 116. Formalización dos avais.**

O outorgamento de avais da Administración xeral do Estado deberá ser acordada, se é o caso, polo ministro de Economía quen, sen prexuízo dos límites que se puidesen ter establecido na preceptiva autorización do Consello de Ministros ou da correspondente lei, poderá convi-las cláusulas que resulten usuais nos mercados financeiros.

En particular, poderá acordar:

a) A renuncia ó beneficio de excusión que establece o artigo 1830 do Código civil.

b) Excepcionalmente, nos avais que garantan operacións de crédito exterior, o sometemento a arbitraje ou a remisión a unha lexislación ou tribunais estranxeiros, sempre que se observe o disposto no artigo 23 desta lei.

Os avais presumiranse outorgados con carácter subsidiario, salvo que ó se concederen se dispuxese expresamente outra cousa.

**Artigo 117. Devengo de comisión.**

Os avais outorgados pola Administración xeral do Estado devengarán a favor dela a comisión que, se é o caso, se determinase.

**Artigo 118. Limitación de riscos.**

Sen prexuízo do disposto no título habilitante para o seu outorgamento, o ministro de Economía poderá establecer mecanismos para limita-lo risco de execución dos avais outorgados pola Administración xeral do Estado.

**TÍTULO V****Contabilidade do sector público estatal****CAPÍTULO I****Normas xerais****Artigo 119. Principios xerais.**

1. As entidades integrantes do sector público estatal deberán aplica-los principios contables que correspondan segundo o establecido neste capítulo, tanto para reflectir toda clase de operacións, custos e resultados da súa actividade, como para facilitar datos e información con transcendencia económica.

2. A contabilidade do sector público estatal configúrase como un sistema de información económico-financeira e orzamentaria que ten por obxecto mostrar, a través de estados e informes, a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento de cada unha das entidades integrantes del.

3. As entidades integrantes do sector público estatal quedan sometidas á obriga de render contas das súas operacións, calquera que sexa a súa natureza, ó Tribunal de Contas por conducto da Intervención Xeral da Administración do Estado, de acordo cos criterios recollidos no capítulo IV deste título.

**Artigo 120. Fins da contabilidade do sector público estatal.**

A contabilidade do sector público estatal debe permiti-lo cumprimento dos seguintes fins de xestión, de control e de análise e información:

1. Mostra-la execución dos orzamentos, pondo de manifesto os resultados orzamentarios, e proporcionar información para o seguimento dos obxectivos previstos nos orzamentos xerais do Estado.

2. Pór de manifesto a composición e situación do patrimonio así como as súas variacións, e determina-los resultados desde o punto de vista económico patrimonial.

3. Subministrar información para a determinación dos custos dos servizos públicos.

4. Proporcionar información para a elaboración de todo tipo de contas, estados e documentos que se teñan que render ou remitir ó Tribunal de Contas e demais órganos de control.

5. Subministrar información para a elaboración das contas económicas das administracións públicas, sociedades non financeiras públicas e institucións financeiras públicas, de acordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

6. Proporcionar información para o exercicio dos controis de legalidade, financeiro, de economía, eficiencia e eficacia.

7. Subministrar información para posibilita-la análise dos efectos económicos e financeiros da actividade dos entes públicos.

8. Subministrar información económica e financeira útil para a toma de decisións.

9. Subministrar información útil para outros destinatarios.

**Artigo 121. Aplicación dos principios contables.**

1. A contabilidade das entidades integrantes do sector público estatal desenvolverase aplicando os principios contables que correspondan conforme os criterios indicados nos seguintes puntos.

2. Deberán aplica-los principios contables públicos previstos no artigo seguinte, así como o desenvolvemento dos principios e as normas establecidas no Plan Xeral de Contabilidade Pública e as súas normas de desenvolvemento as entidades que integran o sector público administrativo.

3. Deberán aplica-los principios e normas de contabilidade recollidos no Código de comercio e o Plan Xeral de Contabilidade da empresa española, así como nas súas adaptacións e disposicións que o desenvolven, as entidades que integran o sector público empresarial.

4. Deberán aplica-los principios e normas de contabilidade recollidos na adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e disposicións que o desenvolven, as fundacións do sector público estatal que integran o sector público fundacional.

**Artigo 122. Principios contables públicos.**

1. As entidades previstas no punto 2 do artigo anterior deberán aplicar, ademais dos principios orzamentarios previstos no título II desta lei, os seguintes principios contables:

a) A imputación temporal de gastos e ingresos debe realizarse, desde o punto de vista económico-patrimonial, en función da corrente real de bens e servizos que eles representan, sen prexuízo dos criterios que se deban seguir para a súa imputación orzamentaria.

b) Tódolos feitos contables deberán ser rexistrados na oportuna orde cronolóxica.

c) Presumirase que continúa a actividade por tempo indefinido.

d) Non se variarán os criterios de valoración dun exercicio a outro.

e) A aplicación destes principios debe estar presidida pola consideración da importancia en termos relativos que eles e os seus efectos puidesen presentar, sempre que non se vulnere unha norma de obrigado cumprimento.

f) Dos ingresos só se deben contabiliza-los efectivamente realizados na data de peche do exercicio. Dos gastos, deben contabilizarse os efectivamente realizados así como, desde que se teña coñecemento deles, aqueles que supoñan riscos previsibles ou perdas eventuais, con orixe no exercicio ou noutro anterior, sen prexuízo de que a imputación orzamentaria deles se realice cando estean efectivamente realizados.

g) Tódolos bens, dereitos e obrigacións deben figurar polo seu prezo de adquisición ou custo de produción. As obrigacións deben contabilizarse polo seu valor de reembolso.

h) O sistema contable debe pór de manifesto a relación entre os gastos realizados por unha entidade e os ingresos necesarios para o seu financiamento durante o exercicio.

i) En ningún caso se deben compensa-las partidas do activo e do pasivo, nin as de gastos e ingresos que integran as contas anuais.

j) Constituirá entidade contable todo ente con personalidade xurídica e orzamento propio, que deba formar e render contas.

k) A imputación das transaccións ou feitos contables debe efectuarse, desde o punto de vista económico-patrimonial, a activos, pasivos, gastos ou ingresos de acordo coas regras establecidas no Plan Xeral de Contabilidade Pública. Ademais, aquelas operacións que

se deban aplicar ós orzamentos de gastos e ingresos, rexistraranse, desde o punto de vista orzamentario, de acordo coas regras previstas no título II desta lei.

2. Nos casos de conflito entre os principios contables públicos deben prevalece-los principios previstos nas alíneas a) e b) do punto anterior.

3. Cando a aplicación destes principios contables non sexa abondo para que as contas anuais expresen a imaxe fiel, deberase subministrarse información adicional nas contas anuais sobre os principios contables adicionais aplicados.

4. Naqueles casos excepcionais en que a aplicación dun principio contable sexa incompatible coa imaxe fiel que deben mostra-las contas anuais, considerarase improcedente a dita aplicación, o cal se mencionará nas contas anuais, explicando a súa motivación e indicando a súa influencia sobre o patrimonio, a situación financeira, a execución do orzamento e os resultados da entidade.

#### Artigo 123. *Destinatarios da información contable.*

A información que subministre a contabilidade das entidades do sector público estatal estará dirixida ós seus órganos de dirección e xestión, ós de representación política e ós de control externo e interno, ós organismos internacionais, nos termos e cos límites previstos regulamentariamente, sen prexuízo do establecido no artigo 136.

## CAPÍTULO II

### Competencias en materia contable

#### Artigo 124. *Competencias do ministro de Facenda.*

Correspóndelle ó ministro de Facenda, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado:

a) Aproba-lo Plan Xeral de Contabilidade Pública, no cal se recollerán e desenvolverán os principios contables públicos.

b) Determina-los criterios xerais de rexistro de datos, presentación da información contable, contido das contas anuais que se deben render ó Tribunal de Contas e os procedementos de remisión delas que regulan, para tales efectos, a utilización de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

c) Determina-lo contido, a estrutura, as normas de elaboración e os criterios de agregación ou consolidación da Conta Xeral do Estado.

d) Establece-la rendición de contas anuais consolidadas, respecto das entidades do sector público estatal.

e) Determina-lo contido do informe previsto no punto 3 do artigo 129 desta lei.

#### Artigo 125. *Competencias da Intervención Xeral da Administración do Estado.*

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado é o centro directivo da contabilidade pública, ó que compete:

a) Promove-lo exercicio da potestade regulamentaria en materia contable atribuída ó ministro de Facenda por esta lei e proporlle a este a aprobación do Plan Xeral de Contabilidade Pública.

b) Aproba-la normativa de desenvolvemento do Plan Xeral de Contabilidade Pública e os plans parciais ou especiais que se elaboren de conformidade con el, así como os das entidades a que se fai referencia no punto 3 do artigo 121, que se elaboren conforme o Plan Xeral de Contabilidade da empresa española.

c) Determina-las contas anuais e demais documentación que as entidades que integran o Sistema da Seguridade Social deben render ó Tribunal de Contas.

d) Aproba-las instrucións de contabilidade mediante as cales se establezan as regras contables a que se terán que somete-los entes que deban aplica-los principios contables públicos, así como os modelos e estrutura dos documentos contables e contas, estados e informes contables en xeral que non deban renderse ó Tribunal de Contas.

e) Establece-los principios básicos da contabilidade analítica das entidades do sector público estatal que deban aplica-los principios contables públicos.

f) Establece-los principios e criterios xerais ós que debe responde-lo seguimento de obxectivos establecidos nos orzamentos xerais do Estado nas entidades do sector público estatal.

g) Inspecciona-la actividade das oficinas de contabilidade das entidades do sector público estatal suxeitas ós principios contables públicos.

h) Establece-los requirimentos funcionais e, se é o caso, os procedementos informáticos, relativos ó sistema de información contable, que deberán aplica-las entidades do sector público estatal suxeitas ós principios contables públicos.

i) Determina-las especificacións, procedemento e periodicidade da información contable que terán que remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado as entidades do sector público estatal suxeitas ós principios contables públicos.

j) Establece-los criterios, procedementos e excepcións para a centralización na Intervención Xeral da Administración do Estado das bases de datos do seu sistema de información contable das entidades do sector público estatal suxeitas ós principios contables públicos.

k) Aproba-las normas de contabilidade aplicables ós fondos regulados no punto 2 do artigo 2 desta lei.

2. A Intervención Xeral da Administración do Estado é o centro xestor da contabilidade pública, ó que lle compete:

a) Xestiona-la contabilidade da Administración xeral do Estado.

b) Centraliza-la información contable das distintas entidades integrantes do sector público estatal.

c) Solicita-la presentación das contas que se deban render ó Tribunal de Contas.

d) Forma-la Conta Xeral do Estado.

e) Vixiar e impulsa-la organización das oficinas de contabilidade existentes en tódolos departamentos ministeriais e organismos públicos en que o servizo así o aconselle, e que estarán a cargo dos funcionarios que legalmente teñen atribuído este cometido.

f) Solicitar tódolos informes e dictames económico-contables que realicen as entidades que polo seu conduto deban render contas ó Tribunal de Contas.

Así mesmo, poderase ter acceso directo ás bases dos sistemas de información contable das ditas entidades.

g) Elabora-las contas nacionais das unidades que compoñen o sector das administracións públicas, de acordo cos criterios de delimitación institucional e imputación de operacións establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

h) Elabora-lo informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos termos previstos no artigo 9 da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

i) Elabora-las contas nacionais das unidades que compoñen o subsector das sociedades públicas non financeiras e das institucións financeiras públicas e de acordo cos criterios de delimitación institucional e imputación de operacións establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.



j) Deseña-los mecanismos e realiza-las actuacións oportunas para garantir e protexe-la integridade, coherencia e confidencialidade dos datos contidos nos sistemas de información contable.

3. As funcións directivas e xestoras da contabilidade pública no ámbito das entidades que integran o Sistema da Seguridade Social serán exercidas pola Intervención Xeral da Administración do Estado a través da Intervención Xeral da Seguridade Social, á que corresponderá:

a) Dirixi-la contabilidade das entidades que integran o sistema da Seguridade Social e xestiona-la contabilidade das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social.

b) Elabora-la adaptación do Plan Xeral da Contabilidade Pública ás entidades que integran o Sistema da Seguridade Social e sometelo para a súa aprobación á Intervención Xeral da Administración do Estado.

c) Aproba-la normativa de desenvolvemento da dita adaptación ó Plan Contable e ós plans parciais ou especiais que se elaboren de conformidade con el, así como os das entidades a que se fai referencia no punto 3 do artigo 121, que se elaboren conforme o Plan Xeral de Contabilidade da empresa española, cando aquelas teñan a consideración de entidades que integran o sistema da Seguridade Social.

d) Aproba-las instrucións de contabilidade mediante as cales se establezan as regras contables ás que se terán que somete-las entidades que integran o sistema da Seguridade Social que deban aplica-los principios contables públicos, criterios de funcionamento das súas oficinas contables, modelos e estrutura dos documentos contables e contas, estados e informes contables en xeral que non deban renderse ó Tribunal de Contas.

e) Inspecciona-la actividade das oficinas de contabilidade das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social.

f) Actuar como central contable do Sistema da Seguridade Social, centralizando a información contable das distintas entidades integrantes do dito sistema, correspondéndolle para eses efectos determina-la información que as entidades lle terán que remitir a ela, así como a súa periodicidade e procedementos de comunicación.

g) Solicita-la presentación das contas e demais documentos que teñan que rende-las entidades integrantes do sistema de Seguridade Social ó Tribunal de Contas.

h) Examina-las contas que deban renderse para fiscalización polo Tribunal de Contas, formulando, se é o caso, as observacións que considere oportunas.

i) Forma-la Conta Xeral da Seguridade Social, para a súa remisión ó Tribunal de Contas en igual prazo que o establecido para a Conta Xeral do Estado; para eses efectos poderá solicitar das entidades a información que considere necesaria para efectua-lo proceso de agregación ou consolidación contable. A falta de remisión de contas non constituirá obstáculo para que a Intervención Xeral da Seguridade Social poida forma-la Conta do sistema da Seguridade Social coas contas recibidas.

j) Elabora-la documentación estatístico-contable de carácter oficial do Sistema da Seguridade Social.

k) A administración do Sistema de Información Contable da Seguridade Social, determinando os criterios polos que este se deberá rexer.

l) Establece-los requirimentos funcionais e os procedementos informáticos relativos ó sistema de información contable que deberán aplica-las entidades que integran o sistema da Seguridade Social distintas das entidades xestoras e servicios comúns dela, que permita a integración das súas bases de datos contables no sistema de información contable da Seguridade Social.

m) Calquera outra función relativa á dirección da contabilidade das entidades que integran o Sistema da Seguridade Social e á xestión da contabilidade das entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social, así como as que especificamente lle poida asigna-la Intervención Xeral da Administración do Estado.

Artigo 126. *Sistemas adicionais de control de obxectivos.*

1. O sistema de información contable das entidades do sector público estatal que deban aplica-los principios contables públicos comprenderá o seguimento dos obxectivos propostos polos centros xestores, aprobados nos orzamentos xerais do Estado.

2. Os centros xestores poderán deseñar e implantar sistemas adicionais de seguimento dos obxectivos indicados no punto anterior.

### CAPÍTULO III

#### Información contable

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> CONTAS ANUAIS

Artigo 127. *Formulación das contas anuais.*

Tódalas entidades do sector público estatal deberán formula-las súas contas anuais, de acordo cos principios contables que lles sexan de aplicación, no prazo máximo de tres meses desde o peche do exercicio económico, e poranas á disposición dos auditores que corresponda segundo o previsto nos artigos 163 e 168 desta lei.

Artigo 128. *Contido das contas anuais das entidades que deben aplica-los principios contables públicos.*

1. As contas anuais das entidades que deben aplica-los principios contables públicos comprenderán: o balance, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria. Estes documentos forman unha unidade.

2. O balance comprenderá, coa debida separación, os bens e dereitos así como os posibles gastos diferidos que constitúen o activo da entidade e as obrigacións e os fondos propios que forman o pasivo dela.

3. A conta de resultado económico-patrimonial comprenderá, coa debida separación, os ingresos e beneficios do exercicio, os seus gastos e perdas e, por diferenza, o resultado aforro ou aforro negativo.

4. O estado de liquidación do orzamento comprenderá, coa debida separación, a liquidación do orzamento de gastos e do orzamento de ingresos da entidade así como o resultado orzamentario. Así mesmo, incluírase o balance de resultados e o informe de xestión a que se refire o artigo 71 desta lei, en que se informará do grao de realización dos obxectivos, os custos en que se incorreu e as desviacións físicas e financeiras que, se é o caso, se producen.

5. A memoria completa, amplía e comenta a información contida no balance, na conta de resultado económico patrimonial e no estado de liquidación do orzamento.

En particular, a memoria informará do remanente de tesourería da entidade obtido a partir das obrigacións recoñecidas non satisfeitas o último día do exercicio, os dereitos pendentes de cobramento e os fondos líquidos existentes o 31 de decembro, debendo ter en conta no seu cálculo os posibles recursos afectados ó financiamento de gastos concretos e os dereitos pendentes de cobramento que se consideren de difícil ou imposible recadación.

6. O ministro de Facenda determinará o contido e a estrutura dos documentos anteriores.

**Artigo 129.** *Contido das contas anuais do resto de entidades do sector público estatal.*

1. As contas anuais das entidades que deben aplica-los principios e normas de contabilidade recollidos no Plan Xeral de Contabilidade da empresa española, así como nas súas adaptacións e disposicións que o desenvolven, serán as previstas no dito plan.

Estas entidades deberán incluír nas súas contas anuais a proposta de distribución do resultado do exercicio, a aprobación da cal será efectuada posteriormente polo órgano competente.

2. As contas anuais das entidades que deben aplica-los principios e normas de contabilidade recollidos na adaptación ó Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos serán as previstas na dita norma.

3. As sociedades mercantís estatais, as entidades públicas empresariais, o resto de entes do sector público estatal sometidos ós principios e normas de contabilidade recollidos no Plan Xeral de Contabilidade da empresa española e as fundacións do sector público estatal presentarán, xunto coas contas anuais, un informe relativo ó cumprimento das obrigacións de carácter económico-financeiro que asumen as ditas entidades como consecuencia da súa pertenza ó sector público.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> *CONTA XERAL DO ESTADO*

**Artigo 130.** *Contido da Conta Xeral do Estado.*

1. A Conta Xeral do Estado formarase cos seguintes documentos:

a) Conta Xeral do sector público administrativo, que se formará mediante a agregación ou consolidación das contas das entidades que integran o dito sector.

Así mesmo, xuntarase a conta de xestión de tributos cedidos ás comunidades autónomas conforme o preceptuado no artigo 52 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

b) Conta Xeral do sector público empresarial, que se formará mediante a agregación ou consolidación das contas das entidades que deben aplica-los principios de contabilidade recollidos no Plan Xeral de Contabilidade da empresa española, así como nas súas adaptacións e disposicións que o desenvolvan.

c) Conta Xeral do sector público fundacional, que se formará mediante a agregación ou consolidación das contas das entidades que deben aplica-los principios de contabilidade recollidos na normativa contable relativa a entidades sen fins lucrativos.

d) Memoria que completará, ampliará e comentará a información contida nos anteriores documentos.

2. A Conta Xeral do Estado deberá subministrar información sobre:

a) A situación económica, financeira e patrimonial do sector público estatal.

b) Os resultados económico-patrimoniais do exercicio.

c) A execución e liquidación dos orzamentos e o grao de realización dos obxectivos.

3. O ministro de Facenda poderá determina-la obtención dunha conta agregada ou consolidada de tódolos entes do sector público estatal, ou se é o caso por sectores.

**Artigo 131.** *Formación e remisión da Conta Xeral do Estado ó Tribunal de Contas.*

1. A Conta Xeral do Estado de cada ano será formada pola Intervención Xeral da Administración do Estado e elevarase ó Goberno para a súa remisión ó Tribunal de Contas antes do día 31 de outubro do ano seguinte ó que se refira.

2. A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá solicitar das distintas entidades a información que considere necesaria para efectua-los procesos de agregación ou consolidación contable.

3. A falta de remisión de contas non constituirá obstáculo para que a Intervención Xeral da Administración do Estado poida forma-la Conta Xeral do Estado coas contas recibidas.

4. Poderanse agregar ou consolida-las contas dunha entidade aínda que no preceptivo informe de auditoría de contas se denegase opinión, se emitise informe desfavorable ou con excepcións, aínda que estas circunstancias se farán constar na memoria explicativa da dita conta xeral.

**Artigo 132.** *Exame e comprobación da Conta Xeral do Estado.*

O Tribunal de Contas, por delegación das Cortes Xerais, procederá ó exame e comprobación da Conta Xeral do Estado dentro do prazo de seis meses a partir da data en que as recibise. O Pleno, oído o fiscal, dictará a declaración definitiva que lle mereza para a elevar ás cámaras coa oportuna proposta, e daralle traslado ó Goberno.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> *INFORMACIÓN SOBRE O OBXECTIVO DE ESTABILIDADE E EQUILIBRIO FINANCEIRO*

**Artigo 133.** *As contas económicas do sector público.*

Para efectos do disposto nas alíneas g), h) e i) do punto 2 do artigo 125, as unidades públicas estarán obrigadas a proporcionar a colaboración e información necesarias para a elaboración das contas económicas do sector público e canta información, no ámbito da contabilidade nacional das unidades públicas, sexa fixada pola normativa interna e comunitaria.

As comunidades autónomas subministrarán a información necesaria para a medición do grao de realización do obxectivo de estabilidade orzamentaria conforme o procedemento previsto na Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

As corporacións locais subministrarán a información necesaria para a medición do grao de realización do obxectivo de estabilidade orzamentaria conforme o procedemento previsto na Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

**Artigo 134.** *Seguimento da situación de desequilibrio financeiro.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado, no exercicio das competencias de centralización da información contable previstas nesta lei, realizará o seguimento do cumprimento do equilibrio financeiro das entidades integrantes do sector público estatal ás que lles resulte de aplicación, así como dos plans de saneamento derivados do seu incumprimento.

SECCIÓN 4.<sup>a</sup> INFORMACIÓN PERIÓDICA**Artigo 135.** *Información que haberá que remitir ás Cortes Xerais.*

Sen prexuízo da facultade de as Cortes Xerais solicitaren do Goberno a información que coiden oportuna, a Intervención Xeral da Administración do Estado, con periodicidade mensual, porá á disposición das comisións de orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado información sobre a execución dos orzamentos. Coa mesma periodicidade, a Intervención Xeral da Seguridade Social remitiralles ás ditas comisións información sobre a execución dos orzamentos das entidades que integran o sistema da Seguridade Social.

**Artigo 136.** *Información que haberá que publicar no «Boletín Oficial del Estado».*

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado publicará, con periodicidade mensual, no «Boletín Oficial del Estado» información relativa ás operacións de execución do orzamento do Estado e das súas modificacións, e operacións de tesourería, e das demais que se consideren de interese xeral.

2. Así mesmo, a Intervención Xeral da Administración do Estado, publicará no «Boletín Oficial del Estado» anualmente, un resumo dos principais estados e documentos que conformen a Conta Xeral do Estado.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado publicará no «Boletín Oficial del Estado», anualmente, un resumo dos principais estados e documentos que conformen a Conta da Administración xeral do Estado.

4. As entidades que deban aplicar principios contables públicos así como as restantes que non teñan obriga de publicalas súas contas no Rexistro Mercantil, publicarán anualmente no «Boletín Oficial del Estado» o balance de situación e a conta do resultado económico-patrimonial e un resumo dos restantes estados que conforman as contas anuais. Para estes efectos, a Intervención Xeral da Administración do Estado determinará o contido mínimo da información que haberá que publicar.

5. A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá publica-la información anterior a través doutros medios que considere convenientes, distintos do «Boletín Oficial del Estado».

## CAPÍTULO IV

## Rendición de contas

**Artigo 137.** *Obriga de render contas.*

As entidades integrantes do sector público estatal renderanlle ó Tribunal de Contas, por conducto da Intervención Xeral da Administración do Estado, a información contable regulada na sección 1.<sup>a</sup> do capítulo III deste título.

**Artigo 138.** *Contadantes.*

1. Serán contadantes os titulares das entidades e órganos suxeitos á obriga de render contas e, en todo caso:

a) As autoridades e os funcionarios que teñan ó seu cargo a xestión dos ingresos e a realización de gastos, así como as demais operacións da Administración xeral do Estado.

b) Os titulares das entidades que integran o Sistema da Seguridade Social.

c) Os presidentes ou directores dos organismos autónomos e das entidades públicas empresariais e demais entidades do sector público estatal.

d) Os presidentes do consello de administración das sociedades mercantís estatais.

e) Os liquidadores das sociedades mercantís estatais en proceso de liquidación.

f) Os presidentes do padroado, ou aqueles que teñan atribuídas funcións executivas nas fundacións do sector público estatal.

2. Os contadantes mencionados no punto anterior son responsables da información contable e correspóndelles render, nos prazos fixados para o efecto e debidamente autorizadas, as contas que se deban enviar ó Tribunal de Contas.

A responsabilidade de subministrar información veraz en que se concreta a rendición de contas é independente da responsabilidade contable regulada no título VII desta lei, na cal incorren aqueles que adoptaron as resolucións ou realizaron os actos reflectidos nas ditas contas.

3. Tamén deberán render contas, na forma que regulamentariamente se estableza, os particulares que, excepcionalmente, administren, recaden ou custodien fondos ou valores do Estado, sen prexuízo de que sexan intervidas as respectivas operacións.

4. Se unha sociedade mercantil deixa de formar parte do sector público estatal, terá obriga de render as contas correspondentes ó dito período contable, asumindo as obrigas de rendición o presidente do consello de administración na data en que se produza a citada rendición.

Se unha sociedade mercantil estatal acordase disolverse, deberá render contas ata a data do acordo de disolución e igualmente desde esa data ata a finalización do proceso de liquidación. Non obstante o anterior, se a sociedade en liquidación aprobase contas anuais, a rendición será anual.

5. En caso de extinción dunha fundación do sector público estatal, esta deberá render contas ata a data de efectividade da extinción.

En caso de liquidación dunha fundación do sector público estatal, esta deberá render contas desde a dita data ata a finalización do proceso de liquidación. Non obstante o anterior, se a fundación en liquidación aprobase contas anuais, a rendición será anual.

Se unha fundación do sector público estatal deixa de formar parte del, terá obriga de render as contas correspondentes ó dito período contable, asumindo as obrigas de rendición o presidente do padroado na data en que se produza a citada rendición.

**Artigo 139.** *Procedemento de rendición de contas.*

1. En cumprimento da súa obriga de render contas, os contadantes deberán remiti-las súas contas anuais aprobadas á Intervención Xeral da Administración do Estado, xunto cun informe de auditoría que corresponda, en aplicación dos artigos 163 e 168 desta lei ou do, se é o caso, imposto pola normativa mercantil, no caso de sociedades mercantís estatais, dentro dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico. Tratándose das ditas sociedades deberase xuntar, ademais, o informe de xestión e o informe previsto no artigo 129 desta lei. No caso de fundacións do sector público estatal deberase xuntar este último informe.

2. A Intervención Xeral da Administración do Estado remitiralles ó Tribunal de Contas a documentación indicada no punto anterior no prazo dun mes desde que a recibise.

## TÍTULO VI

**Do control da xestión económico-financeira  
efectuado pola Intervención Xeral  
da Administración do Estado**

## CAPÍTULO I

## Normas xerais

Artigo 140. *Do control da xestión económico-financeira do sector público estatal.*

1. Na súa condición de supremo órgano fiscalizador das contas e da xestión económica do Estado e do sector público, correspóndelle ó Tribunal de Contas o control externo do sector público estatal, nos termos establecidos na Constitución, na súa lei orgánica e nas demais leis que regulen a súa competencia.

2. A Intervención Xeral da Administración do Estado exercerá nos termos previstos nesta lei o control interno da xestión económica e financeira do sector público estatal, con plena autonomía respecto das autoridades e demais entidades das cales controle a xestión.

Artigo 141. *Control de subvencións e axudas.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado exercerá o control sobre entidades colaboradoras e beneficiarios de subvencións e axudas concedidas polos suxeitos do sector público estatal e das financiadas con cargo a fondos comunitarios de acordo co establecido na Lei xeral de subvencións e na normativa comunitaria.

Artigo 142. *Obxectivos do control.*

1. O control regulado neste título ten como obxectivos:

a) Verifica-lo cumprimento da normativa que resulte de aplicación á xestión obxecto do control.

b) Verifica-lo adecuado rexistro e contabilización das operacións realizadas, e o seu fiel e regular reflexo nas contas e estados que, conforme as disposicións aplicables, deba formar cada órgano ou entidade.

c) Avaliar que a actividade e os procedementos obxecto de control se realizan de acordo cos principios de boa xestión financeira e, en especial, os previstos na Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

d) Verifica-lo cumprimento dos obxectivos asignados ós centros xestores do gasto nos orzamentos xerais do Estado.

2. O control realizarase mediante o exercicio da función interventora, o control financeiro permanente e a auditoría pública, a que se refiren os capítulos II, III e IV deste título.

Artigo 143. *Ámbito e exercicio do control.*

O control a que se refire este título será exercido sobre a totalidade dos órganos ou entidades do sector público estatal pola Intervención Xeral da Administración do Estado, a través dos seus servicios centrais ou das súas intervencións delegadas.

No ámbito do Ministerio de Defensa e da Seguridade Social, o control exercerase, respectivamente a través da Intervención Xeral da Defensa, e da Intervención Xeral da Seguridade Social, dependentes funcionalmente, para estes efectos, da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Artigo 144. *Principios de actuación e prerrogativas.*

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado exercerá as súas funcións de control conforme os principios de autonomía, exercicio desconcentrado e xerarquía interna a través dos órganos de control a que se refire o artigo anterior.

2. O control a que se refire este título exercerase con plena autonomía respecto do órgano ou entidade a xestión dos cales sexa obxecto de control. Para tales efectos, os funcionarios que o realicen gozarán de independencia funcional respecto dos titulares dos órganos a xestión dos cales controlen e axustarán a súa actuación á normativa vixente e ás instrucións impartidas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. O procedemento contradictorio rexe a solución das diferencias que se poidan presentar no exercicio de control da función interventora. Tal principio materializarase no procedemento de resolución de discrepancias regulado no artigo 155 desta lei.

No ámbito do control financeiro permanente e da auditoría pública, o alcance do procedemento contradictorio será o establecido na normativa reguladora dos correspondentes informes, sen prexuízo do establecido no artigo 161 e no punto 3 do artigo 166 desta lei.

4. O interventor xeral da Administración do Estado e os seus interventores delegados poderán solicitar directamente de quen corresponda os asesoramentos xurídicos e os informes técnicos que considere necesarios, así como os antecedentes e documentos precisos para o exercicio das súas funcións. Cando os asesoramentos e informes se deban solicitar de órganos dos cales a competencia se estende á totalidade da Administración xeral e institucional, serán solicitados, en todo caso, pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

5. O interventor xeral da Administración do Estado e os seus interventores delegados poderán interpor os recursos e reclamacións que autoricen as disposicións vixentes.

Artigo 145. *Deberes e facultades do persoal controlador, deber de colaboración e asistencia xurídica.*

1. Os funcionarios que desempeñan as funcións de control deberán garda-la confidencialidade e o segredo respecto dos asuntos que coñezan por razón do seu traballo.

Os datos, informes ou antecedentes obtidos no desenvolvemento das súas funcións só se poderán utilizar para os fins do control e, se é o caso, para a denuncia de feitos que poidan ser constitutivos de infracción administrativa, responsabilidade contable ou de delicto.

Así mesmo, as comisións parlamentarias de investigación poderán ter acceso ós ditos datos, informes ou antecedentes, nos termos establecidos polo Real decreto lei 5/1994, do 29 de abril.

Nos demais casos en que proceda legalmente o acceso ós informes de control, a solicitude deles dirixirase directamente ós seus destinatarios.

2. As autoridades, calquera que sexa a súa natureza, os xefes ou directores de oficinas públicas, os das entidades integrantes do sector público estatal e os que en xeral exerzan funcións públicas ou desenvolvan o seu traballo nesas entidades deberanlles prestar ós funcionarios encargados do control o apoio, concurso, auxilio e colaboración que lles sexan precisos, facilitando a documentación e información necesaria para o dito control.

3. Toda persoa natural ou xurídica, pública ou privada, estará obrigada a proporcionar, despois do requirimento do órgano de control da Intervención Xeral da Administración do Estado actuante, toda clase de datos, informes ou antecedentes, deducidos directamente das

súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas, con transcendencia para as actuacións de control que desenvolva.

4. Os servizos xurídicos do Estado prestarán a asistencia que, se é o caso, corresponda ós funcionarios que, como consecuencia da súa participación en actuacións de control, sexan obxecto de citacións por órganos xurisdiccionais.

**Artigo 146. Informes xerais de control financeiro permanente e de auditoría pública.**

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado presentará anualmente ó Consello de Ministros a través do ministro de Facenda un informe xeral cos resultados máis significativos da execución do plan anual de control financeiro permanente e do plan anual de auditorías de cada exercicio.

2. A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá elevar á consideración do Consello de Ministros a través do ministro de Facenda os informes de control financeiro permanente e de auditoría que, por razón dos seus resultados, coide conveniente anticipalo seu coñecemento.

**Artigo 147. Control das entidades que integran o sistema da Seguridade Social.**

1. O Goberno, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, e por iniciativa da Intervención Xeral da Seguridade Social, aprobará as normas para o exercicio por esta última do control nas entidades que integran o sistema da Seguridade Social.

2. As normas que regulen o control nas entidades que integran o sistema da Seguridade Social basearanse no disposto neste título, que será de aplicación no non previsto polas ditas normas, sen prexuízo da aplicación directa nos casos en que proceda. Para tal efecto, as referencias feitas neste título ós distintos órganos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos entenderanse feitas ós correspondentes órganos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

## CAPÍTULO II

### Da función interventora

**Artigo 148. Definición.**

A función interventora ten por obxecto controlar, antes de seren aprobados, os actos do sector público estatal que dean lugar ó recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagamentos que deles se deriven, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Non obstante, a fiscalización previa e a intervención dos dereitos e ingresos do Tesouro Público poderanse substituír regulamentariamente polas comprobacións efectuadas no exercicio do control financeiro permanente e a auditoría pública, agás nos actos correspondentes a devolucións de ingresos.

**Artigo 149. Ámbito de aplicación.**

1. A función interventora exerceraa a Intervención Xeral da Administración do Estado e os seus interventores delegados respecto dos actos realizados pola Administración xeral do Estado, os seus organismos autóno-

mos, e as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

2. O Consello de Ministros, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, poderá acordar de forma motivada a aplicación do control financeiro permanente, en substitución da función interventora, respecto de toda a actividade do organismo ou dalgunhas áreas de xestión, naqueles organismos autónomos en que a natureza das súas actividades o xustifique.

3. Cando nos procedementos de xestión que dean lugar ós referidos actos, documentos e expedientes participen diversas administracións públicas, a función interventora limitarase ás actuacións que se produzan no ámbito das administracións referidas no punto 1.

**Artigo 150. Modalidades de exercicio.**

1. A función interventora exerceráse nas súas modalidades de intervención formal e material. A intervención formal consistirá na verificación do cumprimento dos requisitos legais necesarios para a adopción do acordo, mediante o exame de tódolos documentos que, preceptivamente, deban estar incorporados ó expediente. Na intervención material comprobarase a real e efectiva aplicación dos fondos públicos.

2. O exercicio da función interventora comprenderá:

a) A fiscalización previa dos actos que recoñezan dereitos de contido económico, aproben gastos, adquieran compromisos de gasto, ou acorden movementos de fondos e valores.

b) A intervención do recoñecemento das obrigacións e da comprobación do investimento.

c) A intervención formal da ordenación do pagamento.

d) A intervención material do pagamento.

**Artigo 151. Non suxeición á fiscalización previa.**

Non estarán sometidos á fiscalización previa prevista no punto 2.a) do artigo anterior: a) os contratos menores; b) os gastos de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez fiscalizado o gasto correspondente ó período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións; c) os gastos menores de 5.000 euros o pagamento dos cales se realice mediante o procedemento especial de anticipo de caixa fixa, regulado no artigo 78 desta lei; d) os gastos correspondentes á realización de procesos electorais a que se refire a disposición adicional novena desta lei e e) as subvencións con asignación nominativa.

Tampouco estarán sometidos a fiscalización previa os gastos menores de 5.000 euros que se realicen con cargo a fondos librados para xustificar, cando os servizos ou prestacións a que se refiran tivesen ou vaian ter lugar en territorio estranxeiro.

**Artigo 152. Fiscalización e intervención previa de requisitos básicos.**

1. O Goberno, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado, poderá acordar que a fiscalización e a intervención previas a que se refire o artigo 150 se limiten a comproba-los extremos seguintes:

a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado e suficiente á natureza do gasto ou obrigación que se propoña contraer.

Nos casos en que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 47 desta lei.

b) Que os gastos ou obrigacións se propoñen a órgano competente.

c) A competencia do órgano de contratación, do concedente da subvención, do que celebra o convenio de colaboración ou do que resolve o expediente de responsabilidade patrimonial e, en xeral, do que dicte o acto administrativo, cando o dito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación dos gastos de que se trate.

d) Que os expedientes de recoñecemento de obrigacións corresponden a gastos aprobados e fiscalizados favorablemente.

e) A existencia de autorización do Consello de Ministros nos supostos que conforme o punto 2 do artigo 12 da Lei de contratos das administracións públicas o requiran.

f) A existencia de autorización do titular do departamento ministerial nos supostos que, conforme o punto 1 do artigo 12 da Lei de contratos das administracións públicas, o requiran.

g) Aqueloutros extremos que, pola súa transcendencia no proceso de xestión, determine o Consello de Ministros por proposta do ministro de Facenda, logo do informe da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Na determinación destes extremos atenderase especialmente a aqueles requisitos previstos na normativa reguladora para asegurar a obxectividade e transparencia nas actuacións públicas.

2. Non obstante, será aplicable o réxime xeral de fiscalización previa respecto de gastos de contía indeterminada e aqueloutros que deban ser aprobados polo Consello de Ministros.

#### Artigo 153. *Fiscalización previa e intervención de pagamentos para xustificar e anticipos de caixa fixa.*

Regulamentariamente determinaranse os requisitos que hai que verificar na fiscalización previa das ordes de pagamentos para xustificar e na constitución ou modificación dos anticipos de caixa fixa e das súas reposicións de fondos, así como o procedemento que hai que seguir na intervención das súas contas xustificativas.

#### Artigo 154. *Reparos.*

1. Se a intervención, ó realiza-la fiscalización ou intervención, se manifesta en desacordo co contido dos actos examinados ou co procedemento seguido para a súa adopción, deberá formula-los seus reparos por escrito, con cita dos preceptos legais nos que sustente o seu criterio. A formulación do reparo suspenderá a tramitación do expediente ata que sexa resolto, ben pola emenda das deficiencias observadas ou ben, no caso de non aceptación do reparo, pola resolución do procedemento previsto no artigo seguinte.

2. Cando se aplique o réxime xeral de fiscalización e intervención previa, procederá a formulación do reparo nos casos seguintes:

a) Cando se basee na insuficiencia de crédito ou o proposto non se considere axeitado.

b) Cando o gasto se propoña a un órgano que careza de competencia para a súa aprobación.

c) Cando se aprecien graves irregularidades na documentación xustificativa do recoñecemento da obrigación ou non se acredite suficientemente o dereito do seu perceptor.

d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

e) Cando se omitisen requisitos ou trámites que puidesen dar lugar á nulidade do acto, ou cando a continuación da xestión administrativa puiden causar quebrantos económicos ó Tesouro Público ou a un terceiro.

No suposto de os defectos observados no expediente derivaren do incumprimento de requisitos ou trámites non esenciais, a intervención poderá emitir informe favorable, pero a eficacia do acto quedará condicionada á emenda dos ditos defectos con anterioridade á aprobación do expediente. O órgano xestor remitirá á intervención a documentación xustificativa de que se emendaron os ditos defectos.

De non solucionar-lo órgano xestor os condicionamentos indicados para a continuidade do expediente, considerárase formulado o correspondente reparo.

3. No suposto de a función interventora se desenvolver no réxime especial de fiscalización e intervención previa de requisitos básicos, só procederá a formulación de reparo cando non se cumpra algún dos extremos de necesaria comprobación establecidos no punto 1 do artigo 152.

Os interventores poderán formula-las observacións complementarias que consideren convenientes, sen que elas teñan, en ningún caso, efectos suspensivos na tramitación dos expedientes correspondentes. Neste réxime especial non resultará de aplicación a posibilidade contida no parágrafo segundo do punto 2 deste artigo.

#### Artigo 155. *Discrepancias.*

Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado, formularalle á Intervención Xeral da Administración do Estado por conducto da subsecretaría do departamento, en caso de ministerios e a través dos presidentes ou directores dos organismos ou entidades nos demais casos, discrepancia motivada por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Formulada a discrepancia procederase do seguinte xeito:

a) Nos casos en que fose formulado o reparo por unha intervención delegada corresponderalle á Intervención Xeral da Administración do Estado coñecer-la discrepancia, sendo a súa resolución obrigatoria para aquela.

Non obstante o anterior, cando o reparo fose formulado por unha intervención delegada en centros, dependencias e organismos do Ministerio de Defensa, ou nas entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, corresponderá coñecer da discrepancia á Intervención Xeral da Defensa e á Intervención Xeral da Seguridade Social, respectivamente, facendo constalo seu criterio que será vinculante para aquela.

Cando o reparo fose formulado pola Intervención Xeral da Defensa ou pola Intervención Xeral da Seguridade Social ou estas confirmasen o dunha intervención delegada, subsistindo a discrepancia, corresponderalle á Intervención Xeral da Administración do Estado resolverla, sendo a súa resolución obrigatoria para aquelas.

b) Cando o reparo fose formulado pola Intervención Xeral da Administración do Estado ou este centro directivo confirmase o doutra intervención xeral ou delegada, subsistindo a discrepancia, corresponderalle ó Consello de Ministros adoptar resolución definitiva.

#### Artigo 156. *Omisión de fiscalización.*

1. Nos supostos en que, conforme o establecido nas disposicións aplicables, a función interventora fose preceptiva e se omitise, non se poderá recoñecer-la obrigación, nin tramita-lo pagamento, nin intervir favorablemente estas actuacións ata se emenda-la dita omisión nos termos previstos neste artigo.

2. Nos ditos supostos, será preceptiva a emisión dun informe por parte do órgano da Intervención Xeral da Administración do Estado que teña coñecemento da dita omisión, que se remitirá á autoridade que iniciase as actuacións.

Este informe, que non terá natureza de fiscalización, porá de manifesto, como mínimo os seguintes extremos:

- a) As infraccións do ordenamento xurídico que se puxesen de manifesto de ter sometido o expediente a fiscalización ou intervención previa no momento oportuno.
- b) As prestacións que se realizasen como consecuencia do dito acto.
- c) A procedencia da revisión dos actos dictados con infracción do ordenamento.
- d) A existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigacións pendentes.

Os interventores delegados darán conta do seu informe á Intervención Xeral da Administración do Estado no momento da súa emisión.

3. Corresponderalle ó titular do departamento ó que pertenza o órgano responsable da tramitación do expediente ou ó que estea adscrito o organismo autónomo, sen que a dita competencia poida ser obxecto de delegación, acordar, se é o caso, o sometemento do asunto ó Consello de Ministros para que adopte a resolución procedente.

4. O acordo favorable do Consello de Ministros non eximirá da esixencia das responsabilidades a que, se é o caso, houbese lugar.

### CAPÍTULO III

#### Do control financeiro permanente

##### Artigo 157. *Definición.*

O control financeiro permanente exercerase nos órganos e entidades establecidos no artigo seguinte e terá por obxecto a verificación dunha forma continua realizada a través da correspondente intervención delegada, da situación e do funcionamento das entidades do sector público estatal no aspecto económico-financeiro, para comproba-lo cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta ós principios de boa xestión financeira e en particular ó cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e de equilibrio financeiro.

##### Artigo 158. *Ámbito de aplicación.*

1. O control financeiro permanente exercerase sobre:

- a) A Administración xeral do Estado.
- b) Os organismos autónomos dependentes da Administración xeral do Estado.
- c) As entidades xestoras e servicios comúns da Seguridade Social.
- d) As entidades estatais de dereito público previstas na alínea g) do punto 1 do artigo 2 desta lei.
- e) As entidades públicas empresariais previstas no artigo 2.1.c).
- f) As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, cando se atopen inmersas nalgún dos supostos previstos no artigo 74.1 da Lei xeral da Seguridade Social.

2. O Consello de Ministros poderá acordar, por proposta do Ministerio de Facenda e por iniciativa da Intervención Xeral da Administración do Estado, que en determinadas entidades públicas empresariais e entidades estatais de dereito público da alínea g) do punto 1 do artigo 2 desta lei, o control financeiro permanente se substitúa polas actuacións de auditoría pública que se establezan no Plan Anual de Auditorías.

##### Artigo 159. *Contido do control financeiro permanente.*

1. O control financeiro permanente incluírá as seguintes actuacións:

- a) Verificación do cumprimento da normativa e procedementos aplicables ós aspectos da xestión económica a que non se estende a función interventora.
- b) Seguimento da execución orzamentaria e verificación do cumprimento dos obxectivos asignados ós programas dos centros xestores do gasto e verificación do balance de resultados e informe de xestión.
- c) Informe sobre a proposta de distribución de resultados a que se refire o artigo 129 desta lei.
- d) Comprobación da planificación, xestión e situación da tesourería.
- e) As actuacións previstas nos restantes títulos desta lei e nas demais normas orzamentarias e reguladoras da xestión económica do sector público estatal, atribuídas ás intervencións delegadas.
- f) Análise das operacións e procedementos, co obxecto de proporcionar unha valoración da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación ós principios de boa xestión, co fin de detecta-las súas posibles deficiencias e propo-las recomendacións para a corrección daquelas.

2. As actuacións antes referidas documentaranse en informes.

Anualmente elaborárase un informe comprensivo dos resultados das actuacións de control financeiro permanente realizadas durante o exercicio.

3. As actuacións de control financeiro permanente para efectuar en cada exercicio e o alcance específico fixado para elas determinaranse no plan anual de control financeiro permanente elaborado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, que poderá ser modificado cando se produzan circunstancias que o xustifiquen.

##### Artigo 160. *Informes de control financeiro permanente.*

1. Os informes referidos na alínea e) do punto 1 do artigo anterior axustaranse no seu procedemento de elaboración, contido e destinatarios ó establecido nas súas normas reguladoras.

2. Os restantes informes establecidos no artigo anterior desenvolveranse de acordo coas normas que a Intervención Xeral da Administración do Estado aprobe, as cales establecerán a súa periodicidade, contido, destinatarios e o procedemento para a súa elaboración.

##### Artigo 161. *Informes de actuación e seguimento de medidas correctoras.*

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá formular informes de actuación derivados das recomendacións e das propostas de actuación para os órganos xestores contidas nos informes anuais de control financeiro permanente a que se refire o punto 2 do artigo 159, cando se dean algunhas das circunstancias seguintes:

- a) Cando se apreciasen deficiencias e os titulares da xestión controlada non indiquen as medidas necesarias e o prazo previsto para a súa solución.
- b) Cando manifesten discrepancias coas conclusións e recomendacións e non sexan aceptadas polo órgano de control.
- c) Cando tendo manifestado a súa conformidade, non adopten as medidas para solucionar as deficiencias postas de manifesto.

2. Os informes de actuación dirixiranse ó titular do departamento de que dependa ou a que estea adscrito

o órgano ou entidade controlada e, en caso de desconformidade do titular do departamento, elevaranse ó Consello de Ministros a través do ministro de Facenda. As decisións que neste sentido adopte o Consello de Ministros serán vinculantes tanto para os órganos de xestión como de control.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará un seguimento continuado sobre as medidas correctoras que se decidisen como consecuencia das deficiencias detectadas nos informes.

## CAPÍTULO IV

### Da auditoría pública

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> NORMAS XERAIS

#### Artigo 162. *Definición.*

A auditoría pública consistirá na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financieira do sector público estatal, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dicte a Intervención Xeral da Administración do Estado.

#### Artigo 163. *Ámbito.*

A auditoría pública exercerase, en función do previsto no plan anual de auditorías a que se refire o artigo 165 desta lei, sobre tódolos órganos e entidades integrantes do sector público estatal e sobre os fondos a que se refire o punto 2 do artigo 2 desta lei, sen prexuízo das actuacións correspondentes ó exercicio da función interventora e do control financeiro permanente, e das actuacións sometidas ó exercicio da auditoría privada da Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, impostas ás sociedades mercantís estatais pola lexislación mercantil.

#### Artigo 164. *Formas de exercicio.*

1. A auditoría pública adoptará as seguintes modalidades:

a) A auditoría de regularidade contable, consistente na revisión e verificación da información e documentación contable co obxecto de comprobala súa adecuación á normativa contable e se é o caso orzamentaria que lle sexa de aplicación.

b) A auditoría de cumprimento, o obxecto da cal consiste na verificación de que os actos, operacións e procedementos de xestión económico-financieira se desenvolveron de conformidade coas normas que lles son de aplicación.

c) A auditoría operativa, que constitúe o exame sistemático e obxectivo das operacións e procedementos dunha organización, programa, actividade ou función pública, co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financieira e a súa adecuación ós principios da boa xestión, co fin de detectalas súas posibles deficiencias e propo-las recomendacións oportunas para a corrección daquelas.

2. A Intervención Xeral poderá determina-la realización de auditorías en que se combinen obxectivos de auditoría de regularidade contable, de cumprimento e operativa.

#### Artigo 165. *Plan anual de auditorías.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado elaborará anualmente un plan de auditorías no cal se incluí-

rán as actuacións que se van realizar durante o correspondente exercicio, tanto as que corresponda desenvolver directamente ó dito centro, como aquelas en que a execución deba levarse a cabo a través da Intervención Xeral da Defensa e da Intervención Xeral da Seguridade Social. Así mesmo, o plan anual de auditorías incluírá as actuacións correspondentes a axudas e subvencións públicas.

A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá modifica-las auditorías previstas inicialmente no plan anual cando existan circunstancias que o xustifiquen.

#### Artigo 166. *Informes de auditoría.*

1. Os resultados de cada actuación de auditoría pública reflectiranse en informes escritos e desenvolve-ranse de acordo coas normas que a Intervención Xeral da Administración do Estado aprobe, as cales establecerán o contido, destinatarios, e o procedemento para a elaboración dos ditos informes.

2. En todo caso, os informes remitiranse ó titular do organismo ou entidade controlada, ó ministro de Facenda e ó do departamento de que dependa ou a que estea adscrito o órgano ou entidade controlados. Os presidentes dos organismos públicos, sociedades mercantís estatais, fundacións do sector público estatal e resto de entes públicos estatais, que contén con consello de administración ou outro órgano de dirección colexiado similar ou con comité de auditoría, deberanlles remitir a aqueles os informes de auditoría relativos á entidade.

Non obstante, cando os informes se refiran ás mutuas de accidentes do traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, os informes remitiránse ó titular dela e ó órgano de dirección e tutela.

3. O establecido no artigo 161 para os informes de actuación derivados do control financeiro permanente será así mesmo aplicable ós informes de auditoría pública.

4. Sen prexuízo do establecido no punto anterior respecto da determinación dos destinatarios dos informes, os de auditoría de contas anuais renderanse en todo caso ó Tribunal de Contas xunto coas contas anuais, de acordo co establecido no artigo 139 desta lei.

5. Anualmente a Intervención Xeral da Administración do Estado remitiralle ó Consello de Ministros, de acordo co procedemento regulamentariamente establecido, un informe resumo das auditorías de contas anuais realizadas, no cal se reflectirán as excepcións contidas nos ditos informes.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> AUDITORÍA DAS CONTAS ANUAIS

#### Artigo 167. *Definición.*

1. A auditoría das contas anuais é a modalidade da auditoría de regularidade contable que ten por finalidade a verificación relativa a se as contas anuais representan en tódolos aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financieira, dos resultados da entidade e, se é o caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada.

2. As auditorías realizadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, das contas anuais das entidades do sector público estatal sometidas ó Plan Xeral de Contabilidade da empresa española e as súas adaptacións, comprenderán, ademais da finalidade prevista no punto 1, a revisión de que a información contable incluída no informe relativo ó cumprimento das obrigacións de carácter económico-financieiro que asumen as



ditas entidades como consecuencia da súa pertenza ó sector público, prevista no punto 3 do artigo 129 desta lei, concorda coa contida nas contas anuais.

3. A auditoría das contas anuais das fundacións do sector público estatal, ademais da finalidade prevista nos puntos 1 e 2, verificará o cumprimento dos fins fundacionais e dos principios ós que deberá axustar a súa actividade en materia de selección de persoal, contratación e disposición en diñeiro de fondos a favor dos beneficiarios cando estes recursos proveñan do sector público estatal. Así mesmo, estenderase á verificación da execución dos orzamentos de explotación e capital.

4. A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá estender-lo obxecto da auditoría de contas anuais a outros aspectos da xestión dos entes públicos en especial cando non estean sometidos a función interventora ou control financeiro permanente.

#### Artigo 168. *Ámbito da auditoría de contas anuais.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará anualmente a auditoría das contas anuais:

a) Dos organismos autónomos, as entidades públicas empresariais, as entidades estatais de dereito público a que se refire o artigo 2.1.g) desta lei, os consorcios previstos no seu artigo 2.1.h), as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e os fondos considerados no artigo 2.2 que rendan contas independentes.

b) Das fundacións do sector público estatal obrigadas a se auditaren pola súa normativa específica.

c) Das sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal non sometidas á obriga de se auditaren que se inclúen no plan anual de auditorías.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> AUDITORÍAS PÚBLICAS ESPECÍFICAS

#### Artigo 169. *Auditoría de cumprimento.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará a auditoría de cumprimento daqueles órganos e entidades do sector público estatal que se inclúan no plan anual de auditorías, e comprenderá a verificación selectiva da adecuación á legalidade da xestión orzamentaria, de contratación, persoal, ingresos e xestión de subvencións, así como de calquera outro aspecto da actividade económico-financeira das entidades auditadas.

#### Artigo 170. *Auditoría operativa.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará a auditoría operativa daqueles órganos e entidades do sector público estatal que se inclúan no plan anual de auditorías e co alcance que se estableza no dito plan, a través das seguintes modalidades:

1. Auditoría de programas orzamentarios, consistente na análise da adecuación dos obxectivos e dos sistemas de seguimento e autoavaliación desenvolvidos polos órganos xestores, a verificación da fiabilidade dos balances de resultados e informes de xestión, así como a avaliación do resultado obtido, as alternativas consideradas e os efectos producidos con relación ós recursos empregados na xestión dos programas e plans de actuación orzamentarios.

2. Auditoría de sistemas e procedementos, consistente no estudio exhaustivo dun procedemento administrativo de xestión financeira coa finalidade de detectar as súas posibles deficiencias ou, se é o caso, a súa obsolescencia e propo-las medidas correctoras pertinen-

tes ou a substitución do procedemento de acordo cos principios xerais de boa xestión.

3. Auditoría de economía, eficacia e eficiencia, consistente na valoración independente e obxectiva do nivel de eficacia, eficiencia e economía acadado na utilización dos recursos públicos.

#### Artigo 171. *Auditoría de contratos-programas e de seguimento de plans de equilibrio financeiro.*

1. Nos supostos en que, en virtude de contratos-programa ou outros convenios entre o Estado e as entidades a que se refire o artigo 68 desta lei, as achegas que deberá realiza-lo Estado estean condicionadas no seu importe ó cumprimento de determinados obxectivos, ó importe ou evolución de determinadas magnitudes financeiras, ou ó cumprimento de determinadas hipóteses macroeconómicas, a Intervención Xeral da Administración do Estado efectuará unha auditoría que terá como finalidade verifica-la adecuación da proposta de liquidación formulada polo órgano previsto no convenio ó cumprimento das referidas condicións.

2. O plan anual de auditorías terá en conta especialmente o control financeiro das entidades do sector público estatal previstas no punto 2 do artigo 2 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria sometidas ó plan de saneamento previsto no artigo 18 da referida lei.

#### Artigo 172. *Auditoría dos plans iniciais de actuación.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado efectuará a revisión do cumprimento das previsións contidas nos plans iniciais de actuación, regulados nos artigos 61 e 62 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, co obxectivo de informar sobre a adecuación á realidade dos seus obxectivos e sobre a continuidade das circunstancias que deron orixe á creación do organismo público. Así mesmo, revisará co referido obxectivo, as memorias establecidas para as fundacións do sector público estatal a que se refiren os puntos 2 e 3 do artigo 45 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, e a prevista para as sociedades mercantís estatais na disposición adicional décimo segunda desta lei.

#### Artigo 173. *Auditoría da conta dos tributos estatais.*

A auditoría da conta dos tributos estatais e recursos doutras administracións e entes públicos xestionados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria realizarase anualmente, de acordo co procedemento que a Intervención Xeral da Administración do Estado establece para o efecto.

#### Artigo 174. *Auditoría das empresas colaboradoras da Seguridade Social.*

A auditoría pública das empresas colaboradoras exercerase a través da Intervención Xeral da Seguridade Social respecto da xestión da acción protectora a que se refire o artigo 77 da Lei xeral da Seguridade Social.

#### Artigo 175. *Auditoría de privatizacións.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará a auditoría de cada operación de alleamento de valores representativos do capital de sociedades mercantís estatais que comporte para o sector público estatal

a perda do control político daquelas. A dita auditoría efectuarase sobre a conta do resultado económico e contable, así como a memoria explicativa dos aspectos da operación, que se deberán emitir en cada operación de alleamento antes referida.

## TÍTULO VII

### Das responsabilidades

#### Artigo 176. *Principio xeral.*

As autoridades e demais persoal ó servizo das entidades previstas no artigo 2 desta lei que por dolo ou culpa graves adopten resolucións ou realicen actos con infracción das disposicións desta lei, estarán obrigados a lle indemnizar á Facenda pública estatal ou, se é o caso, á respectiva entidade os danos e perdas que sexan consecuencia daqueles, con independencia da responsabilidade penal ou disciplinaria que lles poida corresponder.

#### Artigo 177. *Feitos que poden xerar responsabilidade patrimonial.*

1. Constitúen infraccións para os efectos do artigo anterior:

a) Incurrir en alcance ou malversación na administración dos fondos públicos.

b) Administra-los recursos e demais dereitos da Facenda pública estatal sen se suxeitar ás disposicións que regulan a súa liquidación, recadación ou ingreso no Tesouro.

c) Comprometer gastos, liquidar obrigacións e ordenar pagamentos sen crédito abondo para os realizar ou con infracción do disposto nesta lei ou na de orzamentos que sexa aplicable.

d) Dar lugar a pagamentos reintegrables, de conformidade co establecido no artigo 77 desta lei.

e) Non xustifica-lo investimento dos fondos a que se refiren os artigos 78 e 79 desta lei e a Lei xeral de subvencións.

f) Calquera outro acto ou resolución con infracción desta lei, cando concorran os supostos establecidos no artigo 176 desta lei.

2. As infraccións tipificadas no número anterior darán lugar, se é o caso, á obriga de indemnizar establecida no artigo anterior.

#### Artigo 178. *Tipos de responsabilidade.*

1. Cando o acto ou a resolución se dictase median-do dolo, a responsabilidade alcanzará a tódolos danos e perdas que coñecidamente deriven da resolución adoptada con infracción desta lei.

2. No caso de culpa grave, as autoridades e demais persoal dos entes do sector público estatal só responderán dos danos e perdas que sexan consecuencia necesaria do acto ou resolución ilegal.

Para estes efectos, a Administración terá que proceder previamente contra os particulares para o reintegro das cantidades indebidamente percibidas.

3. A responsabilidade dos que participasen na resolución ou no acto será mancomunada, excepto nos casos de dolo, que será solidaria.

#### Artigo 179. *Responsabilidade dos interventores e ordenadores dos pagamentos.*

Nas condicións fixadas nos artigos anteriores, están suxeitos á obriga de indemnizar a Facenda pública estatal ou, se é o caso, a respectiva entidade, ademais dos que adopten a resolución ou realicen o acto determinante daquela, os interventores no exercicio da función interventora, respecto dos extremos a que se estende, e os ordenadores de pagamento que non salvasen a súa actuación no respectivo expediente, mediante observación escrita acerca da improcedencia ou ilegalidade do acto ou resolución.

#### Artigo 180. *Órgano competente e procedemento.*

1. No suposto da alínea a) do punto 1 do artigo 177 desta lei, a responsabilidade será esixida polo Tribunal de Contas mediante o oportuno procedemento de reintegro por alcance de conformidade co establecido na súa lexislación específica.

2. Nos supostos que describen as alíneas b) a f) do punto 1 do artigo 177 desta lei, e sen prexuízo de dar coñecemento dos feitos ó Tribunal de Contas para os efectos previstos no artigo 41, punto 1, da Lei orgánica 2/1982, a responsabilidade será esixida en expediente administrativo instruído ó interesado.

O acordo de incoación, o nomeamento de instructor e a resolución do expediente corresponderán ó Goberno cando se trate de persoas que, de conformidade co ordenamento vixente, teñan a condición de autoridade, e nos demais casos ó ministro de Facenda.

As competencias atribuídas ó ministro de Facenda corresponderán ó de Traballo e Asuntos Sociais, nas responsabilidades relativas ás entidades que integran o sistema da Seguridade Social.

A resolución que, logo de informe do servizo xurídico do Estado, ou, se é o caso, da Seguridade Social, poña fin ó expediente tramitado con audiencia dos interesados, pronunciarase sobre os danos e perdas causados ós bens e dereitos da Facenda pública estatal ou, se é o caso, da entidade, e imporalles ós responsables a obrigación de indemnizar na contía e no prazo que se determine.

Contra a dita resolución poderase recorrer perante a Sala de Xustiza do Tribunal de Contas no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación.

#### Artigo 181. *Réxime xurídico do importe dos prexuízos irrogados.*

1. Os prexuízos declarados nos expedientes de responsabilidade terán a consideración de dereitos da Facenda pública estatal ou do ente respectivo.

Os ditos dereitos gozarán do réxime a que se refire o artigo 10, punto 1, desta lei e procederase ó seu cobramento, se é o caso, pola vía de constrinximento.

2. A Facenda pública estatal ou, se é o caso, a entidade correspondente teñen dereito ó xuro previsto no artigo 17 desta lei, sobre o importe dos alcances, malversacións, danos e perdas ós seus bens e dereitos, desde o día que se irroguen os prexuízos. Cando por insolvencia do debedor directo se derive a acción ós responsables subsidiarios, o xuro calcularase contando desde o día en que se lles requira o pagamento.

#### Artigo 182. *Dilixencias previas.*

Así que se teña noticia de que se produciu un feito constitutivo das infraccións a que se refire o artigo 177.1

ou transcorresen os prazos sinalados nos correspondentes artigos desta lei sen seren xustificadas as ordes de pagamento ou os fondos a que este se refire, os xefes dos presuntos responsables e os ordenadores de pagamentos, respectivamente, instruirán as dilixencias previas e adoptarán, con igual carácter, as medidas necesarias para asegura-los dereitos da Facenda pública estatal ou os da respectiva entidade, e darán inmediato coñecemento ó Tribunal de Contas ou ó ministro de Facenda, en cada caso, para que procedan segundo as súas competencias e conforme os procedementos establecidos.

Disposición adicional primeira. *Colaboración entre a Intervención Xeral da Administración do Estado e as comunidades autónomas e entidades locais.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado promoverá a celebración de convenios e outros mecanismos de coordinación e colaboración cos equivalentes órganos autonómicos de control e cos das entidades que integran a Administración local no exercicio das funcións contables e de control.

Disposición adicional segunda. *Colaboración na realización do plan anual de auditorías.*

Para a execución do plan anual de auditorías referido no artigo 165 desta lei, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, solicita-la colaboración de empresas privadas de auditoría, que se deberán axustar ás normas e instrucións que determine aquela, contratando o Ministerio de Facenda con estas a realización dos traballos de auditoría de contas que en cada caso se sinala.

Toda contratación de empresas privadas de auditoría, no ámbito sinalado anteriormente, deberá ir precedida da publicación, con carácter anual, dunha orde por parte do Ministerio de Facenda, na cal se especificará a insuficiencia dos servizos da Intervención Xeral da Administración do Estado que xustifique a dita contratación.

Os auditores serán contratados por un prazo máximo de dous anos, prorrogable por outros dous, sen se poderen supera-los oito anos de realización de traballos sobre unha mesma entidade a través de contratacións sucesivas, incluídas as súas correspondentes prórrogas, nin podendo para os ditos efectos ser contratados para a realización de traballos sobre unha mesma entidade ata transcorridos dous anos desde a finalización do período de oito anos antes referido.

As sociedades de auditoría ou auditores de contas individuais concorrentes en relación con cada traballo que se vaia adxudicar non poderán ser contratados cando, no ano anterior a aquel en que van desenvolver-lo seu traballo ou nese mesmo ano, realízen ou realicen outros traballos para a entidade, sobre áreas ou materias respecto das cales se deba pronuncia-lo auditor no seu informe.

Disposición adicional terceira. *Acceso á información correspondente ás auditorías realizadas por auditores privados.*

No exercicio das súas funcións de control, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá acceder ós papeis de traballo que servisen de base ós informes de auditoría do sector público estatal realizados por auditores privados, a que se refire o artigo 163 desta lei.

Disposición adicional cuarta. *Interventores delegados.*

Os interventores delegados serán designados entre funcionarios dos corpos seguintes:

a) Na esfera civil do Estado, os seus organismos públicos e entidades estatais de dereito público, entre os do corpo superior de interventores e auditores do Estado.

b) Na militar, entre os do corpo militar de Intervención da Defensa.

c) Nas entidades que integran o sistema da Seguridade Social, entre os do corpo superior de Intervención e Contabilidade de Administración da Seguridade Social.

Disposición adicional quinta. *Xestión de gastos e pagamentos no exterior.*

1. Os servizos do exterior, co fin de limitaren ó mínimo indispensable o movemento de divisas e os pagamentos transnacionais, deberán destina-los fondos de que dispoñan ó pagamento de obrigacións que, dentro das consignacións orzamentarias que se lles asignen, deban satisfacer.

O disposto no parágrafo anterior efectuarase respectando o principio de orzamento bruto nos termos establecidos polo artigo 14 desta lei; para tal efecto, os indicados servizos deberán render periodicamente contas da súa xestión, que incluírán expresión dos fondos recibidos dos orzamentos xerais do Estado, dos ingresos obtidos, gastos realizados con cargo a ambos e do saldo que, se é o caso, resulte. Con base nas citadas contas as oficinas de contabilidade correspondentes realizarán as aplicacións orzamentarias que en cada caso procedan.

2. Para o correcto funcionamento das representacións acreditadas ante terceiros países e organismos internacionais, dos consulados, oficinas españolas de comercio no exterior e dos demais servizos no estranxeiro, así como dos organismos autónomos que dispoñan de unidades no exterior, co obxecto de que poidan afrontar obrigacións de pagamento nos primeiros meses de cada ano, poderanse conceder anticipos de fondos á conta dos orzamentos xerais do Estado para o exercicio seguinte coa obriga de quedaren cancelados no dito orzamento.

3. Para as adquisicións de material militar e servizos complementarios do Ministerio de Defensa no exterior, concédese un anticipo de caixa fixa, do cal a contía global non poderá exceder do 2,5 por cento do total dos créditos de investimentos reais do orzamento de gastos do dito ministerio.

Por proposta conxunta dos ministerios de Facenda e de Defensa, dictaranse as normas regulamentarias polas que se regulará a utilización e xustificación dos fondos distribuídos mediante o sistema que se establece.

Disposición adicional sexta. *Xestión dos gastos para procesos electorais.*

1. A xestión dos gastos de funcionamento que deberá asumilo Estado como consecuencia da realización de procesos electorais, no ámbito da Lei orgánica do réxime electoral xeral, realizarase mediante un procedemento específico que, co fin de asegura-la súa axilidade e o control individualizado de cada proceso electoral por parte do Tribunal de Contas, se axustará ós seguintes principios:

a) A imputación dos ditos gastos realizarase a concepto orzamentario específico existente no Ministerio do Interior, que recollerá tanto os efectuados por este departamento como por outros ministerios ou organismos autónomos.

b) O Ministerio do Interior distribuirá mediante provisiones específicas as cantidades correspondentes ás distintas autoridades estatais, que se poderán pór ó seu dispor a través de libramentos con aplicación definitiva á indicada imputación orzamentaria.

c) Os órganos xestores deberán render contas da súa xestión que incluíra expresión dos gastos realizados con cargo ós fondos recibidos. A conta que deberá presentar cada órgano xestor será única para cada proceso electoral e será remitida ó Tribunal de Contas por conducto do Ministerio do Interior.

d) En substitución da función interventora, a xestión destes gastos quedará sometida ó control financeiro permanente realizado polo interventor delegado. Como resultado deste control, o dito interventor formulará un informe á conta xustificativa, que será remitido xunto a esta ó Tribunal de Contas.

2. Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste procedemento.

Disposición adicional sétima. *Gastos correntes dos centros docentes públicos non universitarios.*

A xestión dos créditos de gastos de funcionamento dos centros docentes públicos non universitarios efectuarase coas especialidades incorporadas na Lei 12/1987, do 2 de xullo, pola Lei 37/1988, de orzamentos xerais do Estado para 1989.

Disposición adicional oitava. *Pagamentos para xustificar en favor das confederacións hidrográficas.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Augas, poderá propo-lo libramento de fondos para xustificar a favor das confederacións hidrográficas, para realiza-las obras declaradas de emerxencia e por administración, así como para atende-los pagamentos derivados das expropiacións necesarias para efectuar tanto as ditas obras, como en xeral, as que lles foran encomendadas polo citado departamento ministerial en aplicación das alíneas d) e g) do artigo 24 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

2. Nos supostos previstos no punto anterior, corresponderalles ós presidentes das respectivas confederacións hidrográficas a facultade de ordenar ós caixeiros destas a realización dos correspondentes pagamentos materiais con cargo ós fondos librados para xustificar.

3. As contas xustificativas derivadas destes libramentos deberán ser aprobadas pola autoridade que dispuxo a expedición dos correspondentes libramentos de fondos para xustificar. As ditas contas xustificativas dos fondos librados quedarán sometidas ó mesmo réxime de control que o correspondente ó das confederacións hidrográficas.

Disposición adicional novena. *Sociedades mercantís e outros entes controlados polo sector público.*

O Estado promoverá a celebración de convenios coas comunidades autónomas ou coas entidades locais, co obxecto de coordina-lo réxime orzamentario, financeiro, contable e de control das sociedades mercantís en que participen, de forma minoritaria, as entidades que integran o sector público estatal, a Administración das comunidades autónomas ou as entidades locais, ou os entes a elas vinculados ou dependentes, cando a súa participación considerada conxuntamente fose maioritaria ou implicase o seu control político.

O anterior será de aplicación ós consorcios que, non cumprindo os requisitos establecidos na alínea h) do punto 1 do artigo 2 desta lei respecto de ningunha das administracións que nos ditos entes participen, sexan financiados maioritariamente con recursos procedentes do Estado, as comunidades autónomas ou corporacións locais, as administracións anteriores achegasen maioritariamente a elas cartos, bens ou industria, ou se comprometesen, no momento da súa constitución, a financiar maioritariamente o dito ente e sempre que os seus actos estean suxeitos directa ou indirectamente ó poder de decisión conxunto das ditas administracións.

Disposición adicional décima. *Memoria para a constitución de sociedades mercantís.*

No expediente de autorización da constitución das sociedades mercantís estatais ou da adquisición do carácter de sociedade mercantil estatal dunha sociedade preexistente, deberase presentar unha memoria relativa ó cumprimento das condicións previstas no artigo 3 desta lei para poder ser considerados entes integrantes do sector público empresarial, que conterà informe emitido polo Ministerio de Facenda.

Disposición adicional undécima. *Sistemas provisionais de control financeiro.*

Cando circunstancias excepcionais o aconsellen, o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Facenda ante iniciativa da Intervención Xeral da Administración do Estado e logo de solicitude a esta realizada pola Intervención Xeral da Defensa ou da Seguridade Social, no caso de entidades sometidas ó seu ámbito de actuación, poderá acordar para determinadas entidades integrantes do sector público estatal, a substitución por un período determinado do sistema de control a que quedan sometidas por outra ou outras das modalidades previstas no título VI desta lei.

O referido acordo será individualizado para cada entidade e non poderá ter unha vixencia superior ó ano, sen prexuízo de acordos posteriores que manteñan a dita situación.

Disposición adicional duodécima. *Funcións de control.*

O establecido no título VI aplicarase sen prexuízo do control que os departamentos ministeriais, organismos públicos e demais entidades do sector público desenvolven, no ámbito da súa competencia, de acordo co disposto nos artigos 15.1.c), 51, e 59 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e as demais normas que regulan as ditas actuacións.

Disposición adicional décimo terceira. *Réxime das entidades previstas nas alíneas g) e h) do punto 1 do artigo 2, preexistentes á entrada en vigor desta lei.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 3 desta lei, as entidades previstas nas alíneas g) e h) do punto 1 do artigo 2, preexistentes á entrada en vigor desta lei, conservarán o réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e control, establecido polas súas leis reguladoras con anterioridade á dita entrada en vigor.

Así mesmo, manterán o réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e control, establecido mediante norma regulamentaria ou por acordo do Consello de Ministros mentres non se modifique a dita norma ou acordo.

Cando o dito réxime se estableza por remisión ó disposto no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, apro-

bado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, a dita remisión entenderase feita ós preceptos da presente lei que sexan de aplicación contidos no capítulo V do título II, capítulos III e IV do título V e capítulo IV do título VI en canto que regulan o mesmo réxime orzamentario, de contabilidade e control.

**Disposición adicional décimo cuarta.** *Réxime dos fondos de axuda ó desenvolvemento (FAD), para investimentos no exterior (FIEX) e para operacións de investimento no exterior da pequena e mediana empresa (FONPEME).*

O réxime orzamentario, económico-financieiro, contable e de control dos fondos de axuda ó desenvolvemento (FAD), para investimentos no exterior (FIEX) e para operacións de investimento no exterior da pequena e mediana empresa (FONPEME) rexerá pola súa lexislación específica e supletoriamente por esta lei naqueles preceptos que lles sexan de aplicación.

En todo caso, a aplicación desta lei en canto á elaboración dos orzamentos de capital e explotación a que se refire o artigo 64 e a formulación dun programa de actuación plurianual previsto no artigo 65 someterase ós criterios de administración e aplicación de cada un dos fondos. En todo caso, os citados fondos manterán a súa contabilidade independente á do Estado e formarán as súas contas debidamente auditadas, no primeiro semestre do exercicio posterior, sendo sometidas á aprobación dos órganos específicos creados para a súa administración, xestión e control.

Os dividendos e outras remuneracións que resulten da aplicación de cada fondo poderán en todo caso ser destinados ás súas finalidades específicas, sen prexuízo de que para optimizala xestión poidan manter contas de depósito ou de investimento en entidades financeiras distintas ó Banco de España, logo de autorización da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, conforme o establecido no artigo 110 desta lei.

**Disposición adicional décimo quinta.** *Réxime aplicable ó Banco de España.*

O Banco de España rexerá na materia obxecto desta lei pola normativa vixente con anterioridade á súa entrada en vigor.

**Disposición adicional décimo sexta.** *Utilización de tecnoloxías da información e das comunicacións.*

En relación coas materias previstas nesta lei e nas demais normas que regulen os procedementos de elaboración, execución e control dos orzamentos xerais do Estado, o ministro de Facenda establecerá os supostos, condicións e requirimentos para a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para:

a) Axiliza-los procedementos e facilita-lo intercambio de datos, substituíndo os soportes documentais en papel ou en calquera outro medio físico por soportes propios das tecnoloxías da información e as comunicacións, tanto nos trámites internos da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos autónomos como nas relacións con terceiros, dentro do marco xeral establecido no artigo 45 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Substituí-los sistemas de autorización e control formalizados mediante dilixencias, sinaturas manuscritas, selos ou outros medios manuais por autorizacións e controis establecidos nos sistemas de información habilitados ou que se habiliten para o tratamento dos

aspectos regulados nesta lei, sempre que de tal xeito garanta o exercicio da competencia o órgano que a teña atribuída.

**Disposición adicional decimo sétima.** *Órganos do Estado sen personalidade xurídica.*

A aplicación dos preceptos desta lei levarase a cabo con respecto ós réximes orzamentarios especiais establecidos no momento de entrada en vigor da lei na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, no artigo 26 da Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, nos artigos 6 da Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas e 3 da Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas, así como nos artigos 107 e 127 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e no artigo 10 da Lei 21/1991, do 17 de xuño, de creación do Consello Económico e Social.

**Disposición transitoria primeira.** *Réxime dos organismos a que se refiren os artigos 60 e 61 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

1. No prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei, procederáse á adaptación da normativa reguladora dos organismos autónomos a que se refire o punto un do artigo 60 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, así como dos organismos públicos de investigación ós que refire o artigo 61.Un da citada Lei 50/1998, ás disposicións contidas nesta lei, atendendo ás peculiaridades derivadas da actividade exercida polos ditos organismos.

2. Entremetres non se proceda á adaptación prevista no punto 1 desta disposición, os citados organismos públicos axustaranse no seu réxime orzamentario ó previsto para os organismos autónomos nesta lei, sen prexuízo das especialidades que se deriven das operacións de carácter comercial, industrial, financieiro e análogo reguladas no capítulo II do título II do texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

No seu réxime económico-financieiro, de contabilidade, intervención e control financieiro, rexerá polo disposto nos artigos 60, punto cinco, e 61.Un, da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

**Disposición transitoria segunda.** *Modificacións orzamentarias.*

Para efectos do trámite das modificacións orzamentarias que, se é o caso, se deban realizar nos orzamentos aprobados para o exercicio 2004, serán de aplicación os niveis de vinculación de créditos que se establecen no artigo 59 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, tendo en conta o disposto no punto seguinte.

Ata o termo da súa vixencia, modifícase a alínea b) do punto 3 do artigo 59 sinalado no parágrafo anterior, que terá a seguinte redacción:

«b) En gastos correntes en bens e servizos, os destinados a "atencións protocolarias e representativas" e "gastos reservados".»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei

xeral orzamentaria, con efectos do 1 de xaneiro de 2005, coas excepcións que se indican a seguir:

O artigo 15, que queda derogado a partir do 1 de xaneiro de 2004.

Os artigos 147 e 148, que quedan derogados a partir do 1 de xaneiro de 2004, para efectos da elaboración dos orzamentos xerais do Estado para 2005.

Os artigos 149, 150.2 e 150.3, que quedan derogados a partir do 1 de xaneiro de 2004.

As seccións primeira e segunda, do capítulo I, do seu título II, que quedan derogadas a partir do 1 de xaneiro de 2004, salvo os artigos 49, 59, 62 e 63 que continuarán vixentes durante 2004, e sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda desta lei.

O capítulo II do seu título II, que continuará en vigor para os organismos autónomos a que se refiren os artigos 60 e 61 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, ata que se cumpran as previsións contidas na disposición transitoria primeira desta lei.

b) O artigo 21 e a disposición adicional primeira do Real decreto 2188/1995, do 28 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

c) O artigo 21 e a disposición adicional segunda do Real decreto 706/1997, do 16 de maio, polo que se desenvolve o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Seguridade Social.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ó establecido nesta lei.

**Disposición derradeira primeira. *Modificación do artigo 57 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.***

Dáselle nova redacción ó punto 2 do artigo 57 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, nos seguintes termos:

«2. O Tesouro poderalles efectuar anticipos ás comunidades autónomas á conta dos recursos que deban percibir a través dos orzamentos xerais do Estado correspondentes á cobertura financeira dos servizos transferidos, para que aquelas poidan facer fronte a desfases transitorios de tesourería, como consecuencia das diferencias de vencemento dos pagamentos e ingresos derivados da execución dos seus orzamentos.

Estes anticipos deberán quedar reembolsados antes de finaliza-lo exercicio económico en que se satisfagan, salvo se se concederon á conta da liquidación definitiva da participación nos ingresos do Estado; nese caso reembolsaranse simultaneamente á práctica da dita liquidación.»

O resto do artigo permanece coa súa actual redacción.

**Disposición derradeira segunda. *Modificación do artigo 45 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.***

Dáselle nova redacción ó punto 1 do artigo 45 da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, nos seguintes termos:

«1. A constitución, transformación, fusión e a extinción, e os actos ou negocios que impliquen

a perda do seu carácter de fundación do sector público estatal ou a adquisición do carácter de fundación do sector público estatal dunha fundación preexistente, requirirán autorización previa do Consello de Ministros.

Na constitución e na adquisición do carácter de fundación do sector público estatal dunha fundación preexistente asegurárase, en todo caso, a designación polas entidades do sector público estatal da maioría dos membros do padroado.»

O resto do artigo permanece coa súa actual redacción.

**Disposición derradeira terceira. *Control financeiro.***

As mencións feitas polas normas anteriores a esta lei ó control financeiro da Intervención Xeral da Administración do Estado entenderanse feitas ó control financeiro permanente e á auditoría pública definidas nos artigos 157 e 162 desta lei.

**Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento regulamentario.***

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

**Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.***

Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2005. Non obstante o anterior, entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2004 os puntos e artigos desta lei que a continuación se relacionan:

Do título I da lei:

Os artigos 2 e 3 do capítulo I, para efectos da elaboración dos orzamentos xerais do Estado para 2005.

Do título II da lei:

O capítulo I.

O capítulo II, para efectos da elaboración dos orzamentos xerais do Estado para 2005.

O capítulo III, con excepción do artigo 34, para efectos da elaboración dos orzamentos xerais do Estado para 2005.

A sección 1.<sup>a</sup> do capítulo IV «Disposicións xerais», agás o artigo 49 e polo que se refire ós artigos 43 e 44, para efectos da elaboración dos orzamentos xerais do Estado para 2005.

A sección 2.<sup>a</sup> do capítulo IV «Das modificacións dos créditos».

A sección 3.<sup>a</sup> do capítulo IV «Das competencias en materia de modificacións de crédito».

O capítulo V.

Do título III da lei:

O artigo 86.2.Sexta, do capítulo II.

Do título IV da lei:

O capítulo I.

O capítulo II.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ



# BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLIII

LUNS 1 DE DECEMBRO DE 2003

SUPLEMENTO NÚM. 15 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO SEGUNDO

## XEFATURA DO ESTADO

**21615** *LEI 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral. («BOE» 284, do 27-11-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Transcorrida unha década desde a aprobación da Lei de portos do Estado e da mariña mercante de 1992, producíronse diversos acontecementos e novas realidades económicas que xustifican a renovación legislativa que con esta lei se acomete.



MINISTERIO  
DE LA PRESIDENCIA